



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1  
36600 · Vilagarcía de Arousa  
T 986 56 68 98  
CIF: P/8660001-B  
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente libro de actas do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, consta de trescentas corenta e dous (342) páxinas numeradas correlativamente e, comprende actas dende o 18 de xaneiro de 2018 ao 30 de maio de 2019

Asinanse dixitalmente

A secretaria/delegada

O Sr. presidente

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 18 DE XANEIRO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Multiusos de Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezoito de xaneiro de dous mil dezoito, conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 05/11/15, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo. Reúnense en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidenta: Dna. Paola María Mochales

Vogaís: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias  
D. Julio Torrado Quintela  
D. Celestino Brianes Lojo  
D. Fernando Vicente Davila (incorpórase ás 20:50 horas)  
D. José Ramón Santorum Canto  
D. Ángel Francisco Vilas Fernández  
Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento  
Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias)  
D. Ricardo Núñez Cores (suplente de D. Xavier Ríos González)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusan a súa asistencia os Sres. vogais, , D. Gaspar Antonio González Somoza e, D. Jesús López Rodríguez.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria do Consello Reitor do día cinco de outubro de dous mil dezasete, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO QUINCE DE SETEMBRO AO VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do quince de setembro ao vinte e nove de decembro de dous mil dezasete, relativas a:

### **Mes de SETEMBRO:**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 26/09/17** .- “1.- Remisión da solicitude do C.P.R. San Francisco, para a celebración da IV CARREIRA SOLIDARIA LADESOL “CORRO POLO TEU SOÑO”, o vindeiro día 22 de abril de 2018, de autorización do uso do percorrido e os cortes das rúas do mesmo, presentadas na folla adxunta, á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.  
2.- Comunicarlle que parte do percorrido desenvólvese por vías que non son propiedade Municipal, polo que deberá presentar as correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria, para a rúa Rivero de Aguilar, rúa Entrante e, peirao de pasaxeiros de acordo o que establece o Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, no seu artigo 55 “Probas Deportivas, Marchas Ciclistas e outros eventos”.  
3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.”
- **2ª Resolución con data 28/09/17** .- “1.- Autorización ao CPR San Francisco, do uso das pistas polideportivas do Recinto de Fexdega, para a celebración dunhas xornadas deportivas cos alumnos do citado Centro de Ensino, os vindeiros días 2 e 6 de outubro do presente ano, de 09:00-13:30 horas.  
2.- Comunicarlle que debe deixa-las nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.  
3.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,...”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 22/09/17** .- “1.- Aprobación dos gastos da coorganización co Club Depornautic Arousa, para a celebración da I REGATA CIDADE DE VILAGARCÍA de Piragüismo, o vindeiro día 23 de setembro do presente ano, no Peirao de Pasaxeiros do Porto de Vilagarcía de Arousa, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 29/08/2017, por importe total de 4.700,00 €, correspondendo a cargo da Fundación de Deportes un importe total de 672,062 €, co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Trofeos e Medallas	549,00 .-	341-226,9901
Adquisición avituallamento	<u>123,62 .-</u>	341-226,09
Total .....	672,62 €	

Así como a realización e impresión da cartelería publicitaria e cesión dun Equipo de Megafonía.

2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 200 medallas e 30 trofeos por importe total de 549,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.”

#### C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 15/09/17** .- “1.- Aprobación do reintegro de pago por importe de 6,90 € á conta bancaria da Fundación de Deportes, polo erro na contabilidade, posto que o citado proveedor cambiou de nº de conta bancaria, con cargo á partida económica 20501.  
2.- Aprobar o pago non presupostario a favor da empresa ENRIQUE MANUEL RODRÍGUEZ BARREIRO, S.L., da factura nº 2295, por importe de 6,90 €, correspondente ao subministro de material para a reparación da pinchadora da Fundación de Deportes, con cargo á partida 20501.”
- **2ª Resolución con data 18/09/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación nº 7/2017 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, resto do mes de maio e mes de xuño, ano 2017 por importe total de 1.002,98 €, con cargo á partida 341-221,00.”
- **3ª Resolución con data 25/09/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación nº 8/2017 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, resto do mes de xuño, ano 2017 por importe total de 1.778,36 €, con cargo á partida 341-221,00.”
- **4ª Resolución con data 27/09/17** .- “1.- Aprobación da compensación á empresa TROQUIÑA, S.L., por importe de 2.035,00 €, como parte da Garantía Definitiva, para a adxudicación do Contrato de Servizos, “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL

NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, que sumada ao resto ingresado o día 27/09/17, por importe de 20,35 €, resulta un importe total de 2.055,35 €.”

- **5ª Resolución con data 28/09/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, polos gastos de locomoción do desprazamento a Lugo, o pasado día 19/07/2017, con motivo da celebración da Reunión do grupo Técnico de Deportes do Eixo Atlántico, por importe total de 85,95 €, con cargo á partida 341-231,20.”

- **6ª Resolución con data 28/09/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, polos gastos adiantados por él, con motivo do pagamento dos gastos pola participación nos XII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, cunha expedición de 10 persoas da modalidade deportivade Atletismo Adaptado, os pasados días 4 ao 9 de xullo do presente ano, na cidade de Lugo, ano 2017, por importe total de 216,78 € co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Viseiras para equipación de rúa	21,78 .-	341-226,09
Aportación colaboración adestradores (15,00 € persoa/día)	60,00 .-	341-226,09
Imprevistos (Xantar expedición 06/07/17)	135,00 .-	341-226,09
Total .....	216,78 €”	

- **7ª Resolución con data 29/09/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 9/2017 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 3.608,42 €.”

- **8ª Resolución con data 29/09/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000018217FAC correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa

Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00.”

- **9ª Resolución con data 29/09/17** .- “Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 17.583,02 €.:
  - 1.- Recoñecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L. pola factura nº Emit-17006144, correspondente ao aluguer dunha cabina de WC (6 wc, 2 wc de pé e 3 piletas), ata tanto se finalizace a remodelación dos aseos públicos femininos do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/06/2017, por importe de 196,93 €, con cargo á partida 341-226,9900.
  - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000017317FAC, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de agosto, ano 2017, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.
  - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 38310786, da póliza de Seguros nº 51336693, correspondente á contratación do seguro de accidentes para os participantes na da XXXV TRAVESÍA A NADO DE VILAGARCÍA (204 participantes), aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 21/08/2017, por importe de 218,83 €, con cargo á partida 341-224.
  - 4.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 38358967, da póliza de Seguros nº 51337021, correspondente á contratación do seguro de accidentes para os participantes na da LIV TRAVESÍA A NADO DE VILAXOÁN (180 participantes), aprobado polas Resolucions do Sr. presidente con datas 01/09/2017, por importe de 192,60 €, con cargo á partida 341-224.
  - 5.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DEPORNAUTIC AROUSA, pola factura nº 03/17, correspondente á organización da Escola Deportiva Náutica Municipal de Piragüismo, 34 alumnos/as, mes de agosto, ano 2017, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/06/2017, por importe total de 680,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura nº Emit-363, correspondente ao control a traves de chips da XXXV TRAVESÍA A NADO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 21/08/2017, por importe de 1.028,62 €, con cargo á partida 341-226,09.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura nº Emit-368, correspondente ao control a traves de chips da LIV TRAVESÍA A NADO DE VILAXOÁN, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/09/2017, por importe de 1.020,15 €, con cargo á partida 341-226,09.

8.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº 041/17, correspondente ao Contrato de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPALES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 3º trimestre (xullo, agosto, setembro, ano 2017) aprobado pola Resolución da Sra. presidenta con data 07/04/2015, por importe total de 1.609,30 €, con cargo á partida 341-227,9902.

9.- Recoñecemento da obriga a favor de DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola factura nº 101/17, correspondente á adquisición de medallas e trofeos para a LIV TRAVESÍA A NADO DE VILAXOÁN, ano 2017, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/09/2017, por importe de 609,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor de DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola factura nº 103/17, correspondente á adquisición de medallas e trofeos para a REGATA CIDADE DE VILAGARCÍA de Piragüismo, ano 2017, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 22/09/2017, por importe de 549,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

11.- Recoñecemento da obriga a favor de DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola factura nº 104/17, correspondente á adquisición de 37 trofeos para o XXV MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO MORLA DE XADREZ, ano 2017, incluído nas Actividades Deportivas de Verán, ano 2017, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 08/05/2017, por importe de 400,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

12.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB XADREZ FONTECARMOA, pola factura nº 3/17, correspondente ao arbitraje do Memorial Adolfo Pedrido Morla de Xadrez, incluído nas Actividades Deportivas de Verán, ano 2017, aprobado polo

Consello Reitor en sesión con data 08/05/2017, por importe de 600,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa ABOY TORRES, MARCELINO (CARPAS TIMONEL), pola factura nº 18, correspondente ao aluguer dunha carpa para ubicar aos participantes no desenvolvemento da Fase previa da “XXII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2017”, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/04/2017, por importe de 665,50 €, con cargo á partida 341-226,09.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 15/09/17** .- “1.- Aprobación das Follas de inscrición das Actividades Físico-Recreativas para Nenos/as e Adultos, cos seguintes desgloses:

1.- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA NENOS/AS:

1.a) ESCOLA DE PSICOMOTRICIDADE

1.b) ESCOLA MULTIDEPORTIVA

1.c) ESCOLA DEPORTIVA DE BASE

2.- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS:

2.a) 1º Curso (nados en 2.001 e anteriores), correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2017.

a) XIMNASIA DE MANTEMENTO

f) IOGA

b) XIMNASIA FUNCIONAL

g) TAI-CHI

c) XIMNASIA ACUÁTICA

h) CIRCUITO TRAINING

d) AERÓBIC

i) ESTIRAMENTOS E

e) BADMINTON

RELAXACIÓN

2.b) 1º Curso de Pilates (nados en 2.001 e anteriores), correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2017, que levará unha parte que se recortará entregándose ao solicitante, no que sinalará o número de inscrición e, no caso necesario de superarse as prazas ofertadas, o vindeiro día 05/10/2017, ás 10:00 horas, procederase a realizar un sorteo, no que indique a partir de que número comeza a contar a distribución dos grupos e ata o máximo de prazas ofertadas.

#### **Mes de OUTUBRO:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 02/10/17** .- “1.- Autorización ao I.E.S. MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, do uso do Pavillón Municipal de Guillán, para os alumnos do Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas, do 02/10/17 ao 22/03/18, nos horarios seguintes:



<b>DÍAS</b>	<b>HORARIO</b>
Luns	08:10-10:40 horas
Martes	12:00-14:00 horas
Mércores	12:00-14:00 horas
Xoves	12:00-14:00 horas
Venres	11:00-14:00 hora

2.- Comunicarlle que, no relativo á autorización do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, do 16/10-10/11/2017, non é posible acceder a súa solicitude, posto que están fora do horario de apertura da citada instalación, que é de 09:00-13:00 horas, polo que pódese autorizar no seguinte horario:

<b>DÍAS</b>	<b>HORARIO</b>
Luns	09:00-10:40 horas
Martes	12:00-13:00 horas
Xoves	12:00-13:00 horas

Ou, no seu caso autorizar o Campo de Fútbol Municipal de Berdón, no seguinte horario:

<b>DÍAS</b>	<b>HORARIO</b>
Luns	08:10-10:40 horas
Martes	12:00-14:00 horas
Xoves	12:00-14:00 horas

Debendo na maior brevidade posible e previo ao uso, comunicar cal das dúas instalacións vai a utilizar.

3.- Comunicarlle que deberá deixar as devanditas instalacións, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse polos participantes na citada actividade.

4.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,....”

- **2ª Resolución con data 02/10/17** .- “1.- Autorización ao I.E.S. FERMÍN BOUZA BREY, do uso do pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para os alumnos do Ciclo Formativo de Técnicos Deportivos de Baloncesto, os venres, dende o 01/10-08/11/2017 e do 08/01-15/04/2018, de 12:00-13:15 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse polos participantes na citada actividade.

3.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,.....”

- **3ª Resolución con data 16/10/17** .- “1.- Autorización á Agrupación Deportiva Cortegada, do uso en precario, do marcador electrónico e 24” do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para todos os adestramentos do seu equipo senior de LF 2, para a tempada 2017/18. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.”

- **4ª Resolución con data 16/10/17** .- “1.- Autorización Club Deportivo Salvamento Vilagarcía, en precario, o uso do Ximnasio de Musculación do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para poder levar a cabo a preparación física de 9 deportistas acompañados da súa adestradora, os venres, de 17:30-18:15 horas e sábados, de 11:15-12:00 horas. Debendo respectar as normas de utilización da instalación que se autoriza e, sempre en uso compartido cos demais usuarios da citada instalación.”
- **5ª Resolución con data 24/10/17** .- “1.- Autorización á Fundación Galega contra o Narcotráfico do uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, o vindeiro día 27 do presente mes, de 09:30-13:30 horas:

#### **INSTALACIÓN DEPORTIVA**

- Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Estadio de Atletismo
- Pavillón nº 1

2.- Aprobar, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.

3.- Conceder 8 trofeos, 3 para os vencedores, da remesa existente da Fundación de Deportes e, 5 como agasallos aos centros participantes, adxudicando á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición dos 5 trofeos, por importe total de 35,25 €, con cargo á partida 341-226,9901.

4.- Trasladar ao departamento de Comunicación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición da impresión de diplomas para os participantes, para a súa aprobación, se procede.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,…”

- **6ª Resolución con data 25/10/17** .- “1.- Autorización ao C.E.I.P. VILAXOÁN e/r do colectivo de mestres/as de educación física dos C.E.I.P. VILAXOÁN, O PIÑEIRIÑO e A ESCARDIA, do uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os días 26 de outubro e 2 de novembro do presente ano, de 10:30-12:00 horas, para a celebración dos INTERCAMBIOS DEPORTIVOS, actividade de Minifútbol. Así como comunicaselle que deberá deixa-lo nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.
- 2.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,…”

- **7ª Resolución con data 25/10/17** .- “1.- Cesión ao Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do Campionato Provincial de Xadrez, os vindeiros días 19, 20 e 21 de xaneiro de 2018, a cesión de 12 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.  
2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
  - Departamento de Obras, a cesión de 200 cadeiras e 40 mesas pregables brancas.
  - Concellería de Cultura, a cesión das dependencias do Auditorio Municipal sinaladas no seu escrito.

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 05/10/17** .- “1.- Aprobación do gasto de coorganización co Club Depornautic Arousa, para a celebración da II MUSHING CIDADE DE VILAGARCÍA, o vindeiro día 8 de outubro do presente ano, da adquisición de 27 trofeos, por importe total de 339,75 €.  
2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición dos 27 trofeos por importe total de 339,75 €, con cargo á partida 341-226,9901.”
- **2ª Resolución con data 18/10/17** .- “1.- Adxudicación aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, da organización da Escola Deportiva de Base, para o curso 2017/18, nas modalidades deportivas en réxime de xestión indirecta seguintes, con cargo á partida 341-227,9901:

<u>CLUB/ENTIDADE DEP.</u>	<u>MODALIDADE</u>	<u>GRUPOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>2017</u>	
<b>2018</b>					
Club Arousa Baila, CBD	Baile Deportivo	1	1.200,00	450,00	750,00
Asociación Deportiva e Cult. Vilagarcía	Esgrima	1	1.200,00	450,00	750,00
Os Ingleses Rugby Club	Rugbi	1	1.200,00	450,00	750,00
Club Xadrez Fontecarmoa	Xadrez	1	<u>1.200,00</u>	<u>450,00</u>	<u>750,00</u>
Totais .....			4.800,00 €	1.800,00 €	3.000 €

1.a) O prezo a abonar por Escola ven determinado en función do número de grupos, abonando a Fundación de Deportes ao Club/Entidade Deportiva 150,00 €/mes por grupo e modalidade.

1.b) O abono das cantidades aos clubs/entidades deportivas, realizarase pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folia de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

2.- Comunicaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica

3.- As escolas comenzaron a súa actividade o 9/10/2017 e rematarán o 31/05/2018, tendo por tanto unha duración de 8 meses.

4.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das Escolas e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.

5.- Os Clubs/Entidades Deportivas adxudicatarios deberán presentar nun prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior.

6.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.

7.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).

- **3ª Resolución con data 18/10/17** .- “1.- Adxudicación á empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A. do contrato de subministros dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, por importe total de 726,00 €. (I.V.E. incluído), co seguinte desglose:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>ANO 2017</b>	<b>ANO 2018</b>
Aluguer colector 240 L	462,00 €	115,50 .-	346,50 .-
Recollida documentación (cada 2 meses)	<u>264,00 €</u>	<u>44,00 .-</u>	<u>220,00 .-</u>
Total .....	726,00 €	159,50 €	566,50 €

Cunha duración dun ano (contados a partir do 1 de outubro de 2017), con cargo á partida 341-227,9900.

2.- Comunicarlle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica “

### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 04/10/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, polos gastos das dietas e locomoción, pola participación do Concello de Vilagarcía de Arousa nos XII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, por importe total de 273,46 € co seguinte desglose:

Dietas coordinador (2 ½ días)	167,51 .-	341-230,20
Locomoción coordinador	<u>105,95 .-</u>	341-231,20
Total .....	273,46 €”	

- **2ª Resolución con data 09/10/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, , por importe total de 418,84 €, co seguinte desglose, con cargo á partida 341-222,00.

<u>Nº FACTURA</u>	<u>PERIODO</u>	<u>IMPORTE</u>
CI0890929356	08/05-07/06/2017	234,73 .-
CI0899407195	08/07-07/08/2017	<u>184,11 .-</u>
Total .....		418,84 €”

- **3ª Resolución con data 23/10/17** .- “1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Dna. Ana Isabel Sotomayor César, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola Deportiva de Base, modalidade de aerobic, da súa filla, por importe de 3,00 €, con cargo á partida 343,01.

2.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Anyi Vanesa Fernández Enciso, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola de Psicomotricidade da súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

3.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Josefa Romero Durán, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola Deportiva de Base, modalidade de Artes Marciais, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

4.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Noelia González Rodiño, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola Deportiva de Base, modalidade de atletismo, da súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

5.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Anne Negreiro Monteagudo, dos importes ingresados das cotas do prezo público correspondentes ás solicitudes de inscrición das Escolas de Psicomotricidade e Multideportiva de Inverno, dos seus fillos, por importe total de 24,00 €, con cargo á partida 343,01.

6.- Aprobar a devolución a favor de D. Ramón Falcón Chantada, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola Multideportiva de Inverno do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

7.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Claudia Rey Busto, correspondente ao importe da cota da solicitude de Carné Fundación Tipo  $\geq$  65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.”

- **4ª Resolución con data 31/10/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 10/2017 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 7.720,06 €.”
- **5ª Resolución con data 31/10/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000018317FAC correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de setembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00.”
- **6ª Resolución con data 31/10/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 21.495,71 €.:  
1.- Recoñecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L. pola factura nº Emit-17007027, correspondente ao aluguer de dúas cabinas de WC (unha de 6 wc, 2 wc de pé e 3 piletas, aseos femininos e outra 2 wc e 1 piletas, aseos masculinos), ata tanto se finalizase a remodelación dos aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, mes de setembro, aprobado polas Resolucións do Sr. presidente con datas 01/06/2017 e 14/09/2017, por importe total de 346,67 €, con cargo á partida 341-226,9900.  
2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000020517FAC, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas

municipais, mes de setembro, ano 2017, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000022817FAC, correspondente ao Servizo de Limpeza extraordinaria do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, o domingo día 17/09/17, pola celebración do III TORNEO ENCESTARÍAS, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 08/09/2017, por importe de 62,62 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-17233, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de setembro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/06/2017, por importe de 3.077,94 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A., pola factura nº151-1-09/62, correspondente á adquisición do avituallamento para os participantes da I REGATA CIDADE DE VILAGARCÍA DE PIRAGÜISMO, ano 2017, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 22/09/2017, por importe de 123,62 €, con cargo á partida 341-226,09.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 38487822, da Póliza de Seguros nº 51338445, correspondente á contratación do seguro de accidentes, para 1.000 persoas inscritas nas Actividades Físico-recreativas de Adultos, curso 2017/18, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 5.000,00 €, con cargo á partida 341-224.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 38487823 da Póliza de Seguros nº 51338446, correspondente á contratación do seguro de accidentes, para 300 neno/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais de Inverno, curso 2017/18, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 11/10/2016 e Resolución do Sr. presidente con data 14/09/2017, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 341-224.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 37401270 da Póliza de Seguros nº 11320412, correspondente á contratación



da Póliza de seguros Multirriesgo Camiones para a plataforma elevadora con remolque da Fundación de Deportes, para o periodo do 01/01/17 ao 31/12/17, por importe de 94,27 €, con cargo á partida 341-224.

9.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE REMO VILAXOÁN, pola factura nº 15/2017, correspondente á organización da Escola Deportiva Náutica Municipal de Remo, 25 alumnos/as, meses de xullo e agosto, ano 2017, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/06/2017, por importe total de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº Emit-59, correspondente ao contrato menor de subministros, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 38,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.

11.- Recoñecemento da obriga a favor de DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola factura nº 113/17, correspondente á adquisición de 4 trofeos para a celebración do Campionato de España de Clase Vaurien, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 13/09/2017, por importe de 64,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

12.- Recoñecemento da obriga a favor de DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola factura nº 114/17, correspondente á adquisición de 27 trofeos para a celebración da II MUSHING CIDADE DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 05/10/2017, por importe de 339,75 €, con cargo á partida 341-226,9901.

13.- Recoñecemento da obriga a favor de DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola factura nº 117/17, correspondente á adquisición de 5 trofeos para a celebración do TORNEO PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/10/2017, por importe de 35,25 €, con cargo á partida 341-226,9901.

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 18/10/17** .- “1.- Aprobación de todas as inscricións da Escola de Psicomotricidade, Escola Multideportiva de Inverno e Escola Deportiva de Base Municipal, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Escolas. Agás as solicitudes de inscrición para a Escola Deportiva de Base das modalidades de, Acrobacias, Artes Marciais, Tenis, Tenis de Mesa e Volei por non reunir un número mínimo de inscricións para poder

desenvolver as devanditas actividades, podendo cambiar de deporte voluntariamente ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para realizar esta actividade, facendo constar o número de conta bancaria na que desexa se lle abone o importe a devolver.

2.- Aprobar todas as solicitudes de inscrición das ACTIVIDADES FÍSICAS-RECREATIVAS PARA ADULTOS, co desglose por grupos sinalado no informe do Sr. director Deportivo, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Actividades. Agás 15 solicitudes de inscrición de Pilates, unha vez realizado o sorteo e aumentando o número máximo de alumnos por grupo a 30 persoas, superando aínda así varios grupos, o máximo de alumnos para o bó desenvolvemento das mesmas. Quedando en lista de espera ou, podendo solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para realizar esta actividade, facendo constar o número de conta bancaria na que desexa se lle abone o importe a devolver.”

#### **Mes de NOVIEMBRE:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 02/11/17** .- “1.- Remisión á Xunta de Goberno Local o seguinte:
  - Solicitud de ZONA ABERTA (Centro Comercial Aberto Vilagarcía), para a autorización do percorrido, os corte das rúas (sinaladas no seu escrito) e colocación de carteis informativos nas farolas, na celebración da VI MEDIA MARATÓN SOLIDARIA ZONA ABERTA, o vindeiro día 26 de novembro do presente ano, de 10:30-13:30 horas, acompañado polo informe emitido pola xefa da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa en relación ao asunto, para a súa aprobación, se procede.
  - Colaboración de persoal municipal para levar a cabo a colocación do material cedido e augas do avituallamento antes do inicio da devandita proba, para a súa aprobación, se procede.

Así como comunicarlle que no relativo á autorización do uso da Praza da II República, está aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión con data 15/05/2017.

2.- Comunicarlle que parte do percorrido desenvólvese por vías que non son propiedade Municipal, polo que deberá presentar as correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria, para as rúas Rivero de Aguilar, rúa Entrante e, da Xefatura Provincial de Tráfico, para o peche da Estrada Nacional PO 548, de acordo o que establece o Real Decreto 1428/2003 de 21 de

novembro, no seu artigo 55 “Probas Deportivas, Marchas Ciclistas e outros eventos”.

3.- Aprobar a cesión do Podium do Estadio de Atletismo, a pistola para a saída, 3 alargadeirs e, o Arco Hinchable da Fundación de Deportes, así como a recollida dos conos, coa furgoneta da Fundació de Deportes no Centro Príncipe Felipe da Deputación Provincial e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colocación e recollida dos conos, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, as necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Obras, a súa solicitude de cesión de 15 carpas, 12 mesas, 21 cadeiras, valadas para a colocación de publicidade dende a Casa do Mar ata a Meta, unha tarima de 6X6 e conos para seraparación da calzada.
- Electricidade, a colocación de puntos de alumeado e alargadores para os arcos hinchables na zona de Saída/Meta, cronómetro e actuación musical.
- Auditorio, a súa petición de cesión dun equipo de megafonía con micrófono inalámbrico, así como a cesión de diverso material e autorización de uso de dependencias do Auditorio Municipal.
- Medio Ambiente, a cesión de 6 colectores de lixo.
- Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil da súa petición de colaboración de persoal, dúas ambulancias e hospital de campaña.

5.- Conceder 1 trofeo da remesa existente da Fundación de Deportes.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

- **2ª Resolución con data 07/11/17 .-** “1.- Autorización a D. José Ramón Varela Caeiro e/r dun grupo de afeccionados (menores de idade), o uso do Pavillón Municipal de Guillán, para poder xogar ao fútbol entre eles, o vindeiro día 10 do presente mes, de 17:30-19:30 horas. Previo pago do prezo público

correspondente, polo que calculado o custo total polo uso da citada instalación, ascende a un importe total de 7,00 € (3,50 €/h.), conforme ao Acordo Regulador nº17 en vigor, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES16 2080 5067 113040031153). Debendo previo ao uso da devandita instalación, indicar quen será/n o/a/os/as responsable/s na citada actividade, que deberá/n estar presente/s no horario autorizado.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.”

- **3ª Resolución con data 07/11/17** .- “1.- Aprobación os HORARIOS ANUAIS da SALA do Pavillón Municipal de Castela e do ESTADIO DE ATLETISMO e PISTAS DE TENIS do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para os adestramentos dos Clubes/Entidades Deportivas anteriormente sinalados, tempada 2017/18 e, ata o 31 de maio de 2018. No suposto de finalizar os adestramentos con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que o club ou entidade solicitante fará uso da instalación ata esa data.

2.- Comunicarlles que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

3.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar

sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

4.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **4ª Resolución con data 07/11/17** .- “1.- Autorización á Comisión de Deportes da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, o uso do Pavillón Municipal de

Faxilde, os xoves, de 21:00-22:30 horas, para poder levar a cabo os adestramentos para participar no XXIII CAMPIONATO DE FÚTBOL SALA DE AUTORIDADES PORTUARIAS DE ESPAÑA E PORTOS DO ESTADO. Debendo presentar unha relación nominal das persoas que vaian participar na citada actividade, cos seguintes datos: Nome, Apelidos e número do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

2.- Que tendo en conta que a citada Autoridade Portuaria colabora coas actividades organizadas pola Fundación de Deportes, procede a bonificación coa redución do 100% do prezo público para o uso da devandita instalación.

3.- Que de acordo ao anteriormente sinalado, se inicie as xestións para asinar un convenio de colaboración, para o desenvolvemento das actividades deportivas organizadas pola Fundación de Deportes nos recintos da citada Autoridade Portuaria.”

- **5ª Resolución con data 07/11/17 .-** “1.- Autorización en precario aos Srs/as. Lastra, Gómez, Díaz e, Cascallar o uso dos Pavillóns Municipais, os días e horas que a continuación se indican, a partir do día da semana sinalado por cada un, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado por cada un deles/as do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

<b><u>REPRESENTANTE</u></b>	<b><u>INSTALACIÓN</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
D. MARIO LASTRA GAMARRA	PAVILLÓN FAXILDELLUNS		22:00-23:00 h.
D. JOSÉ MANUEL GÓMEZ TORRES	PAVILLÓN GUILLÁN MÉRCORES		21:00-22:00 h.
D. JUAN CARLOS DÍAZ CAAMAÑO	PAVILLÓN FAXILDE MÉRCORES		22:00-23:00 h.
DNA. CONCHI CASCALLAR FARIÑA	PAVILLÓN A TORRE DOMINGO		09:30-12:00 h.

2.- Comunicarlles que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abonalo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (todos aqueles grupos que non a teñan ingresada ou solicitaran a súa devolución en tempadas anteriores), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E16 2080 5067 113040031153). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da

Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome, Apelidos e número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándose automaticamente a súa autorización.

5.- Requerir aos grupos de afeccionados do Sr. Gómez e Sra. Cascallar, que unha vez comprobadas as fianzas depósito ingresadas na Fundación de Deportes, existentes dúas que poderían corresponder ao seu grupo de afeccionados:

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>GRUPO</b>	<b>IMPORTE</b>
D. Alfonso Luis López Núñez	Kareokistas	90,15 €
Dna. Elvira Lorenzo Bernardez	Actividade de badminton	90,15 €

Polo que deberán presentar un escrito o Sr. López e Sra. Lorenzo, no que sinale que a fianza depósito ingresada no seu día a nome deles, corresponde ao mesmo grupo de afeccionados actuais e, pagar as diferencias do importe da fianza depósito ata completar o 100% do importe de fianzas actuais (100,00 €), por importe total de 9,85 € ou, no seu caso, solicitar o Sr. López e Sra. Lorenzo, a devolución da correspondente fianza ingresada por eles e realizar un novo ingresode de Fianza Depósito por importe de 100,00 €, de acordo o que sinala o apartado 2 da presene Resolución.”

- **6ª Resolución con data 15/11/17** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva Arousa Fútbol-7 o uso do Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da “XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018”, Fase Previa, co desglose de días anteriormente sinalados. Debendo na maior brevidade posible remitir os horarios de apertura e peche da instalación para o desenvolvemento, o que xenerará por tratarse de días festivos (xoves e venres), a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,16 €/h., con cargo á partida 341-151/13001. Así como o luns día 2 de abril de 2018, en horario de mañán, deberá levar a cabo o desmontaxe, tendo que deixar libre o espazo do terreo de xogo, para os equipos que adestran pola tarde.

2.- Conforme aos acordos acadados nas reunións coa devandita Asociación, autorizáselle o uso do Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a Fase Final, co desglose de días anteriormente sinalados. Debendo na maior brevidade posible remitir os horarios de apertura e peche da instalación.

3.- Comunicarlle que deberá concretar o proceso de montaxe, da Fase Previa e Fase Final da devandita instalación, para poder desviar ou anular os adestramentos dos Clubes/Entidades Deportiva que teñen autorizado os días indicados anteriormente.

4.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.- Comunicarlle que, no caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar antes do inicio da devandita actividade o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Comunicarlle que no caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación.

3.- Aprobar o Endoso das citadas subvencións a favor da empresa SERVICIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., por importe total de 6.896,02 €, con cargo á partida 341-483,02.”

- **4ª Resolución con data 26/12/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da relación nº 12/2017 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, resto mes de xuño ano 2017 por importe total de 286,54 €, ano 2017, con cargo á partida 341-221,00.”
- **5ª Resolución con data 29/12/17** .- “1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. María Durán Vilar, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola Deportiva de Base, modalidade de Aeróbic, da súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.  
2.- Aprobar a devolución a favor de D. Manuel Antonio García Daponte, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola Deportiva de Base, modalidade de Tenis, da súa filla, por importe de 3,00 €, con cargo á partida 343,01.”

#### **D.- Outros:**

- Non existen

O Consello Reitor queda sabedor.

**3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 3º TRIMESTRE, ANO 2017.**

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 3º trimestre 2017 (1 de xullo ao 30 de setembro de 2017), no que a 30/09/17 existen obrigas pendentes de pago nas que se están incumprando o prazo de pago de 30 días, por importe total de 269,64 € (factura de créditos recoñecidos extraxudicialmente).

O Consello Reitor queda sabedor.

**4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 3º TRIMESTRE DE 2017, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada do 3º trimestre de 2017 en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

**5.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO CUSTE DOS SERVICIOS DO ANO 2016 EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2075/2014.**

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe do subministro de Información do custe dos Servizos do ano 2016 en relación á orde hap/2075/2014, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe antes do 01/11/2017 no referente ao exercicio 2016, remitido o pasado día 23/10/2017, cun custe efectivo do servizo “Promoción do Deporte” para o ano 2016 que ascende a cantidade de 1.012.361,92 €.

O Consello Reitor queda sabedor.

**6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2018, CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do borrador das bases da Convocatoria do exercicio 2018, correspondentes ás Subvencións destinadas á organización de Actividades

Deportivas Extraordinarias, realizadas durante o ano 2017, así como da súa solicitude e anexos adxuntos.

**Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar as bases da Convocatoria do Exercicio 2018, correspondente ás Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, realizadas durante o ano 2017, así como a súa solicitude e anexos adxuntos.**

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, ANO 2018, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2016/17 OU, EJERCICIO 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do borrador das bases da Convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, ano 2018, correspondente á tempada 2016/17 ou, exercicio 2017, así como da súa solicitude e anexos adxuntos.

**Interven o Sr. Vilas que manifesta que para maior compresión o borrador de certificado da Federación debería estar desglosado o apartado das licenzas en femininas e masculinas.**

**Despois dun pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar as bases da Convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, ano 2018, correspondente á tempada 2016/17 ou, exercicio 2017, así como da súa solicitude e anexos adxuntos, coa modificación do borrador de certificado da Federación, no apartado das licenzas, en femininas e masculinas.**

**8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

- Interven o Sr. Núñez que pregunta sobre as solucións que se están levando a cabo, para a humedade do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa. Así como das filtracións de auga que siguen na parede do almacén unha vez finalizada a obra no Estadio de Atletismo.

O Sr. presidente contéstalle, que xa foron os Técnicos e, neste momento estase levando a cabo un estudio para valorar a mellor solución posible, da que emitiran o correspondente informe e, con respecto ás filtracións de auga, a obra está en garantía polo que teñen que solucionar o problema.

Continúa o Sr. Núñez indicando que no recinto Fexdega non hai graderíos para o público, tendo competicións todos os fins de semana.

O Sr. director Deportivo contéstalle, que unha vez reincorporado todo o persoal das vacacións de Nadal se levará a cabo a colocación dos tramos de graderío en cada pista.

- A Sra. Suárez interven para preguntar sobre o comunicado de prensa do Sr. Alcalde relativo ás obras do Complexo Deportivo Fontecarmoa (Pavillón nº 1 e Piscina Cuberta), que é o que se vai facer.

A Sra. Vicepresidenta contéstalle que se está estudiando as melloras a realizar nesta dúas instalacións, que cando se teñan finalizados os proxectos, poñeranse en coñecemento deste organo. Indicando que existen varias posibilidades para mellorar a humedade do pavillón, sendo unha delas a separación da pista do chan.

O Sr. presidente sinala que unha das melloras a realizar na piscina é axustar a maquinaria á nova normativa vixente da Xunta de Galicia.

Continúa a Sra. Suárez preguntando sobre a noticia dun novo acoso na piscina cuberta municipal.

O Sr. presidente contéstalle que se levou a cabo por parte da empresa concesionaria o protocolo aprobado por este organo para os casos de acoso e, se emitió a correspondente resolución coa “aprobación cautelar da suspensión como usuario de D. Ernesto Alexander López Mora, da Piscina Cuberta Municipal, así como, de ser usuario de calqueira outra instalación deportiva municipal. Mentras tanto se aclare a situación da denuncia no Xulgado e ata tanto non se resolvera a causa penal ao respecto”. Así como indica que a denuncia foi dunha usuaria e do Sr. director da citada instalación deportiva, dado que existían moitas queixas verbais sobre a devandita persoa, as cales o Xulgado citou nunha sesión previa.

Auséntase o Sr. Torrado ás 21:15 horas.

- Interven o Sr. Brianes que roga se actúe sobre a cuberta do Pavillón Municipal Castelao, da parte do edificio que están as oficinas, dado que se apreciaba moito verdín.

O Sr. presidente contéstalle que se mirará se se pode realizar algunha actuación nel.

O Sr. Vilas interven para manifestar que o Club Vilagarcía, S.D. volve a incidir sobre o escrito presentado na Fundación de Deportes e tratado neste organo, das melloras do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, sobre todo no acondicionamento de aparcadoiro e acceso á circunvalación, así como indica que a aprobación do uso de instalacións deportivas para adestramentos da tempada deberían adelantarse como mínimo un mes, priorizar os equipos de F-11 sobre os de F-8 e a posibilidade de contar cunha instalación para cada Club, na mesma maneira que outros Clubes/Entidades Deportivas xa contan con elas. Asemade existen

franxas horarias compartidas por dous Clubes, que nun ½ campo adestran uns 40 nenos/as e na outra 10.

O Sr. director Deportivo constéstalle con respecto aos problemas indicados para adestrar, que no regulamento interno de instalacións deportivas aprobado o pasado día 14/09/2017, xa se contempla a aprobación de adestramentos de cada tempada cun mes de antelación respecto ao anterior regulamento, así como os criterios a seguir para a concesión das instalacións deportivas.

O Sr. presidente contéstalle que neste momento xa está en marcha a realización do acondicionamento do aparcadoiro, sendo moi complicado actuar sobre o entorno do citado campo, dada a problemática de poboación existente nas cercanías do devandito campo.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.



# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 13 DE MARZO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trece de marzo de dous mil dezaioito, reúnense en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidenta, Dna. Paola María Mochales

Vogaís: D. Julio Torrado Quintela

D. Celestino Brianes Lojo

D. José Ramón Santorum Canto

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

Dna. Edith Marcela Diz Lugo

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias)

D. Ricardo Núñez Cores (suplente de D. Xavier Ríos González)

D. Jesús López Rodríguez

D. Isidoro Canabal Durán (incorpórase ás 20:45 horas)

D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias(incorpórase ás 20:45 horas)

D. Fernando Vicente Davila (incorpórase ás 20:49 horas)

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusan a súa asistencia o Sr. director Deportivo, D. Juan Miguel Doval Blanco e os Sres/as. vogais, Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarmiento e, D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria do Consello Reitor do día dezaioito de xaneiro de dous mil dezaioito, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 4º TRIMESTRE, ANO 2017.**

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 4º trimestre 2017 (1 de outubro ao 31 de decembro de 2017), no que a 31/12/17 non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprendo o prazo de pago de 30 días.

O Consello Reitor queda sabedor.

### **3.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO 4º TRIMESTRE, ANO 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada do 4º trimestre de 2017 en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

### **4.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2017.**

Pola Sra. interventora/delegada da conta da Liquidación do presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa do ano 2017, co seguinte resultado:

#### **RESULTADO ORZAMENTARIO:**

Dereitos recoñecidos netos .....	1.073.831,08 €
Obrigas Recoñecidas netas .....	1.069.160,37 €
Resultado orzamentario .....	4.670,71 €
Desviacións positivas de financiamento .....	0,00 €
Desviacións negativas de financiamento .....	0,00 €
Gastos financiados con remanente líquido Tesourería .....	3.077,94 €
Resultado orzamentario axustado .....	7.748,65 €

Asi como da conta da Resolución do Sr. presidente no que se aproba a citada Liquidación, cun resultado presupostario axustado que ascende á cantidade de 7.748,65 € e un remanente de Tesourería para gastos xerais positivo por importe de 212.966,44 €.

O Consello Reitor queda sabedor.

Incorpóranse os Sres. Canabal e Fernández

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO PRESUPUESTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do borrador do Presupuesto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2018, que ascende á cantidade de 1.146.895,00 €.

Incorpórase o Sr. Vicente ás 20:48

Interven o Sr. presidente que dá unha breve explicación, das modificacións realizadas no orzamento, das aplicacións presupostarias incrementadas, como a partida de limpeza de instalacións, debido sobre todo á que a Fundación de Deportes debe afrontar a limpeza das instalacións de Fexdega, a de Escolas Deportivas, para afrontar o maior número de alumnos nas escolas náuticas e unha pequena partida de inversións, para a adquisición de deshumificadores e marcadores para as instalacións deportivas e a inclusión da sede da Fundación de Deportes na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Sra. interventora/delegada indica que o incremento total respecto ao ano 2017 é por importe de 40.100,00 €, así como no relativo ás partidas de persoal advirte que os créditos facilitados polo negociado de persoal son inferiores ao gasto executado no exercicio 2017, pode ser debido a cantidade de persoal funcionario interino existente, pero non se recibiron explicacións ao respecto. En consecuencia debe advertirse que no caso de que a execución presupostaria sexa superior que os créditos consignados deberá realizarse retencións de crédito noutras partidas presupostarias como medida de precaución, para poder dotar as partidas de persoal mediante unha modificación de crédito no caso de que sexa necesario. sinalando por último que cumpre toda a capacidade financeira e a regra de gasto.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de nove votos a favor das/os Sras./es.: María, Torrado, Fernández, Brianes, Vicente, Santorum, Vilas, Diz e Sr. Serén, ningún voto en contra e, catro abstencións das Sras./es.: Canabal, Granja, Núñez e Sr. López. Polo que o Consello Reitor acorda aprobar o borrador do Presupuesto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2018, que ascende á cantidade de 1.146.895,00 €. e, remiti-lo ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 5 DE ABRIL DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corentea e cinco minutos do día cinco de abril de dous mil dezaoto, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidenta, Dna. Paola María Mochales

Vogais: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias

D. Julio Torrado Quintela

D. Celestino Brianes Lojo

D. Fernando Vicente Davila

D. José Ramón Santorum Canto

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. Isidoro Canabal Durán

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias)

Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarmiento

D. Ricardo Núñez Cores (suplente de D. Xavier Ríos González)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusan a súa asistencia os Sres. vogais, D. Jesús López Rodríguez e, D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria do Consello Reitor do día trece de marzo de dous mil dezaoto, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE 2017 AO VINTE E SEIS DE MARZO DO PRESENTE ANO.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do vinte e nove de decembro de dous mil dezasete ao vinte e seis de marzo do presente ano, relativas a:

**Mes de decembro 2017:**

**A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- Non existe.

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- Non existe

**C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 29/12/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 12/2017 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 5.021,25 €.”
- **2ª Resolución con data 29/12/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., polas facturas que a continuación se relacionan, correspondentes ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 4.252,76 €, con cargo á partida 341-227,00:

<b>Nº DE FACTURA</b>	<b>MES</b>	<b>IMPORTE</b>
Nº 02148000024817FAC	novembro	2.126,38 €
Nº 02148000027317FAC	decembro	2.126,38 €”

- **3ª Resolución con data 29/12/17** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 34.328,58 €.:  
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000024117FAC, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de novembro, ano 2017, aprobado pola Xunta de Goberno Local

en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L. pola factura nº Emit-17008821, correspondente ao aluguer de dúas cabinas de WC (unha de 6 wc, 2 wc de pé e 3 piletas, aseos femininos e outra 2 wc e 1 pileta, aseos masculinos), ata tanto se finalizace a remodelación dos aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, mes de novembro, aprobado polas Resolucións do Sr. presidente con datas 01/06/2017 e 14/09/2017, por importe total de 335,78 €, con cargo á partida 341-226,9900.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº Emit-68, correspondente ao contrato menor de subministros, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses (recollida mes de decembro), para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, mes de decembro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 82,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MONDO IBÉRICA, S.A., pola fra. Nº F78889, correspondente á adquisición dun xogo de banquetes para o Estadio Municipal de A Lomba, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 23/11/2016, por importe de 3.962,02 €, con cargo á partida 341-625,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000026617FAC, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de decembro, ano 2017, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº 061/17, correspondente ao Contrato de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 4º trimestre (outubro, novembro e decembro, ano 2017) aprobado pola Resolución da Sra. presidenta con data 07/04/2015, por importe total de 1.609,30 €, con cargo á partida 341-227,9902.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-08/17, correspondente á realización das clases do I Curso de

Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2017/18, mes de novembro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 20/11/2017, por importe de 954,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

8.- Recoñecemento da obriga a favor de DEPORTMEDI, C.B., pola factura nº 782017, correspondente á asistencia médica pola celebración do CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RUGBI POR AUTONOMÍAS, 2ª Categoría Feminina (Partido da Selección Galega contra a Selección de Baleares), aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 29/11/17, por importe de 120,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

9.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: OS INGLESES RUGBY CLUB, pola factura nº 9, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Rugby, 1 grupo, meses de outubro, novembro e decembro, curso 2017/18, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 450,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL VILAGARCÍA ESGRIMA, pola factura nº 003, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Esgrima, 1 grupo, meses de outubro, novembro e decembro, curso 2017/18, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 450,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

11.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-17314, correspondente ao contrato de Servicios “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de decembro, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

12.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB XADREZ FONTECARMOA, pola factura nº 5/17, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Xadrez, 1 grupo, meses de outubro, novembro e decembro, curso 2017/18, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 450,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

13.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº 074/17, correspondente á adquisición dun interacumulador para o Campo de Fútbol Municipal de Berdón, conforme o informe da empresa

adjudicataria do Contrato de Servizos, “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACION PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPALES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACION DE DEPORTES)”, aprobado pola Resolucion do Sr. presidente con data 21/12/2017, por importe total de 1.875,50 €, con cargo á partida 341-623,00.

14.- Reconecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-09/17, correspondente á realizacion das clases do I Curso de Taichi incluído no proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2017/18, mes de decembro, aprobada pola Resolucion do Sr. presidente con data 20/11/2017, por importe de 530,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

15.- Reconecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L. pola factura nº Emit-17009560, correspondente ao aluguer de dúas cabinas de WC (unha de 6 wc, 2 wc de pé e 3 piletas, aseos femininos e outra 2 wc e 1 pileta, aseos masculinos), ata tanto se finalizace a remodelacion dos aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, mes de decembro (do 1 ao 29), aprobado polas Resoluciones do Sr. presidente con datas 01/06/2017 e 14/09/2017, por importe total de 324,58 €, con cargo á partida 341-226,9900.

16.- Reconecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB AROUSA BAILA, CBD, pola factura nº 101, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Baile Deportivo, 1 grupo, meses de outubro, novembro e decembro, curso 2017/18, aprobado pola Resolucion do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 450,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.”

- **4ª Resolución con data 30/12/17** .- “1 Aprobación do reconecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 13/2017 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 7.976,81 €.”
- **5ª Resolución con data 30/12/17** .- “1 Aprobación do reconecemento da obriga a favor da relación de facturas da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, co seguinte desglose, por importe total de 786,21 €, con cargo á partida 341-222,00.”

<b><u>Nº FACTURA</u></b>	<b><u>PERIODO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
CI0903591552	08/08-07/09/2017	196,96 .-
CI0904888886	08/09-07/10/2017	203,12 .-
CI0905584276	08/10-07/11/2017	194,71 .-



CI0906288005	08/11-07/12/2017	<u>191,42 .-</u>
	Total .....	786,21 €

- **6ª. Resolución con data 30/12/17 .-** “1 Aprobación do recoñecemento da obriga da relación nº 13/2017, correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, resto mes de setembro, outubro e novembro ano 2017 por importe total de 15.720,48 €, ano 2017, con cargo á partida 341-221,00.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 30/12/17 .-** “1. Requerimento á empresa Espina&Delfín, S.L., do ingreso na conta bancaria da Fundación de Deportes, da Entidade Bancaria ABANCA (E16 2080 5067 113040031153), a cantidade de 1.500,00 €, en concepto de importe pendiente, ano 2017, de acordo ao Convenio asinado co Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.”

#### **Mes de Xaneiro:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 15/01/18 .-** “1.- Autorización á ANPA do CEIP Plurilingüe de Carril, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración dunha Festa lúdico-recreativa “Festa do Entroido” para todo o alumnado do devandito centro, o vindeiro día 9 de febreiro do presente ano, de 15:30-20:30 horas. Debendo solicitar á Concellería de Educación, a apertura do devandito pavillón ás 15:30 horas, dado que está fora do horario das quendas de traballo da Fundación de Deportes.
  - 2.- Aprobar, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.
  - 3.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
  - 4.- Aprobar a cesión de 3 mesas da Fundación de Deportes, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.
  - 5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como o plano de situación e ocupación do desenvolvemento da citada actividade, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado

(declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.- Comunicarlle que, no caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar antes do inicio da mesma, o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita Actividade. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Comunicarlle que no caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **2ª Resolución con data 22/01/18** .- “1.- Autorización ao Os Ingleses Rugby Club, o uso do campo de herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración dunha Concentración de Escolas de Rugby, o vindeiro día 12 de maio do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da citada actividade-evento. Así como a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

3.- Comunicarlle que, no caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar antes do inicio da mesma, o/s Carné/s de

manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita Actividade. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.- Comunicarlle que deberá tomar todas as medidas preventivas co fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **3ª Resolución con data 22/01/18** .- “1.- Autorización á Agrupación Deportiva Cortegada o uso das 4 pistas polideportivas do Recinto de Fexdega (1 sen medidas regulamentarias para baloncesto infantil) para o desenvolvemento do XV TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, co seu equipamento deportivo, do 23 ao 25 de marzo do presente ano, debendo na maior brevidade posible indicar o horario de apertura e peche da devandita instalación deportiva (montaxe e desenvolvemento). Así como deberá deixar as devanditas instalacións, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na citada actividade.

2.- Ceder o material que a continuación se relaciona para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado:

- . 10 mesas e 400 cadeiras.
- . Banquillos para xogadores suplentes de cada pista
- . 3 mopas para limpeza das pistas.
- . Mesas e cadeiras necesarias para 200 persoas (zona de cafetería) e Tomas de corrientes nas pistas polideportivas.

No relativo á utilización da furgoneta da Fundación de Deportes, pódese autorizar a realización do traslado de material necesario para o desenvolvemento do Torneo ao Recinto Fexdega e, sempre conducido por un traballador do Concello. Debendo na maior brevidade posible indicar día/s e hora, sempre na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a súa solicitude de cesión de 5 carpas (indicando que para poder instalar as no interior do recinto Fexdega deberán ser inífugas).
- Departamento de Comunicación, a súa petición da elaboración da cartelería do devandito evento.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil.

4.- Remitir á Fundación Fexdega, a autorización do recinto de Fexdega para o desenvolvemento do devandito Memorial, no relativo aos espazos do citado recinto e material que a continuación se relaciona propiedade da mesma:

- . Zona da cafetería, coa habilitación para dar servizo a 200 persoas (mesas e cadeiras).
- . Vestiarios para equipos (masculinos e femininos) e árbitros.
- . Habilitar 4 seminarios (equipaxe dos equipos), 1 dependencia para oficina e unha zoa de asistencia médica.
- . Colocación das Bancadas supletorias en cada pista de xogo e a conexión de 3 tomas de corrente (pistas de xogo).
- . Colocación dunha pancarta publicitaria do devandito Memorial na fachada do citado recinto.
- . O uso do Equipo de Son e micrófono.

No relativo ao servizo de cafetería, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente. Así como lembralles a prohibición da venda de bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente, cumprimento estrito da lexislación, en concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc... en relación ao tema. Debendo presentar antes do inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a atender a cafetería), durante o desenvolvemento do citado Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a

seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios e aseos públicos do Recinto Multiusos de Fexdega, os días 24 e 25 de marzo do presente ano. Adxudicando a realización da citada limpeza á empresa Clece, S.A. (empresa concesionaria da devandita instalación), por importe de 52,94 €. (segundo orzamento), con cargo á partida 341-227,00. Comunicarlle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como a elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento, asinado por un Técnico competente onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación, no seu caso, deberá estar contemplado explicitamente no devandito plan.

6.2) Certificación do cumprimento da lexislación relativa á seguridade alimentaria (segundo indicado no apartado 4), o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.- Comunicarlle que no caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os

certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **4ª Resolución con data 30/01/18** .- “1.- Autorización á Escola de Fútbol Sala Salnés, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, os venres, de 18:30-20:00 horas, anulando a súa franxa horaria do Pavillón Municipal de Carril, os venres, de 18:45-20:00 horas, para os adestramentos do seu equipo infantil, tempada 2017/18 e, ata o 31 de maio de 2018. No suposto de finalizar os adestramentos con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que o club ou entidade solicitante fará uso da instalación ata esa data.

2.- Autorizar a colocación dunha xaula no devandito Pavillón, para poder gardar o seu material deportivo.

3.- Autorizar o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo adestramentos do seu equipo benxamín, os xoves día 1 e 8 de febreiro do presente ano, de 18:30-20:00 horas.

4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

6.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

7.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 26/01/18** .- “1.- Adxudicación á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L. (STIN, S.L.), a adquisición dunha impresora de etiquetas (registro de entrada e saídas) e un Escáner de documentos, para poder levar a cabo a posta en marcha da Sede Electrónica, de acordo a Lei de Procedemento 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por importe de 1.997,00 €, con cargo á partida 341-623,00.”

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 31/01/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 1/2018 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 1.113,48 €.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 18/01/18** .- “.1 Autorización a Dna. Mª Dolores Dorrío Fernández asistir ao II curso de Aerobic, curso 2017/18 os xoves, de 20:00-21:00 horas, como acompañante da súa filla Dna. Raquel Pesado Dorrío, ao ter necesidades especiais.”
- **2ª Resolución con data 22/01/18** .- “1.- Comunicación ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da Regata de bateis da liguilla Sur, no peirao de Vilaxoán, o vindeiro día 10 de febreiro do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do material solicitado.  
2.- Comunicación que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita Regata.  
3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
  - . Departamento de Obras, a cesión e instalación de 2 palcos toldados (o toldo pode substituírse por carpas do Concello) e 25 valadas.
  - . Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Megafonía”

## Mes de Febreiro:

### A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 07/02/18** .- “1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso das 4 pistas polideportivas do Recinto de Fexdega (1 sen medidas regulamentarias para baloncesto infantil), para a celebración da “XXIII EDICIÓN DA VILAGARCÍA BASKET CUP”, de 08:30-22:00 horas, os días 29, 30 e 31 de marzo do presente ano. O que xenerará por tratarse de días festivos, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,16 €/h., con cargo á partida 341-151/13001. Así como o montaxe o vindeiro día 28 de marzo do presente ano, debendo indicar na maior brevidade posible, o horario necesario e sempre, na franxa horaria de apertura da citada instalación (autorizándoseles o marcaxe das pistas necesarias e a colocación de lonas de publicidade da VBC 2018).  
2.- Autorizar o uso do Pavillón Municipal Castelao, os vindeiros días 29, 30 e 31 de marzo do presente ano, debendo na maior brevidade posible indicar o horario de apertura e peche necesarios da citada instalación  
3.- Autorizar o uso dos vestiarios da grada de preferencia do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, os días 30 e 31 de marzo do presente ano, debendo na maior brevidade posible indicar o horario de apertura e peche necesarios da citada instalación. Comunicándolle que a Limpeza dos citados vestiarios, deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, así como designar un responsable da apertura e peche dos vestiarios  
4.- Comunicarlle que deberá deixar todas instalacións autorizadas, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na devandita actividade.  
5.- Ceder o material que a continuación se relaciona para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado:
  - . 1 xogo de canastras a partir da categoría infantil (Pavillón de Castelao), 5 xogos de canastras adaptables a minibasket e, 3 xogos de canastras de minibasket.
  - . 3 marcadores portátiles e 1 marcador de parede da propia instalación (Recinto Fexdega) e outro de parede do Pavillón Municipal de Castelao.
  - . Cesión de mesas con cadeiras con capacidade para 200 persoas.



6.- Remitir á Fundación Fexdega, a autorización dos espacios do Recinto Multiusos de Fexdega que a continuación se relacionan, os días e horas sinalados anteriormente.

. Uso dos 2 vestiarios da citada instalación.

. Uso do espacio de cafetería.

. Uso do gabinete médico, seminario e unha oficina para gardar o material preciso para a competición.

. A colocación e uso dos tramos de graderíos en cada pista polideportiva.

No relativo ao servizo de cafetería, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente. Así como lembralles a prohibición da venda de bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente, cumprimento estrito da lexislación, en concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc... en relación ao tema. Debendo presentar antes do inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a atender a cafetería), durante o desenvolvemento do citado Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de Cesión de 400 cadeiras, 80 valadas, 9 carpas (indicando que para poder instalar as no interior do recinto Fexdega deberán ser inífugas)e, o montaxe de dous Palcos (escenario) de 80 m<sup>2</sup> e outro de 8 m<sup>2</sup>.
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha lona xigante co logo de Vilagarcía Basket Cup no Recinto Fexdega.
- Departamento do Auditorio, unha megafonía de calidade para a zona de ocio.
- Departamento de Comunicación, a impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.

- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil (ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios).

8.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios e aseos públicos do Recinto Fexdega, os días 29, 30 e 31 de marzo do presente ano. Adxudicando a realización da citada limpeza á empresa Clece, S.A. (empresa concesionaria da devandita instalación, conforme orzamento), por importe de 156,55 €, con cargo á partida 341-227,00. Comunicarlle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

9.- Conceder ao citado club, 6 trofeos da remesa existente da Fundación de Deportes.

10.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

11.- Lémbbraselle que deberá presentar toda a documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 15/11/2017 cun prazo mínimo de 72 horas antes do comezo do montaxe do devandito evento. Indicándolle que calquer cambio de ubicación do equipamento (con desanclado dos mesmos) das instalacións aprobadas, deberá presentar unha certificación que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para os participantes e público asistente.”

- **8ª Resolución con data 26/03/18** .- “1.- Autorización ao Club Olímpic, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo os adestramentos de preparación dos seus equipos infantís de Exhibición para o Campionato Galego 2018, no seguinte horario:

**DÍAS**

**HORAS**

Os martes 27/03/2018 e 3, 10, 17 e 24/04/2018

20:15-21:30 horas

Os xoves 22/03/2018 e 5, 12, 19 e 26/04/2018

20:00-21:00 horas

Os venres 23/03/2018 e 6, 13, 20 e 27/04/2018

21:00-22:30 horas

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

3.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 01/03/18** .- “1.- Aprobación da instalación dun Terminal de Punto de Venta (TPV) na oficina do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para facilitar aos usuarios o cobro do prezo público polo aluguer do uso de instalacións deportivas do citado Complexo, adxudicando o citado Servizo á Entidade Financiera ABANCA, por importe anual de 12,00 €, con cargo á partida 341-359.  
2.- Aprobar a apertura dunha nova conta bancaria na devandita entidade, vinculada aos ingresos realizados por TPV, ingresos en metálico polos alugueres de instalacións deportivas e outros ingresos e gastos que determine a Fundación de Deportes e na que se domicilie o gasto anual do Servizo do TPV, previa presentación da factura ou liquidación de taxa correspondente.  
3.- Cancelar a conta bancaria aberta en CAIXABANK, S.A. (La Caixa, ES09 21001785430200198247), por ser a conta que se ven utilizando para os ingresos dos alugueres de instalacións deportivas, que unha vez instalado o TPV deixará de ter movementos.
- **2ª Resolución con data 02/03/18** .- “1.- Autorización a Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación de Deportes, a asistencia dun Curso Formativo “NOVIDADES QUE INTRODUCEN A NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICA”, así como aprobar os gastos de dietas e locomoción por importe total de 74,11 € (14,11 € dietas e 60,00 € locomoción), con cargo á partida 341-230,20 e 341-231,20. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora.”

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 19/03/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., pola factura nº CI0906990888, correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, no periodo do 08/12/17 ao 07/01/18, por importe de 184,78 €, con cargo á partida 341-222,00.”
- **2ª Resolución con data 26/03/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, gastos correspondentes á locomoción pola asistencia ás III Xornadas de Xestión Deportiva en Pequenos e Medianos Municipios, celebrada o pasado día 16 do presente mes, no EGAP na cidade de Santiago de Compostela, por importe de 15,02 €, con cargo á partida 341-231,00.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 13/03/18** .- “1.- Aprobación da coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do XVI CAMPIONATO SEMIRÁPIDAS SANTA RITA, no que se desenvolverá o Campionato Galego de Xadrez Rápido e Xadrez Relámpago, os vindeiros días 19 e 20 de maio do presente ano, no Auditorio Municipal.  
2.- Trasladar á Concellería de Cultura, a cesión do uso do Auditorio Municipal para poder levar a cabo o desenvolvemento do devandito Campionato, os días anteriormente sinalados.  
3.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante e a Fundación de Deportes, con dous representantes de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.  
4.- Nomear como representantes do citado Comité a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo e Dna. Fátima Núñez Fabeiro, Técnico Deportivo.  
5.- Comunicar ao devandita Club que deberá, na maior brevidade posible, indicar que representantes formarán parte do citado Comité.”
- **2ª Resolución con data 19/03/18** .- “1.- Aprobación da Memoria do proxecto de LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, cun orzamento total de 12.000,00 €.  
2.- Aprobar a solicitude dunha subvención á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, conforme as bases reguladoras da “CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLO) 2018-2019”, publicadas no BOP, o pasado día 03/01/2018, con cargo á “Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes”, para o devandito Proxecto, por importe de 6.000,00 €.”

O Consello Reitor queda sabedor.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAÚTICAS, DE PIRAGÜISMO, REMO E, VELA, ANO 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da proposta do Sr. presidente conforme ao Estudio elaborado polo Sr. director Deportivo, das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, de piragüismo, Remo e Vela e follas de Solicitudes de Inscripción, dirixido a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2009-2002). Así como preséntase o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 6.300,00 €, desglosados da seguinte maneira:

<b><u>CONCEPTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>	<b><u>PARTIDA</u></b>
- SEGUROS DEPORTIVOS	900,00 .-	341-224



-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE PIRAGÜISMO	1.800,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE REMO	1.800,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE VELA	1.800,00 .-	341-227,9901

Total .....	6.300,00 €
-------------	------------

Polo Sr. presidente leva a cabo unha breve explicación do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, de piragüismo, Remo e Vela.

Interven o Sr. Brianes, manifesta que no Consello Reitor en sesión con data 08/10/2016, no apartado de rogos e preguntas, fixo un rogo para que no orzamento do exercicio 2017 se consignara unha partida económica para poder realizar as Escolas Deportivas de Natación e Salvamento, non contemplándose nin no exercicio 2017 nin no presente orzamento. Así como pregunta si estase traballando nos novos pregos

O Sr. presidente contéstalle que ten razón, pero existen dificultades técnicas no contrato en vigor para poder levar a cabo as citadas escolas, na actualidade estase traballando no novo contrato, que resolvería a falta de espacio e franxas horarias para as actividades tanto para os Clubes deportivos como para as propias desta Fundación de Deportes, posto que se ten previsto realizar unha remodelación da devandita instalación. Asemade no relativo á nova licitación contéstalle que se está levando a cabo un estudio exhaustivo polos servizos técnicos, dado que o prego de condicións ten moita máis complexidade que o do actual contrato.

O Sr. Vicente considera que a Escola Deportiva de Salvamento tería cabida no presente proxecto, dado que a súa actividade ademais da piscina cuberta municipal realízase na lámina de auga do peirao de Vilaxoán, contando na mesma cunha base, así como indica que xa ten presentados dous escritos ao respecto.

O Sr. presidente contéstalle que el, en todo momento, entendía que o desenvolvemento das Escolas de Natación e Salvamento, se levarían a cabo na piscina municipal cuberta.

A Sra. Suárez pregunta si sería posible realizar a devandita Escola só no mar, así como se existe consignación presupostaria para poder realiza-la.

A Sra. interventora/delegada indica que en principio existe consignación presupostaria na partida ou por vinculación.

O Sr. presidente sinala que si é posible realizar unha Escola Deportiva de Salvamento no peirao de Vilaxoán, que o Club de Salvamento presente un proxecto do mesmo, co orzamento de gastos necesario para o seu desenvolvemento.

Finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, de piragüismo, Remo e Vela.

2.- Aprobado o orzamento total de gastos para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 6.300,00 €, co desglose anteriormente sinalado.

3.- Aprobado das follas de solicitudes de inscrición das devanditas Escolas, nas que se aplique o prezo público establecido no Acordo Regulador nº 17 en vigor, para as Escolas Deportivas, por importe de 12,00 €.

4.- Facultar ao Sr. presidente para realizar as modificacións necesarias de orzamento das devanditas Escolas, para poder levar a cabo a organización da Escola Deportiva de Salvamento ou concorran circunstancias sobrevidas e/ou imprevistas, sempre e cando exista consignación económica para as mesmas.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACTIVIDADES, NORMAS “PREMIOS ANUAIS Á/O MELLOR DEPORTISTA LOCAL” E DESIGNACIÓN DO XURADO PARA A SÚA ELECCIÓN, NA XXVIII EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, ANO 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da proposta do Sr. presidente relativa á designación dun Coordinador para a XXVIII EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, das Normas e Xurado para a elección da/o MELLOR DEPORTISTA LOCAL, tempada 2016/17 ou ano 2017, que se celebrará na Gala do Deporte.

Así como dá conta da proposta do Sr. director Deportivo relativa á organización da devandita Festa, que se vai a celebrar o vindeiro día 1 de xuño do presente ano, no que presenta o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento da XXVIII EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, por importe total de 5.795,50 €, desglosados da seguinte maneira:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
DINAMIZACIÓN NA RÚA	1.499,50 €:	
SEGURO ACCIDENTES PARTICIPANTES	250,00 .-	341-224
ALUGUER DE HINCHABLES	1.249,50 .-	341-226,09
GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO	2.136,00 .-	341-226,09
TROFEOS	1.000,00 .-	341-226,9901
ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	560,00 .-	341-226,09
VARIOS/IMPREVISTOS	600,00 .-	341-226,09
TOTAL .....	5.795,50 €	

Polo Sr. director Deportivo da un breve resumo das actividades que se teñen previsto levar a cabo na devandita FESTA, así como do orzamento de gastos presentado.

Despois dun pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade, acorda:

**1.- Aprobado as Normas e Modelo de Proposición para PREMIAR Á/O MELLOR DEPORTISTA LOCAL TEMPADA 2016/17 OU ANO 2017, sendo a data límite para a presentación de proposicións, o día 30/04/2018.**

2.- Designar como Coordinador da XXVIII FESTA LOCAL DO DEPORTE a D. Juan Miguel Doval Blanco(director Deportivo).

3.- Nomear como Xurado para a Elección da/o Mellor Deportista Local, tempada 2016/17 o ano 2017 conforme á cláusula quinta das devanditas normas e a proposta do Sr. presidente, ás seguintes persoas:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera (presidente da Fundación de Deportes)

Vogais: D. Juan Miguel Doval Blanco (director Deportivo)

D. Isidoro Canabal Durán (membro do Consello Reitor)

D. Ángel Francisco Vilas Fernández (presidente do Consello Consultivo)

Dna. M<sup>a</sup> José Piñeiro Villaronga (periodista dos Medios de Comunicación do ámbito deportivo)

Dna. Sandra Estrada Fernández (adestrador, árbitro ou deportista en activo Local)

D. Antón Paz Blanco (deportista Vilagarcían de Honra)

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz (secretaria da Fundación de Deportes)

E nomease a dous suplentes dos vogais do devandito Xurado (entre persoas coñecedoras do mundo do deporte), 1<sup>a</sup> suplente: Dna. Lara Antelo Oliveira (árbitro de Baloncesto), e 2<sup>a</sup> suplente: Dna. Isabel Fernández Moreiras (presidente de Os Ingleses Rugby Club).

4.- Aprobar a organización da XXVIII EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se vai celebrar o vindeiro día 1 de xuño do presente ano.

5.- Aprobar o orzamento total de gastos para a organización da devandita Festa, por importe total de 5.795,50 €, co desglose anteriormente sinalado.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL POR IMPORTE DE 92,00 €, POR TRATARSE DUN GASTO DO EJERCICIO ECONÓMICO XA PECHADO, AÑO 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da Memoria da Presidencia e informe da Sra. interventora/delegada, relativo o recoñecemento extraxudicial a favor da empresa AMBULANCIAS PONTEVEDRA, S.L., da débeda correspondente á factura nº 97, polo servizo de traslado en ambulancia dunha usuaria de actividade deportiva da Fundación de Deportes que sufriu un accidente, por importe de 92,00 €, por tratarse dun gasto do exercicio económico ano 2017, xa pechado.

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar o recoñecemento da obriga extraxudicial a favor da empresa AMBULANCIAS PONTEVEDRA, S.L., pola factura nº 97, correspondente ao servizo de traslado en ambulancia dunha usuaria de actividade deportiva

da Fundación de Deportes que sufriu un accidente, por importe de 92,00 €, con cargo á partida 341-226,9900.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se producen.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 7 DE XUÑO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta minutos do día sete de xuño de dous mil dezaioito, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogais: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias

D. Fernando Vicente Davila

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. Isidoro Canabal Durán

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias)

Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarmiento

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Excusan a súa asistencia a Sra. interventora/delegada, Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro e, os Sres. vogais, D. Julio Torrado Quintela, D. Celestino Brianes Lojo, D. José Ramón Santorum Canto, D. Jesús López Rodríguez e D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria do Consello Reitor do día cinco de abril de dous mil dezaioito, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

**2.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CONFORME AS BASES REGULADORAS DA “CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019”, CON CARGO Á LIÑA 2. PARA O PROXECTO DE GASTO CORRENTE NOVO: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, POR IMPORTE DE 6.000,00 €.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en sesión con data 04/05/2018 no que se aprobou conceder unha subvención á Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa (Fundación de Deportes), por importe de 6.000,00 €, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, con cargo á liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, para o Proxecto de Gasto Corrente Novo: Limpeza das Instalacións Deportivas Municipais, cun orzamento de 12.000,00 €, conforme á solicitude feita por este organismo autónomo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 19/03/2018.

O Consello Reitor queda sabedor.

### **3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 1º TRIMESTRE, ANO 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de Morosidade e periodo medio de pago, 1º trimestre 2018 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2018), no que a 31/03/18 existen obrigas pendentes de pago nas que se están incumprindo o prazo de pago de 30 días, por importe total de 43,56 € (facturas de enerxía eléctrica que se aproban no Concello e posteriormente aplicanse en formalización á Fundación de Deportes).

O Consello Reitor queda sabedor.

### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL POR IMPORTE TOTAL DE 100,63 €, POR TRATARSE DUN GASTO DO EXERCICIO ECONÓMICO XA PECHADOS, ANO 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da Memoria da Presidencia e informe da Sra. interventora/delegada, relativo o recoñecemento extraxudicial a favor das empresas que a continuación se relacionan, por importe total de 100,63 €, por tratarse duns gastos do exercicio económico ano 2017, xa pechado:

1.- Recoñecemento extraxudicial a favor de ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A., pola factura nº A\_GFN\_2017\_026515, correspondente ao subministro de material para a reparación no Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, por importe de 53,68 €, con cargo á partida 341-212.

2.- Recoñecemento extraxudicial a favor de ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A., pola factura nº A\_GFN\_2017\_030333, correspondente ao subministro de material para a reparación no Pavillón Municipal de Castelao, por importe de 32,43 €, con cargo á partida 341-212.

3.- Recoñecemento extraxudicial a favor de R DE LORENZO CORDELERÍA, S.L., pola factura nº 304, correspondente ao subministro de cordel para a reparación das porterías de fútbol das Instalacións Deportivas Municipais, por importe de 14,52 €, con cargo á partida 341-213.

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar o recoñecemento da obriga extraxudicial a favor das devanditas empresas, polas facturas e desglose anteriormente indicados, por importe total de 100,63 €.

## **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2017.**

Polo Sr. Director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2017 e, indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2017, desglosadas nos seguintes apartados:

### **1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS**

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade.

1.1.1.- Curso 2016-17.

1.1.2.- Curso 2017-18.

1.2.- Escola Multideportiva.

1.2.1.- Curso 2016- 17.

1.2.2.- Curso 2017- 18.

1.3.- Escola Deportiva de Base.

1.3.1.- Curso 2016-17.

1.3.2.- Curso 2017-18.

1.4.- Escolas Náuticas Municipais

1.4.1.- Escola de Vela

1.4.2.- Escola de Piragüismo

1.4.3.- Escola de Remo

### **2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS**

2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2016-17.

2.1.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.

2.1.2.- Curso de Ximnasia acuática.

2.1.3.- Curso de Aeróbic.

- 2.1.4.- Curso de Badminton.
- 2.1.5.- Curso de Tai Chi.
- 2.1.6.- Curso de loga.
- 2.1.7.- Curso de Pilates.
- 2.1.8.- Curso de Ximansia Funcional.
- 2.1.9.- Curso de Circuito Training.
- 2.2.- 3º Curso de actividades de adultos 2016-17.
  - 2.2.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.
  - 2.2.2.- Curso de Ximnasia acuática.
  - 2.2.3.- Curso de Aeróbic.
  - 2.2.4.- Curso de Badminton.
  - 2.2.5.- Curso de Tai Chi.
  - 2.2.6.- Curso de loga.
  - 2.2.7.- Curso de Pilates.
  - 2.2.8.- Curso de Ximansia Funcional.
  - 2.2.9.- Curso de Circuito Training.
- 2.3.- 1º Curso de actividades de adultos 2017-2018.
  - 2.3.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.
  - 2.3.2.- Curso de ximnasia acuática.
  - 2.3.3.- Curso de Aeróbic.
  - 2.3.4.- Curso de Badminton.
  - 2.3.5.- Curso de Tai chi.
  - 2.3.6.- Curso de loga.
  - 2.3.7.- Curso de Pilates.
  - 2.3.8.- Curso de Ximnasia Funcional.
  - 2.3.9.- Curso de Circuito Training.
  - 2.3.9.- Curso de Estiramientos e relaxación.

### **3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN**

- 3.1.- Actividades Físico-deportivas.
- 3.2.- Escola Multideportiva.
- 3.3.- Competicións deportivas.
  - 3.3.1.- XXI Torneo de Fútbol Praia.
  - 3.3.2.- XV Torneo de Tenis de Verán.
  - 3.3.3.- I Torneo de Badminton de verán.
  - 3.3.4.- XIV Carreira Nocturna.
  - 3.3.5.- XXV Memorial Adolfo Pedrido de xadrez.
- 3.4.- Vilagarcía a Mares.



3.4.1.- XXXV Travesía a nado ao Porto de Vilagarcía.

3.4.2.- LIV Travesía a nado ao Porto de Vilaxoan.

3.4.3.- XIII Bandeira Concello de Vilagarcía de traíñas.

#### **4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.**

4.1.- Eventos coorganizados pola Fundación de Deportes.

4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2017 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

#### **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E, REGULAMENTOS DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS “VERÁN VILAGARCÍA”, ANO 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA, ANO 2018” que se teñen previsto levar a cabo, que a continuación se relacionan, elaborado polo Sr.director Deportivo:

- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS
  - Ximnasia de mantemento
  - Aeróbic
  - Bádminton
  - loga
- ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN.
- TORNEOS DE VERÁN.
  - XXI Torneo de fútbol-praia.
  - XVI Torneo de tenis de verán.
  - II Torneo de badminton dobres de Verán
  - II Trimaratón Concello de Vilagarcía
  - XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía.
  - XXVI Memorial Adolfo Pedrido.
- ACTIVIDADES DE “VILAGARCIA A MARES”.
  - LV Travesía a nado ao Porto de Vilaxoán.
  - XIV Bandeira de traíñas Concello de Vilagarcía.

Asemade preséntase o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 23.070,36 €, desglosados da seguinte maneira:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
- SEGUROS DEPORTIVOS ACTIVIDADES	2.200,00 €
- ACTIVIDADE VILAGARCÍA A MARES:	12.520,16 €:
(. Trav. nado Porto Vilaxoán (arbitraxe/control chips) 1.020,16 .-	
.Bandeira de Traíñas Concello Vilagarcía 11.500,00 .-	
(balizamento, 1.000,00 € e premios en metálico, 10.500,00 €))	
- CARREIRA NOCTURNA	3.750,20 €
(canon 200,00 €, camisetas conmemorativas 968,00 €,	
xuíces F.G.A. 500,00 €, control chips 1.582,20 €, speaker	
200,00 € e, imprevistos 300,00 €)	
- MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO (arbitraxe)	600,00 €
- TROFEOS ACTIVIDADES DEPORITIVAS DE VERÁN	3.500,00 €
- GASTOS IMPREVISTOS	500,00 €
	<hr/>
TOTAL	23.070,36 €

Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada en relación ao asunto e no que fai constar que:

. A cota de inscrición da Carreira Nocturna, categoría absoluta, por importe de 5,00 € participante, mais o importe de 1,00 € polo aluguer do chip, non está incluída no Acordo Regulador nº 17 en vigor, polo que se debe aplicar o artigo 13: “**FIXACIÓN DO PREZO**” e, corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local, previa proposta do Consello Reitor.

. A falta de xustificación da non aplicación de prezos públicos establecidos no citado Acordo Regulador de diversos Torneos de Verán, así como non se indica no desglose de ingresos si se aplica a cota de inscrición das actividades de adultos.

Polo Sr. director Deportivo leva a cabo unha exposición de todo o proxecto das Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA, ANO 2018”, dando unha breve explicación de cada unha delas e no que indica que este ano a XXXVI Travesía a nado ao Porto de Vilagarcía será organizada directamente polo Club Natación Vilagarcía. Así como sinala que no proxecto faise constar no desglose de cada actividade de adultos no apartado Duración, que dí literalmente o seguinte: “Duración: levarase a cabo nos meses de xullo e agosto, sendo unha actividade totalmente gratuíta que non precisa inscrición previa”, aínda que non se indicou no desglose de ingresos, asemade a xustificación da non aplicación de prezo público é porque son actividades libres sen solicitude de inscrición.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de cinco votos a favor dos Sres.: Fernández, Vicente, Vilas, Canabal, e Sr. Serén, ningún voto en contra e, dúas abstencións das Sras Suárez e Granja, polo que o Consello Reitor acorda:

1.- Aprobar o Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA, ANO 2018” e os seus Regulamentos adxuntos, que se aplique os prezos públicos que establece o Acordo Regulador nº 17 en vigor, para a actividade da Escola Multideportiva de Verán.

2.- Aprobar o orzamento total de gastos para o desenvolvemento de todos os proxectos, por importe total de 23.070,36 €, co desglose anteriormente sinalado.

3.- Facultar ao Sr. presidente para a variación das datas de inscrición e celebración das actividades antes sinaladas, no caso de que concorran circunstancias sobrevidas e/ou imprevistas, a aprobación de todas as follas de inscrición, así como a fixación dos premios da XXIV Bandeira de Traíñas Concello Vilagarcía de Arousa, por importe total de 10.500,00 €, previa a celebración da mesma.

4.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición da Carreira Nocturna, categoría absoluta, por importe de 5,00 €, mais o importe de 1,00 € polo aluguer do chip, conforme ao Acordo Regulador nº 17 en vigor, que establece no seu artigo 13: **“FIXACIÓN DO PREZO”**, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 4 DE XULLO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Multiusos de Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta minutos do día catro de xullo de dous mil dezaioito, conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 05/11/15, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo. Reúnense en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidenta, Dna. Paola María Mochales

Vogaís: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias

D. Julio Torrado Quintela

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. Xavier Ríos González

D. Gaspar Antonio González Somoza

D. Celestino Brianes Lojo (incorpórase ás 20:38 horas)

Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarmiento (incorpórase ás 20:40 horas)

D. José Ramón Santorum Canto (incorpórase ás 20:44 horas)

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente da Sra. Miguéns e,incorpórase ás 20:44 horas)

D. Isidoro Canabal Durán (incorpórase ás 20:55 horas)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada, Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro (incorpórase ás 20:55 horas)

Excusan a súa asistencia os Sres/as. vogais, D. Fernando Vicente Davila, D. Jesús López Rodríguez e Dna. Edith Marcela Diz Lugo.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria do Consello Reitor do día sete de xuño de dous mil dezaioito, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO VINTE E SETE DE MARZO AO CATORCE DE XUÑO DO PRESENTE ANO.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do vinte e sete de marzo ao catorce de xuño de dous mil dezaioito, relativas a:

### **Mes de Marzo:**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 28/03/18** .- “1.- Autorización a D. Borja González Gallego, concesionario da explotación da cafetería do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a instalación dunha carpa no espazo ao lado das escaleiras de acceso á parte superior do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, con motivo da celebración da Fase Previa da XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7, 2017, os vindeiros días do 29 do presente mes ao 1 de abril do presente ano, conforme á cláusula administrativa 17.1.6 f do PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) DO CONTRATO DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE BAR NO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL JIMÉNEZ ABALO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE FONTECARMOA, que dí literalmente o seguinte: “f) Serán, en todo caso, a cargo do adxudicatario, os gastos derivados de:
  - As obras requiridas, o acondicionamento e a decoración completa do local destinado ó bar, unha vez entregado este e logo do inicio da explotación.
  - A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, enxoval e aparellos e, en xeral, calquera elemento necesario para a execución da prestación.
  - .....”

Lémbbraselle que, en ningún caso, poderá amarrar a citada estrutura na baranda perimetral do Estadio de Atletismo.

2.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas, así como relativa ao montaxe da citada estrutura, debendo presentar previo ao montaxe a seguinte documentación:

. Seguro de Responsabilidade Civil e certificado de homologación da carpa.

. Documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da súa actividade, tendo que estar habilitados segundo a lexislación vixente coa cualificación pertinente.

. Certificado dun Técnico competente, da garantía de solidez estrutural, estabilidade e seguridade de protección das persoas.

. No caso de colocar na devandita carpa, algunha instalación eléctrica, gas, neumática, etc..., deberá certificar o seu montaxe no que se indique de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

3.- Lémbbraselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 28/03/18** .- “1.- Adxudicar á empresa ABOY TORRES, MARCELINO (CARPAS TIMONEL), o aluguer dunha carpa para ubicar aos participantes no desenvolvemento da fase previa da “XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018”, os vindeiros días do 29 ao 31 de marzo e 1 de abril do presente ano, conforme á Resolución do Sr. presidente con data 21/03/2018, por importe de 695,75 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226,09.  
2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.”
- **2ª Resolución con data 28/03/18** .- “1.- Autorización a Rosa Mª Otero Piñeiro interventora/delegada da Fundación de Deportes, a asistencia ao Curso Formativo “AUDITORÍA DO SECTOR PÚBLICO”, que se vai levar a cabo en Santiago de Compostela, os días do 2 ao 18 de abril do presente ano, así como aprobar os gastos de locomoción por importe total de 195,00 €, con cargo á partida 341-231,20. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizador.”

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 28/03/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de Dna. Adela Miguéns Muñiz, polos gastos correspondentes as dietas e locomoción da asistencia ao Curso Formativo “NOVIDADES QUE INTRODUCEN A NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICA”, por importe total de 66,15 co seguinte desglose:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
Dietas	8,35 .-	341-230,20
Locomoción	57,80 .-	341-231,20
Total .....	66,15 €”	

- **2ª Resolución con data 28/03 /18 .-** “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000003618F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de febreiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00.”

- **3ª Resolución con data 28/03/18 .-** “ Aprobación do recoñecemento de obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan, correspondentes a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a , por importe total 15.148,20 €.:

1.- Recoñecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L. pola factura nº Emit-18001216, correspondente ao aluguer de dúas cabinas de WC (unha de 6 wc, 2 wc de pé e 3 piletas, aseos femininos e outra 2 wc e 1 pileta, aseos masculinos), ata tanto se finalice a remodelación dos aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, mes de febreiro, aprobado polas Resolucións do Sr. presidente con datas 01/06/2017 e 14/09/2017, por importe total de 313,39 €, con cargo á partida 341-226,9900.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000002918F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de febreiro, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 17/18, correspondente á adquisición de 156 medallas, celebración do III TROFEO ATLETISMO MAZÍ- CIDADE DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/02/2018, por importe de 265,20 €, con cargo á partida 341-226,9901.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18044, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes

de febreiro, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº 015/18, correspondente ao Contrato de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 1º trimestre (xaneiro, febreiro e marzo, ano 2018) aprobado pola Resolución da Sra. presidenta con data 07/04/2015, por importe total de 1.609,30 €, con cargo á partida 341-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº Emit-89, correspondente ao contrato menor de subministros, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, mes de febreiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 38,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.”

- **4ª Resolución con data 31/03/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 3/2018 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 4.488,68 €.”

#### **D.- Outros:**

- Non existe

#### **Mes de Abril:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 02/04/18**- “1.- Comunicación ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da Regata de bateis, campionato provincial (territorial Sur), no peirao de Vilaxoán, os vindeiros días 14 e 15 do presente mes, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do material solicitado.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita Regata.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión e instalación de 2 palcos toldados (o toldo pode substituírse por carpas do Concello).



- . Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Megafonía.
- . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de comunicación da devandita proba.
- . Concellería de Cultura, a súa petición de designación da Asociación Nos de Sobrado para amenizar a citada proba.”

- **2ª Resolución con data 02/04/18.-** “1.- Traslado da solicitude do Club Deportivo Pérez Sub, para a celebración do Campionato Galego de Apnea, o vindeiro día 15 do presente mes, á empresa concesionaria SERVIICIO CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L. da Piscina Cuberta do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, da autorización do uso de 4 rúas e a colaboración do seu persoal de socorrismo, para a súa aprobación, se procede.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición da presenza dunha ambulancia.
- . Departamento de Comunicación, para a promoción nos medios de Comunicación e pancarta publicitaria do evento.

3.- Conceder 3 trofeos da remesa existente da Fundación de Deportes.”

- **3ª Resolución con data 11/04/18.-** “1.- Remisión da solicitude do Club AROMON PONTEVEDRA MONTAÑEIRO A ROELO, de autorización do uso do aparcadoiro do Polígono Industrial de Pousadoiro, así como o seu control do acceso en horario de competición dende o aparcadoiro á vía asfaltada, para a celebración do CAMPIONATO DE ESPAÑA E CAMPIONATO IBÉRICO FEMININO DE ORIENTACIÓN EN BICICLETA DE MONTAÑA, o vindeiro día 28 de abril do presente ano, no Monte de Xiabre, á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede. Así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe.

2.- Autorizar o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para poder ducharse os participantes e a entrega de Premios do devandito Campionato, o vindeiro día 28 de abril, de 18:00 horas ata a finalización da entrega de Premios. Debendo deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar que polo Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes se leve a cabo a colaboración que a continuación se relaciona, dentro das dispoñibilidades existentes

do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:

- . Cesión dun equipo de megafonía, 80 cadeiras e 1 podium
- . Colocación das bandeiras de protocolo e unha pantalla para presentación de imaxes dende canon de vídeo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de Obras, a cesión de 20 valadas.
- . Departamento de Medio Ambiente, a cesión de 2 colectores de lixo.
- . Departamento de Electricidade, a colocación dunha toma de corrente para suministro de enerxía eléctrica no aparcadoiro de Pousadoiro.
- . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de colaboración coa súa ambulancia dotada de desfibrilador, así como a posibilidade dunha bomba de auga para o lavado das bicicletas.

5.- Comunicarlle que no relativo á zona habilitada para pernoctar a noite previa á competición os participantes que viaxan en autocaravanas, existe no aparcadoiro do Recinto Fexdega un espazo habilitado para o estacionamento das autocaravanas.

6.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **4ª Resolución con data 11/04/18.** “1.- Autorización ao CPR Plurilingüe Sagrada Familia Filipense, o uso de dúas pistas polideportivas do Recinto Fexdega co seu equipamento deportivo, para a celebración da xornada de “Deporte na Escola” dentro do programa xogade da Xunta de Galicia, o vindeiro día 18 do presente mes, de 09:30-13:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas pistas nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **5ª Resolución con data 11/04/18.-** “1.- Autorización ao Club Deportivo Salvamento Vilagarcía, en precario, o uso do Ximnasio de Musculación do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para poder levar a cabo a preparación física de 9 deportistas acompañados da súa adestradora, os luns de 19:15-20:00 horas, anulando os venres de 17:30-18:15 horas. Debendo respectar as normas de utilización da instalación que se autoriza e, sempre en uso compartido cos demais usuarios da citada instalación.

- **6ª Resolución con data 11/04/18.-** “1.- Autorización á Asociación Deportiva Arousa Fútbol-7, para a celebración da “XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018”, da Fase Previa que quedou aprazada polas inclemencias metereolóxicas, o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, o vindeiro día 1 de maio do presente ano. Debendo na maior brevidade posible remitir os horarios de apertura e peche da devandita instalación, o que xenerará por tratarse dun día festivo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,52 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, dispoñibilidade do camiión o luns 30 de abril do presente ano, para o traslado de material dende a nave de A Laxe ata o citado Campo de Fútbol, a cesión de 18 mesas de palco sen patas, 3 carpas, 25 cadeiras, 8 mesas plegables e a cesión de mesas con bancos para comer 100 persoas.

. Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Megafonía cun micrófono inalámbrico e outro fixo.

. Departamento da Policía Local, a comunicación do citado evento para a regulación do tráfico no caso necesario.

4.- Lémbra-selle que calquer cambio de ubicación do equipamento (con desanclado dos mesmos) da instalación aprobada, deberá presentar unha certificación que garante a

súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para os participantes e público asistente.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **7ª Resolución con data 18/04/18.-** “1.- Autorización ao Club Ponte a Patinar, o uso do Pavillón do CEIP Arealonga (co permiso da dirección do citado Centro de Ensino), para a celebración dunha competición de Patinaxe, o vindeiro día 21 do presente mes, de 09:00-21:30 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Ceder ao citado Club 20 conos, debendo levarse a cabo a súa colocación e retirada por Persoal Municipal, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

4.- Comunicarlle que no relativo a cesión de 20 petos non é posible acceder a súa solicitude.

5.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición de cesión de 20 cadeiras de plástico para a súa aprobación, se procede.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno as instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados

traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

2.- Autorizar o uso dos catro vestiarios, planta baixa, do pavillón nº 1 do CDM Fontecarmoa e no relativo á solicitude dun recinto pechado para poder gardar as mochilas dos equipos participantes, pódese autorizar a dependencia da Sala de Xuíces do Estadio de Atletismo ou ben, levar a cabo un box con valadas, no espazo posterior á bancada do Campo de Fútbol Manuel Jiménez do CDM Fontecarmoa, en todo o caso, será o Club responsable da garda e custodia do citado material.

3.- Autorizar o uso da caseta-vestiario existente na parte baixa do CDM Fontecarmoa, así como se lle comunica que esta Fundación de Deportes non dispón de máis casetas deste tipo.

4.- Aprobar a cesión de 2 alargadeiras e publicidade da Fundación de Deportes, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Obras, a súa solicitude de cesión de 7 carpas, 4 mesas, 15 cadeiras, 100 valadas e 5 mesas de palco sen patas.
- Auditorio, a súa petición de cesión dun equipo de megafonía.

6.- Comunicarlle que no relativo a cesión de 4 bancos suecos e punto de conexión eléctrica, no caso necesario, xa se dispón do mesmo na devandita instalación. Así como para a periodicidade do corte de céspede e rega dos terreos de xogo, a Fundación solicitará á empresa adxudicataria que leve a cabo o corte do campo de herba natural o venres día 01/06/2018 e polo Servizo de Mantemento evalúe a súa petición de rega.

7.- Comunicarlle que deberá presentar toda a documentación requerida na Resolución do Sr. presidente con data 15/11/2017.”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 02/05/18** .- “1.- Aprobación dos gastos correspondentes á organización do IX EDICIÓN DO TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, ano 2018, por importe total de 14.921,08 € co seguinte desglose:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
Organización Técnica da proba	10.433,83 .-	341-226,09
Aluguer de 350 valadas	1.905,75 .-	341-226,09



Difusión de imaxes da proba	572,40 .-	341-226,09
Trofeos	209,10 .-	341-226,9901
Premios en metálico	1.200,00 .-	341-226,09
Imprevistos	600,00 .-	341-226,09

Total ..... 14.921,08 €

2.- Aprobar a Provisión de Fondos e o seu recoñecemento de obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, para o pagamento dos gastos dos Premios en Metálico, por importe total de 1.200,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

3.- Adxudicar ás seguintes empresas, polos conceptos e importes que a continuación se relacionan, por importe total de 13.121,08 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
LOXÍSTICA DEL DEPORTE, LA CULTURA Y EL OCIO, S.L.U. (LODECO)	Organización	10.433,83 .-	341-226,09
BAYGAR, SL.	Técnica da proba		
PÉREZ BUGALLO, SILVIA (DIFUSIÓN)	Aluguer 350 valadas	1.905,75 .-	341-226,09
	Difusión de imaxes da proba	572,40 .-	341-226,09
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Trofeos	209,10 .-	341-226,9901
Total .....		13.121,08 €	

4.- Comunicarlles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.”

- **2ª Resolución con data 04/05/18** .- “1.- Aprobación dos gastos da coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa do XVI CAMPIONATO SEMIRÁPIDAS SANTA RITA, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 13/03/2018, por importe total de 4.580,00 €, correspondendo a cargo da Fundación de Deportes un importe total de 1.660,00 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Trofeos	500,00 .-	341-226,9901
Premios en metálico	1.160,00 .-	341-226,09
Total .....		1.660,00 €

2.- Aprobar a Provisión de Fondos e o seu recoñecemento de obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, para o pagamento dos gastos dos Premios en Metálico, por importe total de 1.160,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”

- **3ª Resolución con data 04/05/18** .- “1.- Adxudicación á empresa KILOVATIO GALICIA, S.A.U., a adquisición de lámpadas cos seus arrancadores e condesadores, para as Torrestas de Iluminación dos Campos de Fútbol Municipais, a traves dun contrato menor de subministros, por importe de 4.439,67 €, con cargo á partida 341-213.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.”

- **4ª Resolución con data 04/05/18** .- “1.- Aprobación das 40 solicitudes de inscrición da Escola Municipal Náutica, modalidade de Vela, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para a devandita Escola.

2.- Comunicar ás 16 solicitudes de inscrición que non foron aprobadas, que poiden solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar esta actividade, facendo constar o número de conta bancaria na que desexa se lle abone o importe a devolver.

3.- Adxudicar á Federación Galega de Vela (no Centro de Técnicación de Vela de Vilagarcía de Arousa), a organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Vela, ano 2018, para un total de 40 alumnos/as, por importe total de 3.160,00 €, co desglose que a continuación se indica, que se abonará pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folla de control das asistencias dos/as alumnos/as ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
SEGUROS/LECENZA (16,00 €/alumno)	640,00 €	341-224
9 SESIÓNS (7,00 €/sesión-alumno)	2.520,00 €	341-227,9901
	<hr/>	
Total .....	3.160,00 €	

4.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro do 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo (Recoméndase que estes códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes).

5.- A escola iniciará a súa actividade o vindeiro día 05/05/2018 e rematará o 30/06/2018, tendo por tanto unha duración de 9 sesións (1 por semana).

6.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento da Escola e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.

7.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

8.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.

9.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).”

- **5ª Resolución con data 04/05/18** .- “1.- Concesión ao Club Arosa, S.C., 1 Trofeo, para a celebración “VII EDICIÓN DO TORNEO CIDADE DE VILAGARCÍA BENXAMÍN”, adxudicando a adquisición do citado trofeo á empresa FUNDICIONES REY, S.L., a traves dun contrato menor de subministro, por importe de 556,60 €, con cargo á partida 341-226,9901. Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo (Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes).”

- **6ª Resolución con data 10/05/18** .- “1.- Adxudicación da adquisición de 25 trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para a coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa do XVI CAMPIONATO SEMIRÁPIDAS SANTA RITA, a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 500,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.”

- **7ª Resolución con data 11/05/18** .- “1.- Aprobación da ampliación do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, para a organización da modalidade de

Salvamento Acuático, conforme ao acordo do Consello Reitor en sesión con data 05/04/2018, dirixida a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2009-2002).

2.- Aprobar a folia de solicitude de inscrición da devandita Escola, na que se aplique o prezo público establecido no Acordo Regulador nº 17 en vigor, para as Escolas Deportivas, por importe de 12,00 €.

3.- Aprobar a ampliación do orzamento por importe total de 1.719,03 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
- SEGUROS DEPORTIVOS	219,03 .-	341-224
-ESC. DEP.MUNIC. NAÚTICA DE SALVAMENTO	1.500,00 .-	341-227,9901
Total .....	1.719,03 €	

- **8ª Resolución con data 15/05/18** .- “1.- Aprobación da Rendición de Contas a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, correspondente ao pagamento dos gastos dos Premios en Metálico da organización do IX TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, ano 2018, por importe total de 1.200,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”

- **9ª Resolución con data 15/05/18** .- “1.- Concesión ao Club Olímpic-Vilagarcía , 150 medallas, para a celebración da Macroexhibición de Taekwondo SANTA RITA 2018, adxudicando a adquisición das citadas medallas á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 255,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.”

- **10ª Resolución con data 15/05/18** .- “1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, a traves dun contrato menor de Servizos e/ou Subministros, polos conceptos e importes que a continuación se relacionan, correspondentes aos gastos da XXVIII EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, ano 2018, aprobados polo Consello Reitor en sesión con data 05/04/2018, por importe total de 3.260,50 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
MUTUA GENERAL DE SEGUROS (BLANCO BALIÑAS, SAMUEL)	SEGURO PARTICIPANTES	200,00 €	341-224
SABUGUEIRO SÁNCHEZ, RAFA	GRABACIÓN/MONTAXE/ EDICIÓN VIDEO	1.331,00 €	341-226,09
HINCHABLES GALICIA, SLU	ALUGUER HINCHABLES	1.149,50 €	341-226,09
GONZÁLEZ GALLEGO, BORJA	ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	580,00 €	341-226,09
Total .....		3.260,50 €	

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.”

- **11ª Resolución con data 23/05/18** .- “1.- Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L., a través dun contrato menor de subministro, a adquisición de cinco aspersores do Sistema de Rega do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, polas roturas atopadas dos mesmos, por importe de 934,50 €, con cargo á partida 341-213.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.”

- **12ª Resolución con data 29/05/18** .- “1.- Aprobación da Rendición de Contas a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, correspondente ao pagamento dos gastos dos Premios en Metálico da coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa do XVI CAMPIONATO SEMIRÁPIDAS SANTA RITA (Campionato Galego de Xadrez Rápido e Xadrez Relámpago) por importe total de 1.160,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”

- **13ª Resolución con data 29/05/18** .- “1.- Concesión á Asociación Deportiva Arousa Fútbol-7, 1 Trofeo, para a celebración “XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018”, adxudicando a adquisición do citado trofeo á empresa FUNDICIONES REY, S.L., a través dun contrato menor de subministro, por importe de 1.851,30 €, con cargo á partida 341-226,9901. Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo (Recoméndase que estes códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes.”

- **14ª Resolución con data 31/05/18** .- “1.- Adxudicación á empresa CLECE, S.A. (empresa concesionaria do Contrato de Limpeza das instalacións deportivas), a través dun contrato menor de servizos, a realización das Limpezas extraordinarias que a continuación se relacionan, no Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, por importe total de 304,53 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-227,00 co seguinte desglose:

- Reforzo da limpeza de gradas, pola da celebración do I Torneo Cidade de Vilagarcía Alevín, o vindeiro día 3 de xuño, por importe de 67,08 €..
- Reforzo da limpeza de aseos, vestiarios e gradas, pola celebración da Fase Final Arousa Fútbol 7, os vindeiros días 17 e 18 de xuño de 2018 (conforme orzamento), por importe de 139,05 €.

- Reforzo da limpeza de vestiarios, aseos e gradas, pola celebración do VII Torneo Cidade de Vilagarcía Benxamin, o vindeiro día 24 de Xuño de 2018 por importe de 98,04 €.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.”

### C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 30/05/18** .-“ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de Dna Rosa Mª Otero Piñeiro, interventora/delegada e Dna. Adela Miguéns Muñiz secretaria/delegada da Fundación de Deportes, polos gastos de locomoción e dietas das súas asistencias á Xornada práctica sobre a aplicación da NOVA LEI 9/2017 DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO NO ÁMBITO LOCAL, celebrada o pasado día 12 de abril do presente ano, na Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, por importe total de 35,14 € co seguinte desglose:

NOME E APELIDOS	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Adela Miguéns Muñiz	Dietas	12,00 .-	341-230,20
Rosa Mª Otero Piñeiro	Dietas	12,00 .-	341-230,20
	Locomoción	11,14 .-	341-231,20
	Total .....	35,14 €	

- **2ª Resolución con data 30/05/18** .-“ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de Dna Rosa Mª Otero Piñeiro, interventora/delegada da Fundación de Deportes, polos gastos de locomoción da asistencia a asistencia ao Curso Formativo “AUDITORÍA DO SECTOR PÚBLICO”, por importe de 105,00 €, con cargo á partida 341-231,00.”

- **3ª Resolución con data 31/05/18** .-“ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 5/2018 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 4.671,53 €.”

- **4ª Resolución con data 31/05/18** .-“ Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800009618F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e,

de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00.”

- **5ª Resolución con data 31/05/18** .-“ Aprobación do recoñecemento da obriga a favor darelación de facturas que a continuación se relacionan, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 28.925,07 €.:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800008218F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de abril, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L. pola factura nº Emit-18002914, correspondente ao aluguer de dúas cabinas de WC (unha de 6 wc, 2 wc de pé e 3 piletas, aseos femininos e outra 2 wc e 1 pileta, aseos masculinos), ata tanto se finalizase a remodelación dos aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, mes de abril, aprobado polas Resolucións do Sr. presidente con datas 01/06/2017 e 14/09/2017, por importe total de 335,78 €, con cargo á partida 341-226,9900.

3.- Recoñecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L. pola factura nº Emit-18003350, correspondente aos portes de retirada do aluguer de dúas cabinas de WC, unha vez finalizada a remodelación dos aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, con data 30/04/2018, aprobado polas Resolucións do Sr. presidente con datas 01/06/2017 e 14/09/2017, por importe total de 108,90 €, con cargo á partida 341-226,9900.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18096, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de abril, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa LOGÍSTICA DEL DEPORTE LA CULTURA Y EL OCIO, S.L.U., pola fra. Nº 18 24, correspondente á organización técnica do IX EDICIÓN DO TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 02/05/2018, por importe de 10.433,83 €, con cargo á partida 341-226,09.

6.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: OS INGLESSES RUGBY CLUB, pola factura nº 2, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Rugby, 1 grupo, meses de xaneiro, febreiro e marzo, curso 2017/18, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 450,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-04/18, correspondente á realización das clases do III Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2017/18, mes de abril, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 20/11/2017, por importe de 848,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº Emit-111, correspondente ao contrato menor de subministros, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, mes de maio, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 38,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BAYGAR, S.L., pola fra. Nº 18003581, correspondente ao aluguer das 350 valadas para a celebración do IX Triatlón Concello de Vilagarcía, ano 2018, aprobado pola Resolución con data 02/05/2018 por importe de 1.905,75 €, con cargo á partida 341-226,09.

10.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18121, correspondente á adquisición de cinco aspersores do Sistema de Rega do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, polas roturas atopadas dos mesmos, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 23/05/2018, por importe de 934,50 €, con cargo á partida 341-213.

11.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL VILAGARCÍA ESGRIMA, pola factura nº 002, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Esgrima, 1 grupo, meses de abril e maio 2018, curso 2017/18, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

12.- Recoñecemento da obriga a favor de DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A., pola factura nº151-1-05/41, correspondente á adquisición de 360 picnics para os participantes do Campionato Galego de Atletismo de Deporte Adaptado, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/05/2018, por importe de 648,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”



- **6ª Resolución con data 31/05/18** .-“ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación nº 2/2018 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, parte de xaneiro, febreiro, marzo e abril 2018, por importe total de 11.167,44 €, con cargo á partida 341-221,00.”

**D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 04/05/18** .-“ 1.- Prestar a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB XIMNASIA RÍTMICA VILAGARCÍA, no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes.”

- **2ª Resolución con data 23/05/18** .-“ 1.- Aprobación aos Clubes Deportivos: Club Natación e Salvamento Vilagarcía, a cesión de 3 mesas da Fundación de Deportes, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folia de cesión de material por duplicado.

2.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición de cesión de 100 cadeiras e 3 carpas, para a súa aprobación, se procede.

- **3ª Resolución con data 29/05/18** .-“ 1.- Autorización a D. Borja González Gallego, concesionario da explotación da cafetería do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a instalación dunha caseta no espazo ao lado das escaleiras de acceso á parte superior do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, con motivo da celebración da I EDICIÓN DO TORNEO CIDADE DE VILAGARCÍA ALEVÍN, os vindeiros días 2 e 3 de xuño do presente ano, conforme á cláusula administrativa 17.1.6 f do PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) DO CONTRATO DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE BAR NO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL JIMÉNEZ ABALO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE FONTECARMOA, que dí literalmente o seguinte: “f) Serán, en todo caso, a cargo do adxudicatario, os gastos derivados de:

- As obras requiridas, o acondicionamento e a decoración completa do local destinado ó bar, unha vez entregado este e logo do inicio da explotación.
- A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, enxoval e aparellos e, en xeral, calquera elemento necesario para a execución da prestación.
- .....

Lémbaselle que, en ningún caso, poderá amarrar a citada estrutura na baranda perimetral do Estadio de Atletismo.

2.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas, así como relativa ao montaxe da citada estrutura, debendo presentar previo ao montaxe a seguinte documentación:

. Seguro de Responsabilidade Civil e certificado de homologación da carpa.

. Documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da súa actividade, tendo que estar habilitados segundo a lexislación vixente coa cualificación pertinente.

. Certificado dun Técnico competente, da garantía de solidez estrutural, estabilidade e seguridade de protección das persoas.

. No caso de colocar na devandita carpa, algunha instalación eléctrica, gas, neumática, etc..., deberá certificar o seu montaxe no que se indique de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

3.- Lémbreselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”

- **4ª Resolución con data 31/05/18** .-“ 1.- Remisión da solicitude da Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, autorización do uso da Praza de Galicia, para a celebración da Clausura da MASTER SENIOR LEAGUE, ano 2018, o vindeiro día 23 de xuño do presente ano, de 09:00-14:00 horas á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede. Así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe.

2.- Aprobar a cesión dunha canastra de baloncesto reglamentaria, dun marcador portátil e dunha alargadeira, sempre e tanto de ser autorizada a devandita actividade pola Xunta de Goberno Local, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse no citado material polos participantes da devandita actividade e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 150 cadeiras e instalación dunha carpa.

. Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Megafonía.

. Departamento de electricidade, a instalación dun cadro eléctrico.

4.- Comunícaselle que deberá tomar todas as medidas preventivas co fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan ao devandito evento.”

- **5ª Resolución con data 31/05/18** .-“ 1.- Informar favorablemente á sinatura do Convenio Económico co CLUB XIMNASIA RÍTMICA VILAGARCÍA así como, remitir a solicitude ao Consello Reitor para a súa aprobación, se procede.

2.- Comunícaselle que no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente,deberá presentar certificacións Orixinais ou Fotocopias Compulsadas, das Administracións correspondentes de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda e Recadación Municipal e, ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes (ABANCA, ES16 2080 5067 1130 4003 1153) a cantidade de 100,00 €, en concepto de fianza-depósito para garantir o correcto uso das instalacións. Advírteselle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude, o que conlevará o arquivo da mesma.”

#### **Mes de Xuño:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 06/06/18** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva Arousa Fútbol-7, o uso do campo de herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os vindeiros días 15 ao 17 do presente mes, para a celebración da Fase Final da “XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018”. Debendo designar a persoas da súa organización para que os usuarios que accedan ou saian ao campo de herba natural, o fagan só pola zona habilitada das pistas de atletismo, así como a recollida de balóns que poidan sair as devanditas pistas. Asemade deberá na maior brevidade posible remitir os horarios de apertura e peche do desenvolvemento do devandito Torneo.

2.- Autorizarlle o uso dos Vestiarios, aseos e sala de curas da devandita instalación, levando a cabo a súa apertura e peche polo operario-conserxe da Fundación de Deportes. Así como o acceso dunha ambulancia polo camiño situado ao norte do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo e colocación dunha cabina grande a continuación da bancada pegada ao campo.

3.- Comunicarlle que deberá deixar todas as instalacións autorizadas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

4.- Comunicarlle que no relativo a periodicidade do corte e rega dos terreos de xogo, a Fundación solicitará á empresa adxudicataria que leve a cabo o corte do campo de

herba natural o xoves día 14/06/2018 e polo Servizo de Mantemento evalúe a súa petición de rega.

5.- Aprobar que polo Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes se leve a cabo a colaboración que a continuación se relaciona, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:

- A Cesión de 8 colectores de lixo grandes, moqueta ou similar para protexer o céspede diante dos banquetes, colocación de protección das pistas de atletismo, para o acceso ao campo de herba natural, así como eliminación de barreiras.
- A colocación das tarimas para a TV.
- Retirada dos banquetes actuais e das porterías de fútbol 7 abatibles.
- Montaxe dunha grada supletoria para 900 persoas (levarase a cabo antes do día 12/06/2018).
- A colocación da publicidade propia do Concello e Fundación de Deportes para o citado evento, nos lugares que designe a Fundación de Deportes e, conforme o que establece o Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade

6.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión e instalación de 150 valadas, 12 carpas, 55 mesas de palco sen patas (protección do céspede), 4 mesas de palco con patas de 1m.(colocación de trofeos), 4 mesas de palco con patas de 40 cm. (como pódium), 20 mesas brancas plegables, 60 cadeiras, 11 mastís de base vermella para bandeiras de protocolo. Así como o traslado de valados, neveiras, banquetes, etc..., dende A Laxe ata a devandita instalación e retorno.
- Departamento de electricidade, o subministro de corrente eléctrica para a zona de informática e publicidade hinchable, a colocación de dúas pantallas electrónicas de información na grada de público.
- Departamento de Medio Ambiente, cesión de 2 colectores grandes e 6 pequenos.
- Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local, relativa á autorización da reserva de estacionamento para autobuses na rúa Camilo José Cela (dende o IES Bouza Brey), así como na mesma rúa, dende o camiño de comezo do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo (aparcadoiros en batería) ata a entrada do citado IES, para os vehículos da organización e oficiais. Así como para a colaboración do devandito departamento durante o desenvolvemento do evento.

- Departamento de Protocolo, a cesión das bandeiras oficiais de Holanda, Portugal, Francia, Angol, EEUU, Japón e Inglaterra.

7.- Comunicarlle que pola Resolución do Sr. presidente con data 31/05/2018 foi adjudicado á empresa Clece, S.A., o reforzo da limpeza de aseos, vestiarios e gradas, pola celebración da Fase Final Arousa Fútbol 7, os vindeiros días 17 e 18 de xuño de 2018 (conforme orzamento), por importe de 139,05 €.

8.- Comunicarlle que:

. No relativo á vixiancia nocturna no interior e no exterior do recinto, así como a limpeza durante o desenvolvemento, deberá levarse a cabo con persoal da propia organización.

. De acordo as conversas mantidas non é necesario a colocación de rede de sombreado para impedir a visibilidade e acceso dende o exterior, así como a retirada das porterías de fútbol-11.

. No relativo á solicitude de instalación de dúas casetas ou cabinas sanitarias con accesibilidade para minusválidos, a propia instalación deportiva xa conta con asentos para o público que cumpren coa lexislación vixente en canto a accesibilidade.

9.- Comunicarlle que deberá presentar toda a documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 15/11/2017.”

- **2ª Resolución con data 07/06/18** .- “1.- Comunicación ao Club Xadrez Fontecarmoa, que non é posible acceder a súa solicitude de uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dado xa está autorizado a outra entidade deportiva, polo que autorizáselle o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo unha xornada físico-deportiva como final da tempada 2017/18, o vindeiro día 15 de xuño do presente ano, de 17:00-20:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.”

- **3ª Resolución con data 07/06/18** .- “1.- Autorización ao Club Vilagarcía, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración dunha Festa Final de Tempada para todos os seus deportistas e colaboradores, o vindeiro día 22 de xuño do presente ano, de 20:00-23:00 horas. Asemade comunícaselle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

2.- Trasladar ao Departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición de cesión de 15 mesas grandes e 1 palco (4X3), para a súa aprobación, se procede.

3.- Comunicarlle que, no caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar antes do inicio da devandita actividade o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

5.- Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”

- **4ª Resolución con data 07/06/18** .- “1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia Rítmica en precario, o uso do Pavillón Municipal da Torre, para o desenvolvemento de adestramentos de pretempada dos seus deportistas, durante o mes de agosto do presente ano, os días e horas que a continuación se indican, quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes:

<b>DÍAS</b>	<b>HORAS</b>
luns, mércores e venres	10:00-13:00 horas
martes e xoves	11:00-13:00 horas

2.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **5ª Resolución con data 08/06/18 .-** “1.- Autorización ao BASKET BASE CLUB, o uso do Pavillón Municipal Castelao, para a celebración do TORNEO DE VERÁN 3X3, categorías PRE-MINI, MINI, INFANTIL, CADETE e JUNIOR feminina e masculina, do 28 ao 30 do presente mes, de 09:30-13:30 horas. Sinalándolle que o aforo máximo total do devandito Pavillón é de 100 persoas, que non poderá excederse en ningún momento.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conforme ao Acordo Regulador nº 17 en vigor e o Convenio Económico asinado con esta Fundación de Deportes e, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Polo que conforme ao acordo do Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, apróbase a subscrición do Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas (Torneo 3X3), ano 2018, no que se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de xogadores/as, correspondéndolle a esta actividade un total de 5 becas (50 prazas ofertadas), para a inscrición de 5 nenos/as, que xestionarán directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a rapaces/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais rapaces/as.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o

compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **6ª Resolución con data 12/06/18** .- “1.- Aprobación ao Club Arosa, S.C. o montaxe e desmontaxe da VII EDICIÓN DO TORNEO CIDADE DE VILAGARCÍA BENXAMÍN, no Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os días 20, 21 e 25 do presente mes e, en horario de apertura e peche da instalación, de 09:00-13:00 horas e de 17:00-23:00 horas.

2.- Aprobar o horario do desenvolvemento do devandito Torneo, os días autorizados para cada instalación pola Resolución do Sr. presidente con data 15/11/2018, de 07:30-22:30 horas, o que xenerará parte do mesmo a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 15,02 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria das devanditas instalacións deportivas.

3.- Aprobar a cesión do material que a continuación se relaciona e que polo Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes se leve a cabo a colaboración do seu montaxe, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:



. Para o Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a cesión de 2 alargadeiras, 4 bancos suecos e punto de corrente (están dispoñibles na propia instalación deportiva),

. Para o Campo de Herba Natural do Estadio de Atletismo, a cesión de 2 xogos de porterías de Fútbol-8 para o campo de herba natural, así como poderá verse a posibilidade de subir os banquetes novos do Estadio Municipal de A Lomba. Debendo designar a/s persoa/s da súa organización para que os usuarios que accedan ou saian ao campo de herba natural, o fagan só pola zona habilitada das pistas de atletismo, así como a recollida de balóns que poidan saír as devanditas pistas.

Asemade da publicidade institucional da Fundación de Deportes para toda a instalación autorizada do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

. Para o Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, 1 xogo de porterías de F-8, 2 alargadeiras, 1 punto de conexión eléctrica e a publicidade institucional da Fundación de Deportes e Concello.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión do seguinte material:

. Para o Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo.- 7 carpas, 6 mesas, 15 cadeiras, 100 valadas e 9 mesas de palco sen patas.

. Para o Campo de Fútbol Municipal de A Lomba.- 3 carpas, 3 mesas, 10 cadeiras e 40 valadas.

- Departamento de Auditorio, a cesión da megafonía grande para o Campo de Fútbol Manuel Jiménez.

5.- Comunicarlle que pola Resolución do Sr. presidente con data 31/05/2018 foi adjudicado á empresa Clece, S.A., o reforzo da limpeza de aseos, vestiarios e gradas, pola celebración do VII Torneo Cidade de Vilagarcía Benxamin, os vindeiros día 22, 23 e 24 de Xuño de 2018 por importe de 98,04 €.

6.- Comunicarlle que no relativo á limpeza de vestiarios e aseos do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba no desenvolvemento do devandito Torneo, deberá ser a cargo dos organizadores, conforme ao Convenio de Uso da citada instalación, asinado coa Fundación de Deportes no que dí literalmente o seguinte: “6.2.- O mantemento e limpeza das instalacións sinaladas na cláusula segunda, correrá a cargo do Club Arosa S.C. conforme as obrigas que a continuación se indican:

**a) A limpeza e mantemento ordinario da devandita instalación deberá realizarse alomenos despois de cada uso por parte do devandito club e cando sexa necesario, respectivamente.”**

7.- Comunicarlle que deberá presentar toda a documentación requerida na Resolución do Sr. presidente con data 15/11/2017 (data límite antelación de 72 horas antes do inicio ao montaxe/celebración do evento).”

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 04/06/18** .- “1.- Autorización a D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación, a realización do Curso Formativo “CURSO DE IOGA 3ª IDADE”, que se vai levar a cabo en A Coruña, os vindeiros días 16 e 17 do presente mes. Así como aprobar os gastos de inscrición, locomoción e dietas, por importe total de 291,24 €, co seguinte desglose. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
Inscrición	180,00 .-	341-162,00
Locomoción	20,00 .-	341-231,20
Dietas	<u>91,24 .-</u>	341-230,20
Total .....	291,24 €”	

- **2ª Resolución con data 08/06/18** .- “1.- Aprobación das 14 solicitudes de inscrición da Escola Municipal Náutica, modalidade de Salvamento Acuático, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para a devandita Escola.

2.- Adxudicar a contratación do seguro de Accidentes, para un total de 14 alumnos/as, a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A. (empresa concesionaria dos Seguros desta Fundación de Deportes), a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, por importe total de 74,62 €, con cargo á partida 341-224.

3.- Adxudicar ao Club Salvamento Deportivo Vilagarcía, a organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Salvamento Acuático, ano 2018, para un total de 14 alumnos/as, por importe total de 1.500,00 € , con cargo á partida 341-227,9901, que se abonará pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folla de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

4.- Comunicaselle que dende o día 15 de xaneiro do 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo.

5.- A escola iniciará a súa actividade o vindeiro día 08/06/2018 e rematará o 04/08/2018, tendo por tanto unha duración de 2 meses.

6.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento da Escola e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.

7.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

8.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.

9.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 01/06/18** .-“ 1.- Prestar a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: ASOCIACIÓN CULTURAL Y DEPORTIVA ARES AROUSA, no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes.”

- **2ª Resolución con data 08/06/18** .-“ 1.- Aprobación dos horarios de apertura e peche de todas as intalacións deportivas, tempada Estival, para o periodo do 11 de xuño a o 31 de agosto do presente ano, nos seguinte termos e, que se coloque un/s cartel/is informativo/s en todas as instalacións deportivas:

#### **TEMPADA ESTIVAL:**

<b><u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORARIO</u></b>
- CDM Fontecarmoa	Luns a venres	09:00-13:30 horas 17:00-23:30 horas
	Sábado	09:00-14:00 horas
	Domingo	09:00-14:00 horas

Os meses de Xullo e Agosto as Instalacións Deportivas Municipais Exteriores, permanecerán pechadas, salvo casos excepcionais, previa solicitude por escrito do interesado/a e, aprobación pola Resolución do Sr. presidente.

Os festivos salvo autorización expresa da Fundación de Deportes, as instalacións estarán pechadas.

Aviso Importante: A finalización de todas as actividades deportivas será ½ hora antes do peche da instalación.

Asemade o presente horario poderá ter as seguintes excepcións:

1.1 .- As instalacións Deportivas Municipais, se abrirán fora do horario anteriormente indicado, para o desenvolvemento dos partidos oficiais (ligas ou similar) que sexan Federadas ou calqueira outra actividade que sexa aprobada pola Resolución do Sr. presidente, preferentemente os sábados e domingos, a apertura levarase a cabo 1 hora antes do inicio da actividade.

1.2 .- Nas instalacións deportivas exteriores, de luns a venres, poderá levarse a cabo a súa apertura, de existir algunha solicitude de actividade, en horario de 09:00-13:30 horas.”

- **3ª Resolución con data 08/06/18** .-“ 1.- Dar traslado da solicitude da Agrupación Deportiva Cortegada, das necesidades de colaboración, para a celebración dunha Festa Final de Tempada, o vindeiro día 16 do presente mes, na zona de arbolada da Praia da Concha, aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, para a súa aprobación, se procede:

- Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local, relativa ao acotamento da arbolada.
- Departamento de Obras, cesión de 25 mesas e 250 cadeiras.
- Departamento de Medio Ambiente, cesión de colectores de lixo.
- Departamento de Electricidade, colocación dun punto de electricidade.”

O Consello Reitor queda sabedor.

### **3.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 1º TRIMESTRE DE 2018, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada do 1º trimestre de 2018 en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, TEMPADA 2018/19.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das normas reguladoras do Carné da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, tempada 2018/2019, conforme ao Acordo Regulador nº17 do prezo público pola utilización das Instalacións

Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros Servizos, así como dos modelos de Solicitud e de Renovación do devandito Carné.

O Consello Reitor acorda por unanimidade aprobar as NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, tempada 2018/2019, e, os modelos de Solicitud e Renovación do devandito Carné.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE INICIO DOS TRÁMITES PARA A CESIÓN GRATUITA DUNS TERREOS NA ZONA DE CAVADELO PARA A CREACIÓN DUNHA INFRAESTRUTURA PARA OS DEPORTES NAÚTICOS E AS SÚAS ESCOLAS MUNICIPAIS, PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.**

Dáse conta da proposta presentada polo Grupo Municipal BNG, relativa á aprobación do inicio dos trámites para a cesión gratuita duns terreos na zona de Cavadelo, para a creación dunha infraestrutura para os Deportes Náuticos e as súas Escolas Municipais.

Polo Sr. Ríos leva a cabo unha exposición da súa proposta, sinalando que os deportes náuticos teñen unha gran tradición na nosa vila, así como indica que existen outras infraestructuras municipais, como pavillóns e campos de fútbol e ningunha infraestrutura para poder practicar as modalidades deportivas náuticas, aínda que existen Escolas Deportivas Municipais Náuticas, que desenvolven os Clubes/Entidades Deportivas do noso Concello, como as súas actividades deportivas propias. Asemade sinala que na actualidade a Autoridade Portuaria non está polo labor de albergar no seu espazo, ningunha nova infraestrutura para os deportes náuticos, tendo un Centro de Tecnificación de Vela, no que os Clubes/Entidades Deportivas do noso municipio e o Concello non teñen acceso a el.

Polo que propón que conforme á proposta presentada, este organismo autónomo de o seu apoio, para que por parte do Goberno do Concello de Vilagarcía de Arousa inicie os trámites anteriormente sinalados.

Incorpórase o Sr. Santorum e a Sra. Granja ás 20:44 horas.

Prodúcese un amplo debate sobre o asunto e, polo Sr. presidente indica que, no caso de estar de acordo a maioría remitirase un escrito de apoio á devandita proposta.

A Sra. Suárez manifesta que está de acordo á exposición de motivos ata o punto 2 do mesmo, indicando que debe ser o Concello quen inste ás administracións que correspondan, a petición de crédito presupostario para a creación dunha nova infraestrutura deportiva no Porto de Vilagarcía de Arousa para os deportes náuticos. Considera que non é legal a exención das taxas conforme a normativa vixente, así como pregunta ao Sr. Ríos si plantexou

a devandita proposta no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, dado que é representante municipal no Porto e si a Nave está dispoñible. Asemade sinala que a Xunta de Galicia elixió a Vilagarcía de Arousa, de todas as cidades de Galicia, para construír o Centro de Tecnificación.

O Sr. Ríos contestalle que si é legal aprobar exencións das taxas existentes para a obtención dos terreos, que xa foi plantexado no Porto, estando a Nave dispoñible e, que o Centro de Tecnificación que foi construído na lexislatura do bipartito, na actualidade está pagando 1,00 € anual, sempre que a infraestrutura a súa finalidade, sexa social, educativa, pódese ceder gratuitamente. Así como no desarta a necesidade de solicitar a outras administracións a través de subvencións, para poder conseguir o crédito necesario.

O Sr. presidente sinala que o Centro de Tecnificación é só para a modalidade deportiva de Vela, non existindo unha infraestrutura para acoller os diversos deportes náuticos. Así como na citada infraestrutura, a administración local non ten ningún espacio, dado que a xestión da mesma deuse á Federación Galega de Vela.

O Sr. Torrado manifesta que comparte o déficit de instalacións para a práctica dos deportes náuticos, sendo o acceso aos espazos e a súa competencia da Autoridade Portuaria, posto que ningunha zona portuaria e propiedade municipal. Así como considera que a cesión gratuita é posible, indicando o exemplo da Autoridade Portuaria de Marín que cedeu unha parcela ao Concello de Marín para os deportes náuticos.

Incorpóranse as Sra. Otero e Sr. Canabal ás 20:55 horas.

O Sr. Brianes manifesta que está de acordo da necesidade de infraestructuras náuticas, aínda que considera que despois de 25-30 anos da constitución da Fundación de Deportes, se ten que recoñecer que se chega moi tarde, debendo ter a Xunta de Galicia e Portos do Estado a responsabilidade compartida para a cesión da nave. Así como indica que no Centro de Tecnificación a parte municipal non se puido dotar por falta de orzamento e acordo entre as administracións. Xa no seu día a concesión ao Liceo para ter un espacio foi moi complicada.

O Sr. presidente sinala que a cunía que se tiña que pagar era moi elevada, considera que non é moi correcto que a Xunta de Galicia e o Estado constrúan unha infraestrutura e a Administración Local teña que pagar un canon á Federación Galega de Vela.

A Sra. Suárez pregúntalle ao Sr. Ríos, se tivo algúnha resposta, cando o expuso á Autoridade Portuaria.

O Sr. Ríos contesta que si, por iso a presentación desta proposta, dado que debe ser o Concello quen formalmente o solicite. Entendendo que o organismo autónomo, competente en

materia deportiva, debe dar o seu apoio e respaldo, trasladando este ao Concello para realizar a petición á Autoridade Portuaria.

O Sr. presidente indica que o presente acordo será remitido ao Concello para realizar a petición formal, no seu caso.

Unha vez finalizadas todas as intervencións procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de dez votos a favor dos Sra/es.: María, Fernández, Torrado, Brianes, Vilas, Santorum, Canabal, González, Ríos e Sr. Serén, ningún voto en contra e, dúas abstencións das Sras. Suárez e Granja, polo que o Consello Reitor acorda aprobar o apoio e repaldo á proposta do inicio dos trámites para a cesión gratuita duns terreos na zona de Cavadelo, para a creación dunha infraestrutura para os Deportes Náuticos e as súas Escolas Municipais é que se traslade á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede.

#### **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS CRITERIOS A SEGUIR PARA A OBTENCIÓN DAS BECAS RESERVADAS A NENOS/AS CON BAIXOS RECURSOS ECONÓMICOS, PARA A INSCRICIÓN A ACTIVIDADES NON FEDERADAS (CAMPUS, ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERÁN).**

Polo Sr. presidente dáse unha breve exposición dos criterios a seguir para a obtención das becas reservadas a nenos/as con baixos recursos económicos, para a inscrición a actividades non federadas (Campus, Escolas Deportivas de Verán), conforme ao acordo do Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se aprobó “establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as” e, de acordo ao informe da Sra. Coordinadora do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Despois dun pequeno debate sobre asunto o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar os criterios conforme informe do Departamento de Servizos Sociais (Familias de ingresos por RPC mensual inferior ao 80% do IPREM.

2.- O formulario a presentar, será unha instancia Xeral da Fundación de Deportes no que se indique a súa solicitude para o acceso ás prazas reservadas (becas), actividade á que quere participar, que polo departamento de Servizos Sociais realizará de oficio e, a través do selo e sinatura por parte do citado departamento na propia instancia da persoa interesada, dará conta da valoración positiva do persoal técnico para o acceso ás devanditas prazas.

3.- Dende a Fundación de Deportes, poñerase en contacto co Club/Entidade Deportiva que organice a actividade, para comunicarlle os nenos/as que acceden ás prazas reservadas conforme ao acordo do Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONCESIÓNS DE SUBVENCIONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, ANO 2018, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2016/17 OU, EJERCICIO 2017.**

Dáse conta das solicitudes de subvención presentadas, polos Clubes/Entidades Deportivas, conforme ás bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, ano 2018, correspondente á Tempada 2016/17 ou, exercicio 2017, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 18/01/2018 e publicadas no B.O.P. o día 02/02/2018 correspondente. Asemade dáse conta do informe da Sra. secretaria/delegada e Sra. interventora/delegada en relación ao asunto, no que figura a puntuación correspondente, resultante da documentación aportada e da aplicación das devanditas bases.

Despois dun amplo debate, no que Sr. Torrado manifesta que o presente debate non se debería producir xamais, no relativo ao saltarse a normativa ou bases aprobadas para tal fin, tendo a obriga todos os Clubes/Entidades Deportivas de cumprilas.

A Sra. Suárez, indica que se van a abster, dado que entenden que hai que buscar a fórmula para que os Clubes/Entidades Deportivas sexan capaces de cumprir coas normas.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de dez votos a favor dos Sres/as.: María, Fernández, Torrado, Brianes, Canabal, Vilas, Santorum, Ríos, González e Sr. Serén, ningún voto en contra e, dúas abstencións das Sras Suárez e Granja, polo que o Consello Reitor acorda:

1.- Aprobar as solicitudes de subvencións que a continuación se indican, calculado o valor do punto, resulta a cantidade de 30,87 €/punto, que multiplicada polos puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita pola administrativa/xestora e o acordado polo Consello Reitor, as subvencións outorgadas a cada unha das solicitudes é a seguinte, con cargo á partida 341-483,00:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>PUNTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB	7	216,09 .-
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.	122	3.766,14 .-
CLUB DE REMO VILAXOÁN	155	4.784,85 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA-CULT VILAGARCÍA ESGRIMA	17	524,79 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA	25	771,75 .-



CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	65	2.006,55 .-
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCIA	64	1.975,68 .-
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	167	5.155,29 .-
ATLÉTICO FAXILDE C.F.	12	370,44 .-
CLUB CICLISTA XIABRE	5	154,35 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA FÚTBOL-7	95	2.932,65 .-
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	233	7.192,71 .-
CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA	197	6.081,39 .-
CLUB DEPORTIVO VILAGARCÍA TENIS DE MESA	55	1.697,85 .-
BASKET BASE CLUB	269	8.304,03 .-
CLUB SAN MARTIN	118	3.642,66 .-
CLUB DE XADREZ FONTECARMOA	149	4.599,63 .-
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	214	6.606,18 .-
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	112	3.457,44 .-
CLUB BALONCESTO EL DOCE	11	339,57 .-
CLUB AROSA, S.C.	208	6.420,96 .-
VILAROSA GIMNASIA	21	648,27 .-
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	50	1.543,50 .-
CLUB DEPORTIVO BAMIO	44	1.358,28 .-
CLUB DEPORNAUTIC AROUSA	40	1.234,80 .-
OS INGLESES RUGBY CLUB	81	2.500,47 .-
CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	54	1.666,98 .-
CLUB ATENAS RUNNING VDA	21	648,27 .-
MODALIDADE DE TRIATLON	16	
MODALIDADE DE CICLISMO	5	
ESCUELA FÚTBOL SALA SALNES	45	1.389,15 .-
<b>TOTAL</b>		<b>2.656 PTOS 81.985,40 €</b>

2.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao apartado 8 das devanditas bases que dí literalmente o seguinte: “8.- Tramitación.- “A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de **DEZ DÍAS hábiles** a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude arquivarase sen máis trámite”, posto que unha finalizado o prazo de subsanación, non presentaron ou foi presentado fora de prazo a documentación que se lle requirira:

- . ASOCIACION DEPORTIVA E CULTURAL ENCESTARÍAS
- . CLUB KENPO VILAGARCÍA
- . CAS MEDUSA

3.- Conforme as devanditas bases, no seu apartado 10.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN, que sinalamos literalmente a continuación, os Clubes/Entidades Deportivas anteriormente indicados no punto 1, deberán xustificar o importe da súa subvención.

“10.1.- Unha vez aprobada a subvención, será notificada aos/ás interesado/as, a través da Oficina da Fundación de Deportes do Concello.

10.2.- Efectuada a notificación abrirase un prazo de **30 días Naturais**, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, para presentar a Conta Xustificativa (modelo facilitado pola Fundación de Deportes) con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención, nos REXISTROS DA FUNDACIÓN DE DEPORTES OU DO CONCELLO DE VILAGARCIA, no horario establecido de atención ao público ou, nos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O importe dos gastos xustificados deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención. No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación asinada polos responsables do club onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes (anexo V). O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.

A subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do balance de gastos presentado.

10.3.- A documentación necesaria para xustificar a subvención, referida á tempada 2016/17 (dende o 1 de agosto de 2016 ao 31 de xullo do 2017) e, si a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2017, será a seguinte:

a) Orixinais ou copias compulsadas das facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, conforme ao sinalado no apartado 6.3 e, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a:1 Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.

a:2 Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

a:3 Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

a:4 Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 2.500,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 20 de outubro de 2012, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente.

b) Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descripción do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

c) Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistras directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

d) Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo Secretario co Vº e Prace do Presidente na que se exprese, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto da subvención (anexo VI).

e) Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo/a Secretario/a co Vº e Prace do/a Presidente/a, na que se fagan consta-las contías das axudas solicitadas, asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade (anexo VII).”

4.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación dos Recoñecementos da Obriga de todos aqueles Clubes/Entidades Deportivas que teñan correcta a súa documentación xustificativa.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se producen

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 24 DE XULLO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil dezaioito, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidenta: Dna. Paola María Mochales

Vogaís: D. Celestino Brianes Lojo

Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora Xeral: Dna. Trinidad Gómez Reiriz

Excusan a súa asistencia os Sres. vogais, D. Julio Torrado Quintela, D. José Ramón Santorum Canto, Dna. Edith Marcela Diz Lugo, D. Gaspar Antonio González Somoza, D. Jesús López Rodríguez e D. D. Xavier Ríos González.

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓNS E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2018, CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das solicitudes presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2016 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2017, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 18/01/2018 e publicadas no B.O.P. o día 02/02/2018, cunha consignación por importe total de 30.000,00 €. Así como dáse conta dos informes da Sra. Interventora Xeral de cada unha das solicitudes presentadas.

Procédese a examinar os expedientes e as xustificacións presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, producíndose un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar a concesión a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e pola cantidades seguintes, por importe total de 30.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01:

<b>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
- ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. III TORNEO ENCESTARÍAS	6.000,00 €
- AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XIV MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	3.400,00 €
- ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7	. XXII TORNEO AROUSA F-7	10.000,00 €
- CLUB AROSA, S.C.	. VI TORNEO F-8 CIDADE VILAG.	4.500,00 €
- CLUB VILAROUA XIMNASIA	I TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUA	150,00 €
- AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	. IITROFEO ATLETISMO CIDADE DE VILAGARCÍA	800,00 €
- CLUB VILAGARCÍA, S.D.	II TORNEO BENXAMÍN PAZO DA GOLPELLEIRA	150,00 €
- CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	. XXII VILAGARCÍA BASKET CUP	4.600,00 €
- BASKET BASE CLUB	. DÍA DO MINIBASKET	400,00 €

2.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, polos seguintes motivos:

- CLUB CICLISTA XIABRE, para a organización da XXII MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ, dado que conforme a documentación presentada, o importe xustificado e menor que o importe de subvencións de administracións públicas.

- AGRUPACIÓN DEP. E CULT. RASPA, para a organización do CAMPIONATO GALEGO INDIVIDUAL PESCA SUBMARIÑA, dado que non presentou ningún xustificante de pago conforme as devanditas bases.

- CLUB DEPORNÁUTIC AROUSA, para a organización da I REGATA CIDADE DE VILAGARCÍA DE PIRAGÜISMO, dado que consta unha Resolución do Sr. presidente de aprobación da coorganización da devandita Regata.

- CLUB SAN MARTÍN, para a organización do I CAMPUS CLUB SAN MARTÍN, conforme ao informe do Sr. director Deportivo, ao ser considerado unha actividade formativa, sen ningunha proba competitiva de carácter deportivo.

3.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentan toda a documentación xustificativa correcta, con cargo á partida 341-483,01.

<b>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
- ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. III TORNEO ENCESTARÍAS	6.000,00 €
- AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XIV MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	3.400,00 €
- ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7	. XXII TORNEO AROUSA F-7	10.000,00 €
- CLUB AROSA, S.C.	. VI TORNEO F-8 CIDADE VILAG.	4.500,00 €
- CLUB VILAROUA XIMNASIA	I TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUA	85,50 €
- AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	. IITROFEO ATLETISMO CIDADE DE VILAGARCÍA	800,00 €
- CLUB VILAGARCÍA, S.D.	II TORNEO BENXAMÍN PAZO DA GOLPELEIRA	150,00 €
- CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	. XXII VILAGARCÍA BASKET CUP	4.600,00 €
- BASKET BASE CLUB	. DÍA DO MINIBASKET	400,00 €

4.- Anular parte da subvención concedida ao Club Vilarousa Ximnasia, para a organización do I TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUA, por importe de 64,50 €, conforme ao artigo 6.2 a das devanditas bases, que dí literalmente o seguinte: “6.2 a.- Para a xustificación da subvención será necesario a presentación da totalidade das facturas ata completar o 100% do balance económico presentado na súa solicitude do evento subvencionado, para recibir a totalidade da subvención, requeríndose a xustificación do pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida. No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.”

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día trece de setembro de dous mil dezaoto, reúnense en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Ramón Santorum Canto

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias)

D. Jesús López Rodríguez

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora Xeral: Dna. Trinidad Gómez Reiriz

Excusan a súa asistencia a Sra. vicepresidenta, Dna. Paola María Mochales e os Sres. vogais, D. Celestino Brianes Lojo, D. Fernando Vicente Davila, Dna. Edith Marcela Diz Lugo, Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento e D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, SE PROCEDE.**

Dáse conta das actas do Consello Reitor, da sesión ordinaria do día catro e sesión extraordinaria do día vinte e catro de xullo do presente ano, é unha vez atopadas conformes, o Consello Reitor por unanimidade, préstalles a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 2º TRIMESTRE, ANO 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de Morosidade e periodo medio de pago, 2º trimestre 2018 (1 de abril ao 30 de xuño de 2018), no que a 30/06/18 existen obrigas pendentes de pago nas que se están incumprendo o prazo de pago de 30 días, por importe total de 178,11 €.

O Consello Reitor queda sabedor.

### **3.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 2º TRIMESTRE DE 2018, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada do 2º trimestre de 2018 en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E FOLLAS DE INSCRICIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS DE INVERNO, CURSO 2018/19.**

Pola Sra. secretaria/delegada dá conta do Proxecto do Programa Físico-Recreativas de Inverno que a continuación se relaciona, elaborado polo Sr. director Deportivo, para o curso 2018/19:

- 1.- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA NENOS:
  - 1.a) ESCOLA DE PSICOMOTRICIDADE
  - 1.b) ESCOLA MULTIDEPORTIVA
  - 1.c) ESCOLA DEPORTIVA DE BASE
- 2.- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS:
  - 2.a) XIMNASIA DE MANTEMENTO
  - 2.b) XIMNASIA FUNCIONAL
  - 2.c) XIMNASIA ACUÁTICA
  - 2.d) AERÓBIC
  - 2.e) BADMINTON
  - 2.f) IOGA
  - 2.g) CIRCUIT TRAINING
  - 2.h) TAI-CHI
  - 2.i) PILATES
  - 2.j) ESTIRAMENTO E RELAXACIÓN

Así como preséntase o Orzamento de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 37.190,00 €, desglosados da seguinte maneira:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2019</b>	<b>PARTIDA</b>
SEGUROS DEPORTIVOS	6.500,00 .-	6.500,00 .-	0,00 .-	341-224
MATERIAL DEPORTIVO	3.000,00 .-	2.000,00 .-	1.000,00 .-	341-2219901
ACTIVIDADE DE TAI-CHI	6.890,00 .-	2.226,00 .-	4.664,00 .-	341-226,09
ESCOLAS DEPORTIVAS	20.800,00 .-	7.800,00 .-	13.000,00 .-	341-227,9901
<b>TOTAL</b>	<b>37.190,00 €</b>	<b>18.526,00 €</b>	<b>18.664,00 €</b>	



Asemade dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada en relación ao asunto.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do devandito Proxecto, explicando as modificacións que se teñen previsto levar a cabo nas actividades físico-recreativas para nenos e adultos, como a creación dunha nova modalidade deportiva na Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica. Así como indica que o prazo de inscrición será do 17 de setembro ao 3 de outubro do presente ano, para todas as actividades.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto e Follas de Inscrición do Programa de Actividades Físico Recreativas de Inverno, para o curso 2018/19.

2.- Aprobar o orzamento de gastos por importe total de 37.190,00 €, para o curso 2018/19, co desglose anteriormente sinalado.

3.- Facultar ao Sr. Presidente para a aprobación das pequenas variacións que poidan xurdir no citado proxecto.

4.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición das Actividades Físico-recreativas para adultos: Ximnasia Funcional, Circuit Training, Pilates e, Estiramientos e Relaxación por importe de 18,00 €, conforme ao Acordo Regulador nº 17 en vigor, que establece no seu artigo 13: **“FIXACIÓN DO PREZO”**, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS HORARIOS ANUAIS DOS PAVILLÓNS E CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS, TEMPADA 2018/19, DOS ADESTRAMENTOS DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Regulamento de Rexime Interno, que no seu Capítulo V: SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, artigo 27. SOLICITUDE DE IDM PARA CLUBES OU ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS, segundo parágrafo do apartado 2 que dí literalmente o seguinte: “Corresponderá ó/á Presidente/a da Fundación de Deportes, informar sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución ó Consello Reitor da Fundación de Deportes.” Polo que se presenta para a súa aprobación, se procede, a proposta do Sr. director Deportivo dos HORARIOS ANUAIS dos Campos de Fútbol, Estadio de Atletismo e, Pavillóns Municipais que a continuación se relacionan, tempada 2017/18:

**CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS:**

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
  - . Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
  - . Estadio de Atletismo (Pista e Campo de herba natural)

- Campo de Fútbol Municipal de Berdón
- Campo de Fútbol Municipal de A Lomba
- Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán
- Campo de Fútbol Mari Paz Vilas
- Campo de Fútbol de A Pelada

**PAVILLÓNS MUNICIPAIS:**

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
  - . Pavillón nº 1 e nº 2
- Pavillón Municipal Castelao (Pista e Seminario)
- Pavillón Municipal de Carril
- Pavillón Municipal de Faxilde
- Pavillón Municipal da Torre
- Pavillón Municipal de Guillán
- Pistas Polideportivas (1,2, 3 e 4) do Recinto Multiusos de Fexdega
- Ximnasio e Pavillón Municipal do CEIP Arealonga-A Lomba

Polo Sr. director Deportivo dá un breve resumo, de todos os horarios das instalacións deportivas municipais, unha vez finalizado o prazo de presentación, así como de solicitudes presentadas fora de prazo e, despois das conversas mantidas con todos os Clubes/Entidades Deportivas solicitantes. Asemade indica que os horarios aplicouse o que establece o regulamento interno, para dar cabida a todas as horas solicitadas polos Clubes/Entidades Deportivas.

Interven a Sr. Vilas, que pregunta si todos os Clubes/Entidades Deportivas están de acordo ou aceptaron os horarios concedidos a cada un.

O Sr. director Deportivo contéstalle que se levaron diversas reunións tanto individuais como conxuntas, onde os propios clubs/entidades deportivas realizaron propostas, aínda que non se puido conceder todas as franxas horarias solicitadas, sobre todo nos pavillóns onde a mesma franxa e instalación a solicitaban diversos Clubes/Entidades Deportivas, chegándose finalmente a acordos con todos.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar os HORARIOS ANUAIS DOS CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS MUNICIPAIS anteriormente sinalados, tempada 2018/19, para os adestramentos dos Clubes/Entidades Deportivas e, ata o 31 de maio de 2019. No suposto de finalizar os adestramentos con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que o club ou entidade solicitante fará uso da instalación ata esa data.

2.- Conforme ao artigo 27.4 do Regulamento de Rexime Interno, que dí lieteralmente o seguinte: “27.4. Os clubs/entidades deportivas que teñan concedido o uso de IDM da

Fundación de Deportes, non poderán facer uso das mesmas se non están ao corrente dos pagos fixados. Así como estar en posesión dos preceptivos **Seguros de Accidentes/licenzas federativas e de Responsabilidade civil, para ditas actividades**". no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar copia da Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil do correspondente Club e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da súa actividade federada ou unha relación nominal dos seus deportistas e adestradores, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e nº de licenza federativa (tempada 2018/19) selada pola Federación correspondente.

3.- Comunicarlles que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e, este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, pudiendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

5.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

6.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

7.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación das pequenas modificacións ou novas solicitudes a maiores que poidan presentarse, para a tempada 2018/19.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil dezaioito, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogais: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias

D. Julio Torrado Quintela

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. Gaspar Antonio González Somoza

D. José Ramón Santorum Canto (incorpórase ás 20:45 horas)

Secretaria/delegada: Dna. Adela Mig uéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusan a súa asistencia a Sr. director Deportivo, D. Juan Miguel Doval Blanco e os Sres. vogais, D. Celestino Brianes Lojo, Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias) e Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2017.**

Pola Sra. Interventora/delegada dá unha breve explicación da Conta Xeral da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao exercicio 2017 e, no que indica que o resultado presupostario e o remanente de tesourería son positivos e que unha vez aprobada polo Consello Reitor debe ser remitida ao Pleno-Concello, conxuntamente coa do Concello, para a súa aprobación, se procede.

O Consello Reitor por unanimidade préstalle a súa conformidade e acorda remiti-la ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2018**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezaeito de outubro de dous mil dezaeito, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 05/11/15, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias

D. José Ramón Santorum Canto

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusa a súa asistencia a os Sres. vogais, D. Celestino Brianes Lojo e D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, SE PROCEDE.**

Dáse conta das actas do Consello Reitor, das sesións extraordinarias dos días trece e vinte e seis de setembro do presente ano, é unha vez atopadas conformes, o Consello Reitor por unanimidade, préstalles a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO QUINCE DE XUÑO AO VINTE E OITO DE SETEMBRO DE 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do quince de xuño ao vinte e oito de setembro de dous mil dezaeito, relativas a:

### **Mes de Xuño:**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 15/06/18** .- “1.- Autorización a D. Borja González Gallego, concesionario da explotación da cafetería do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a instalación dunha carpa no espazo ao lado das escaleiras de acceso á parte superior do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, con motivo da celebración da Fase Final da “XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018”, os vindeiros días 15, 16 e 17 de xuño do presente ano, conforme á cláusula administrativa 17.1.6 f do PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) DO CONTRATO DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE BAR NO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL JIMÉNEZ ABALO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE FONTECARMOA, que dí literalmente o seguinte: “f) Serán, en todo caso, a cargo do adxudicatario, os gastos derivados de:
  - As obras requiridas, o acondicionamento e a decoración completa do local destinado ó bar, unha vez entregado este e logo do inicio da explotación.
  - A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, enxoval e aparellos e, en xeral, calquera elemento necesario para a execución da prestación.
  - .....

Lémbaselle que, en ningún caso, poderá amarrar a citada estrutura na baranda perimetral do Estadio de Atletismo.

2.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas, así como relativa ao montaxe da citada estrutura, debendo presentar previo ao montaxe a seguinte documentación:

- . Seguro de Responsabilidade Civil e certificado de homologación da carpa.
- . Documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da súa actividade, tendo que estar habilitados segundo a lexislación vixente coa cualificación pertinente.
- . Certificado dun Técnico competente, da garantía de solidez estrutural, estabilidade e seguridade de protección das persoas.
- . No caso de colocar na devandita carpa, algunha instalación eléctrica, gas, neumática, etc..., deberá certificar o seu montaxe no que se indique de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

3.- Lémbaselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”

- **2ª Resolución con data 18/06/18** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías en precario, o uso dos pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “I CAMPUS DEPORTIVO DE VERANO ENCESTARÍAS”, dirixidos a xogadores de 12 a 20 anos, nados entre 2006 e 1998, do 9 ao 13 de xullo do presente ano, de 09:00-13:00 horas e de 17:00-19:00 horas e o 14 de xullo do presente ano de 09:00-13:00 horas.
- 2.- Comunicarlle que no caso de aprobarse o horario de 16:00-18:00 horas solicitado, conlevaría un incremento do prezo público conforme Acordo Regulador nº 17, ao atoparse as franxas horarias de 16:00-17:00 horas, do 9 ao 13 e de 16:00-18:00 horas, o día 14 de xullo do presente ano, fora do horario de apertura e peche da instalación, polo que se incrementará en 0,60 €/hora o uso de cada pavillón e, 10,01 €/hora polo custo do persoal. Debendo na maior brevidade posible sinalar o horario de tarde que vai utilizar.
- 3.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
- 4.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, apróbase a subscripción do Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas (I CAMPUS DEPORTIVO DE VERANO ENCESTARÍAS), ano 2018, así como os criterios para os devanditos Convenios Económicos, nos seguintes termos:
- a) Establécese o 50% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.
  - b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 5 becas por semana (de 50 prazas ofertadas), para a inscrición de dez alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.
- 5.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos (co desglose de tipo de solicitudes de inscrición segundo o seu escrito) do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total

a abonar polo uso dos citados pavillóns, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº 17 que a continuación se indica:

## **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

### **TARIFAS:**

Tarifa Mínima	% S/Ingresos
<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores.... 6,00	10%
<b>Instalacións interiores.. 9,00</b>	<b>10%</b>

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.”

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a



cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

- **3ª Resolución con data 18/06/18 .-** “1.- Autorización á Fundación do Real Club Celta de Vigo, o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do V CAMPUS DE VERANO FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, dirixidos a nenos/as de toda a Comarca de idades comprendidas dos 4 aos 14 anos, do 16 ao 19 de xullo do presente ano, de 10:00-14:00 horas e o día 20 de 10:00-18:00 horas

2.- Comunicarlle que con data límite 06/07/2018, deberá presentar o número total de inscritos no devandito Campus (co desglose do importe abonado por cada un) para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Campo, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº 17 que a continuación se indica. Advírteselle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude, o que conlevará o arquivo da mesma.

### **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIONES DEPORTIVAS**

#### **TARIFAS:**

Tarifa Mínima % S/Ingresos

	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
<b>Instalacións exteriores</b>	<b>6,00</b>	<b>10%</b>
Instalacións interiores .	9,00	10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

9.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB AROUSA BAILA, CBD, pola factura nº 1/2018, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Baile Deportivo, 1 grupo, meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio, curso 2017/18, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 750,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39400627, da pola póliza de Seguros nº 51347708, correspondente á contratación do seguro para os 14 alumnos da Escola Municipal Náutica,

modalidade de Salvamento Acuático, ano 2018 aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/06/2018, por importe de 74,62 €, con cargo á partida 341-224.

11.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18144, correspondente ao contrato de Servicios “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de maio, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº Emit-120, correspondente ao contrato menor de subministros, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, mes de maio, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 82,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.

13.- Recoñecemento da obriga a favor de LUSTRES CARREGAL, JOAQUÍN pola factura nº 19/17, correspondente á emisión do certificado de solidez e seguridade do montaxe do graderío móbil do Recinto Fexdega, para a celebración da Fase Final do Torneo Arousa Fútbol-7, no Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, por importe total de 393,25 €, con cargo á partida 341-227,9900.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39420266, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 12074505, correspondente á contratación da Póliza do seguro de Automóvil da Fundación de Deportes, PEUGEOT PARTNER TEPEE PREM 6891GLH, polo periodo do 15/05/17 ao 14/05/18, por importe de 474,71 €, con cargo á partida 341-224.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39428118, da pola póliza de Seguros nº 51347708, correspondente á ampliación da contratación do seguro para 6 alumnos/as da Escola Municipal Náutica, modalidade de Salvamento Acuático, ano 2018 aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/06/2018, por importe de 31,98 €, con cargo á partida 341-224.

16.- Recoñecemento da obriga a favor de RANKING LA TIENDA DEL DEPORTE, S.L., pola factura nº 3808/18, correspondente ao subministro de pintura para pode levar a cabo os marcaxes coa máquinas marca-campos, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/06/2018, por importe total de 2.080,01 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-210.

17.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa HINCHABLES GALICIA, S.L.U, pola factura nº EMIT-00010244, correspondente ao aluguer de 4 hinchables para o desenvolvemento das actividades da XXVIII Festa Local do Deporte, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/05/2018, por importe de 1.149,50 €, con cargo á partida 341-226,09.

18.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L. (STIN, S.L.), pola factura nº 18001322, correspondente á adquisición dunha impresora de etiquetas (registro de entrada e saídas) e un Escáner de documentos, para poder levar a cabo a posta en marcha da Sede Electrónica, de acordo a Lei de Procedemento 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/01/2018, por importe de 1.997,00 €, con cargo á partida 341-623,00.

19.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa ABOY TORRES, MARCELINO (CARPAS TIMONEL), pola factura nº 12, correspondente ao aluguer dunha carpa para ubicar aos participantes no desenvolvemento da Fase previa da “XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018”, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/03/2018, por importe de 665,50 €, con cargo á partida 341-226,09.

20.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-05/18, correspondente á realización das clases do III Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2017/18, mes de maio, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 20/11/2017, por importe de 742,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

21.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB XADREZ FONTECARMOA, pola factura nº 3/18, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Xadrez, 1 grupo, meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio, curso 2017/18, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 750,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

22.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 45/18, correspondente á adquisición de 36

medallas, pola celebración da IX EDICIÓN DO TRATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 02/05/2018, por importe de 209,10 €, con cargo á partida 341-226,9901.

23.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 49/18, correspondente á adquisición de 25 trofeos, pola celebración do XVI CAMPIONATO SEMIRRÁPIDAS SANTA RITA, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 10/05/2018, por importe de 500,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

24.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 50/18, correspondente á adquisición de 150 medallas, pola celebración da MACROEXHIBICIÓN DE TAEKWONDO SANTA RITA, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/05/2018, por importe de 255,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

25.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 75/18, correspondente á adquisición de 150 medallas, pola celebración do II TORNEO DE XIMNASIA RÍTMICA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 23/05/2018, por importe de 312,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

- **5ª Resolución con data 29/06/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación facturas nº 3/2018 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de maio, ano 2018, por importe total de 369,59 €, con cargo á partida 341-221,00.”

#### **D.- Outros:**

- Non se producen

#### **Mes de Xullo:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 06/07/18** .- “1.- Autorización ao Club Olímpic, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo os adestramentos de preparación dos seus equipos cadete e absoluto de Exhibición, os meses de xuño, xullo e agosto, todos os venres, de 21:00-22:30 horas.  
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.



4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

- **2ª Resolución con data 06/07/18** .- “1.- Autorización á Asociación Encestarías o uso dos pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do IV TORNEO ENCESTARÍAS co seguinte desglose:

<b><u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u></b>	<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>
Pavillón nº 1 CDM Fontecarmoa	Montaxe	5 e 6/09/18
Pavillóns nº 1 e 2 CDM Fontecarmoa	Desenvolvemento	7 e 8/09/18
Pavillón nº 1 CDM Fontecarmoa	Desmontaxe	9/09/18

Debendo na maior brevidade posible indicar o horario de apertura e peche das devanditas instalacións deportivas (montaxe, desenvolvemento e desmontaxe), para poder levar a cabo a súa apertura e peche da devandita instalación.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

4.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito

pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

- **3ª Resolución con data 06/07/18** .- “1.- Autorización en precario ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do Pavillón Municipal Castela, para a realización de Adestramentos de Verán, categorías benxamín, alevín, preinfantil, infantil e cadete, os meses de xullo e agosto do presente ano, de luns a venres, de 09:30-13:30 horas, co desglose sinalado no seu escrito. Sinalándolle que o aforo máximo total do Pavillón Municipal Castela é de 100 persoas, que non poderá excederse en ningún momento e, excepto os días que sexan festivos e os días 26 e 27 de xullo do presente ano, que se autoriza o uso da pista nº 1 do Rencinto Fexdega, posto que xa está aprobado o uso do citado pavillón para outra actividade. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

- **4ª Resolución con data 06/07/18 .-** “1.- Autorización ao Basket Base Club en precario, o uso do Pavillón N°2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, do 16 ao 31 do presente mes, de 19:45-23:00 horas, excepto os días que sexan festivos. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que na maior brevidade posible, deberá presentar o número total de inscritos no devandito Torneo (co desglose do importe abonado por cada un) para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Pavillón (no periodo do 16 ao 31 de xullo do presente ano), segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº 17 que a continuación se indica.

#### **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

##### **TARIFAS:**

Tarifa Mínima % S/Ingresos

	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores....	6,00	10%

**Instalacións interiores.. 9,00                    10%**

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.”

Polo que deberá ingresar previo uso da citada instalación, as cotas do prezo público correspondentes conforme ao sinalado no parágrafo anterior, por importe total de 297,00 € (de 3 horas x11 días que fan un total de 33 horas a 9,00 €/hora), na conta da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (ES16 2080 5067 113040031153). Quedando pendiente de ingresar o 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición.

4.- Comunicarlle que, dada a existencia de solicitude polo seu Club, para a mesma instalación e na mesma franxa horaria, de adestramentos de pretempada, do día 1 ao 31 de agosto do presente ano, deberá na maior brevidade posible, presentar unha nova solicitude onde indique os seguintes conceptos: actividade, horarios, instalacións e equipos, para poder levar a cabo a correspondente autorización de uso, se procede.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a

cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

- **5ª Resolución con data 17/07/18** .- “1.- Autorización á Asociación CON ELES, o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para levar a cabo a súa actividade deportiva con persoas con discapacidade intelectual, os meses de xullo e agosto do presente ano, na franxa horaria de apertura e peche das citadas instalacións e sempre que estas se atopen libres.  
2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.  
4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

- **6ª Resolución con data 17/07/18** .- “1.- Autorización ao Club Arosa, S.C. en precario, o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento de adestramentos de pretempada do seu equipo Senior, do 23 do presente mes ao 3 de agosto do presente ano, de luns a venres, en horario de 18:00-20:00 horas, excepto os días festivos. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

- **7ª Resolución con data 27/07/18** .- “1.- Autorización ao Club Arosa, S.C. en precario, o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento de adestramentos de pretempada dos seus equipos Xuvenís (A e B), do día 30 do presente mes ao 3 de agosto do presente ano, luns, mércores e venres, de 20:00-21:30 horas. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **8ª Resolución con data 27/07/18** .- “1.- Autorización ao Club Atlético Arousana, o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento de adestramentos de pretempada do seu equipo Senior de Liga Nacional, do 30 do presente mes ao día 3 de agosto do presente ano, os luns, martes, xoves e venres, de 21:30-23:00 horas. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **9ª Resolución con data 27/07/18** .- “1.- Autorización ao Club Arosa, S.C. o Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, o vindeiro día 4 de agosto do presente

ano, para a celebración dun partido amistoso de pretempada, contra o CD Choco e o día 8 de agosto do presente ano, un partido de Copa da RFEF, contra o Coruxo CF, a partir das 20:30 horas (ambos os dous), coa apertura e peche da devandita instalación 1½ hora antes do inicio e despois da finalización do mesmo.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación



de aplicación. Debedo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 02/07/18** .- “1.- Adxudicación a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de Accidentes dos participantes nas Actividades Deportivas de nenos e adultos, incluídas no Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2018, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.369,19 € (460,09 €/nenos e 909,10 €/adultos), con cargo á partida 341-224.”
- **2ª Resolución con data 02/07/18** .- “1.- Adxudicación á empresa SKETCH SYSTEM, S.L., a adquisición de cartuchos de tinta para a impresora/fotopiadora da oficina da Fundación de Deportes (2 branco e negro e 1 de cada de cor, cyan, magenta e amárelo), a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 2.680,15 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-213.”
- **3ª Resolución con data 06/07/18** .- “1.- Aprobación das 43 solicitudes de inscrición das Escolas Municipais Náuticas, modalidades de Piragüismo (32 solicitudes) e Remo (11 solicitudes), que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para a devandita Escola. Así como ampliar o prazo de inscricións 15 días a maiores, para a modalidade de Remo, para que se poidan presentar novas solicitudes.  
2.- Adxudicar a contratación do seguro de Accidentes, para un total de 43 alumnos/as, a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A. (empresa concesionaria dos Seguros desta Fundación de Deportes), a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 228,76 €, con cargo á partida 341-224.  
3.- Adxudicar ao CLUB DEPORNÁUTIC AROUSA, a organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Piragüismo, ano 2018, para un total de 32

alumnos/as, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.800,00 € , con cargo á partida 341-227,9901, que se abonará pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folia de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

4.- Adxudicar ao CLUB DE REMO VILAXOÁN, a organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Remo, ano 2018, para un total de 11 alumnos/as, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.800,00 € , con cargo á partida 341-227,9901, que se abonará pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folia de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

5.- Comunicáselles que dende o día 15 de xaneiro do 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo (Recoméndase que estes códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes):

6.- A Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Piragüismo, iniciará a súa actividade o vindeiro día 29/06/2018 e rematará o 26/08/2018, tendo por tanto unha duración de 2 meses.

7.- A Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Remo, iniciará a súa actividade o vindeiro día 06/07/2018 e rematará o 05/09/2018, tendo por tanto unha duración de 2 meses.

8.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das devanditas Escolas e observación do cumprimento dos obxectivos das mesmas.

9.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

10.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.

11.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).”

- **4ª Resolución con data 06/07/18** .- “1.- Concesión á Federación Galega de Vela (Centro de Tecnificación de Vela), 33 trofeos, para a celebración da Semana da Vela, das clases de optimist, laser 420, vaurien, windsurf, radios control e fin, os vindeiros días do 13 ao 15 do presente mes. Adxudicando a adquisición dos citados trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 337,50 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- **5ª Resolución con data 20/07/18** .- “1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, para a celebración da XVI CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, que se vai celebrar o vindeiro día 21/07/2018, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 07/06/2018, a traves de contratos Menores de suministros e servizos, por importe total de 2.337,19 €, co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	SEGURO PART.	104,00 .-	341-224
MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A. (BLANCO BALIÑAS, SAMUEL)	SEGURO VOLUNT.	100,01 €	341-224
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	TROFEOS	909,40 .-	341-226,9901
MULTISPORTS GALICIA, S.L.	CAMISSETAS PART. PROBA ABSOLUTA	759,28 .-	341-226,09
REY SILVA, ALBERTO	SPEAKER	181,50 .-	341-226,09
DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	AUGAS E BEBIDAS ISOTÓNICAS	283,00 .-	341-226,09
Total .....		2.337,19 €	

- **6ª Resolución con data 27/07/18** .- “1.- Adxudicación á empresa CALEFACCIONES PAULINO, S.L., o subministro dun interacumulador eléctrico de 300 litros para o Pavillón Municipal da Torre, de acordó ao informe da empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Mantemento das instalacións térmicas das Instalacións Deportivas Municipais en vigor no que indica que a súa reparación non sería suficiente para garantir a seguridade, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe de 1.875,50 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”
- **7ª Resolución con data 27/07/18** .- “1.- Concesión ao polo Club Natación Vilagarcía, S.D., 37 trofeos para a celebración da . XXXVI TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAGARCÍA e ao Real Club de Regatas Galicia, 2 trofeos para a

celebración do 50º TROFEO SAN ROQUE, CLASE SNIPE DE VELA. Adjudicando a adquisición dos citados trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 474,30 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.

- **8ª Resolución con data 27/07/18** .- “1.- Adjudicación ás empresas que a continuación se relacionan, para a celebración da LV TRAVESÍA A NADO PORTO DE VILAXOÁN, o vindeiro día 02/09/2018, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 07/06/2018, por importe total de 1.564,18 €, co seguinte desglose:

<b>EMPRESAS</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
MULTISPORTS GALICIA, S.L.	CONTROL DE CHIPS	1.020,15 .-	341-226,09
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.A.	TROFEOS	351,40 .-	341-226,9901
MGS SEGUROS Y SEGUROS REASEGUROS, S.A.		192,63 .-	341-224
Total .....		1.564,18 €	

#### **C.- Reconecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 31/07/18** .- “1.- Aprobación do reconecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 341-483,00:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>PUNTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	214	6.606,18 .-
CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA	197	6.081,39 .-
CLUB DEPORT. SALVAMENTO VILAGARCIA	64	1.975,68 .-
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	65	2.006,55 .-
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	167	5.155,29 .-
CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB	7	216,09 .-
CLUB DE REMO VILAXOÁN	155	4.784,85 .-
ASOC. DEPORT. C. VILAGARCÍA ESGRIMA	17	524,79 .-
BASKET BASE CLUB	269	8.304,03 .-
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	233	7.192,71 .-
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.	122	3.766,14 .-
CLUB DEPORTIVO BAMIO	44	1.358,28 .-

- **2ª Resolución con data 31/07/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 7/2018 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 1.777,78 €.”
- **3ª Resolución con data 31/07/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000012718F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00.
- **4ª Resolución con data 31/07/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan correspondentes a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a por importe total de 25.469,69 €.
  - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39486091, da pola póliza de Seguros nº 51349332, correspondente á contratación do seguro dos 43 alumnos/as das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, modalidades de Piragüismo e Remo, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/07/2018, por importe de 207,22 €, con cargo á partida 341-224.
  - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000013818F, correspondente ao Servizo de Limpeza extraordinaria das gradas do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola celebración do I Torneo Cidade de Vilagarcía, categoría Alevín, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 31/05/2018, por importe de 67,08 €, con cargo á partida 341-227,00.
  - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000018F, correspondente ao Servizo de Limpeza extraordinaria das gradas, aseos e vestiarios do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola celebración da Fase Final do

Torneo Arousa Fútbol-7, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 31/05/2018, por importe de 139,05 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000012018F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xuño, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000014018F, correspondente ao Servizo de Limpeza extraordinaria das gradas, aseos e vestiarios do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola celebración do VII Torneo Cidade de Vilagarcía, categoría benxamín, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 31/05/2018, por importe de 98,40 €, con cargo á partida 341-227,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18174, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de xuño, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de BAYGAR, S.L., pola factura nº Emit-18004801, correspondente ao aluguer de tableiros e unha carretilla, para o montaxe do graderío mobil no Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo, pola celebración da Fase Final do Torneo Arousa Fútbol-7, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/06/2018, por importe total de 725,20 €, con cargo á partida 341-213.

8.- Recoñecemento da obriga a favor de SKETCH SYSTEM S.L. (DIGIPRES), pola factura nº A 180527, correspondente á adquisición de cartuchos de tinta para a impresora/fotopiadora da oficina da Fundación de Deportes (2 branco e negro e 1 de cada de cor, cyan, magenta e amarelo), aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 02/07/2018, por importe total de 2.680,15 €, con cargo á partida 341-220,00.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura

nº 39505757, da pola póliza de Seguros nº 51349564, correspondente á contratación do seguro de Accidentes dos participantes nas Actividades Deportivas de adultos, incluídas no Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 02/07/2018, por importe de 909,10 €, con cargo á partida 341-224.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39524776, pola ampliación da pola póliza de Seguros nº 51349332, correspondente á contratación do seguro dos 3 alumnos/as a maiores da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Remo, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/07/2018, por importe de 25,18 €, con cargo á partida 341-224.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39532668, da pola póliza de Seguros nº 51349571, correspondente á contratación do seguro de Accidentes dos participantes nas Actividades Deportivas de nenos/as, incluídas no Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 02/07/2018, por importe de 460,09 €, con cargo á partida 341-224.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39557623, da pola póliza de Seguros nº 51350284, correspondente á contratación do seguro de Accidentes dos voluntarios no desenvolvemento da XV CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E TRAVESÍA A NADO DO PORTE DE VILAXOÁN, ano 2018, incluídas no Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/07/2018, por importe de 100,01 €, con cargo á partida 341-224.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº Emit-140, correspondente ao contrato menor de subministros, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, mes de xullo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 38,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.

14.- Recoñecemento de obriga a favor da empresa FUNDICIONES REY, S.L., pola factura nº FACT-2018 6, correspondente á adquisición dun trofeo,

celebración da XXIII EDICIÓN AROUSA FÚTBOL 7 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 29/05/2018, por importe de 1.851,30 €, con cargo á partida 341-226,9901.

15.- Recoñecemento de obriga a favor da empresa FUNDICIONES REY, S.L, pola factura nº FACT-2018 7, correspondente á adquisición dun trofeo, celebración da VII Edición do Torneo Cidade de Vialgarcía, categoría Benxamín, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/05/2018, por importe de 556,60 €, con cargo á partida 341-226,9901.

16.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, pola factura nº 222, correspondente á contratación do seguro para os 40 alumnos/as e realización das 9 sesións da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Vela, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 05/05/2018, por importe total de 3.160,00 € (640,00 €/seguros e 2.520,00 €/9 sesións), con cargo á partida 341-224 e 341-227,9901 respectivamente.

17.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE REMO VILAXOÁN, pola factura nº 8/2018, correspondente ao balizamento da “XXIV REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAIÑAS”, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 07/06/2018, por importe de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

18.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-06/18, correspondente á realización das clases do III Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2017/18, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 20/11/2017, por importe de 530,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

- **5ª Resolución con data 31/07/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación facturas nº 4/2018 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, parte mes de maio a xullo, ano 2018, por importe total de 1.232,15 €, con cargo á partida 341-221,00.”

#### **D.- Outros:**

**1ª Resolución con data 27/07/18** .- “1.- Comunicación á Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, que segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº 17 que a continuación se indica:

#### **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS TARIFAS:**

Tarifa Mínima	% S/Ingresos	
	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores....	6,00	10%



**instalacións interiores... 9,00 10%**

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.”

Así como de acordo á Resolución do Sr. Presidente con data 18/06/2018, no que se aprobou no apartado 4: O “50% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes”. Deberá ingresar na conta da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (ES16 2080 5067 113040031153), as cotas do prezo público conforme ao indicado anteriormente, pola celebración do I CAMPUS DEPORTIVO DE VERANO ENCESTARÍAS, que se levou a cabo os pasados días do 9 ao 14 do presente mes, un importe total de **737,41 €**, co seguinte desglose: Polo uso dos pavillóns nº1 e 2 do CDM Fontecarmoa, un importe total de **345,91 €** (do 50% dun importe total de 691,82 € de: 648,00 €: Por 36 horas x 2 Pavillóns a 9,00 €/hora, 28,80 €: Por 1 ½ h. a 9,60 €/hora e 15,02 €: Por 1 ½ h. a 10,01 €/hora polo custo do persoal, da franxa fora de horario).

Polo 10% dos ingresos totais recadados das 29 solicitudes de inscrición, un importe total de **391,50 €** (do 50% do 10% de 7.830,00 €).

### **Mes de Agosto:**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas**

- Non se producen

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 01/08/18** .- “1.- Adxudicación á empresa CALEFACCIONES PAULINO, S.L., a reparación de fugas e ao suministro de reposición dunha tubería de retorno para os vestiarios do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, a través dun contrato Menor de Subministros por importe de 1.149,50 €, con cargo á partida 341-210.”
- **2ª Resolución con data 17/08/18** .- “1.- Adxudicación a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición dos devanditos trofeos para a celebración da XVI Torneo de Tenis de Veran 2018, por importe total de 163,70 €, con cargo á partida 341-226,9901.”

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 21/08/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de Clubes/Entidades Deportivas, correspondentes á aportación dos premios en metálico, conforme a clasificación na participación

da devandita Bandeira, e de conformidade co orzamento aprobado polo Consello Reitor con data 7 de xuño de 2018 con cargo a partida 341-226,09.

**XXIV BANDEIRA MASCULINA:**

<b>CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
1º S.D. SAMERTOLAMEU	Premios en metálico	1.080,00 .-
2º C.R. MECOS	Premios en metálico	990,00 .-
3º C.R. ARES	Premios en metálico	900,00 .-
4º C. DO MAR DE BUEU	Premios en metálico	810,00 .-
5º CENTRO DEPORTIVO DE MERA	Premios en metálico	765,00 .-
6º C.R. PUEBLA	Premios en metálico	738,00 .-
7º C.R. RIANXO	Premios en metálico	702,00 .-
8º C. R. VILAXOAN	Premios en metálico	648,00 .-
9º C.R. CORUXO	Premios en metálico	612,00 .-
10º AMEGROVE C.R.	Premios en metálico	585,00 .-
11º C. MAR DE CASTROPOL	Premios en metálico	585,00 .-
12º C.R, CHAPELA	Premios en metálico	585,00 .-
TOTAL .....		9000,00 €

**III BANDEIRA FEMININA:**

<b>CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
1º C.R. NÁUTICO RIVEIRA	Premios en metálico	390,00 .-
2º C.R. CABO DE CRUZ	Premios en metálico	345,00 .-
3º C.R. REGATAS PERILLO	Premios en metálico	285,00 .-
4º C.R. VILAXOAN	Premios en metálico	240,00 .-
5º C. MAR DE MUGARDOS	Premios en metálico	240,00 .-
TOTAL .....		1.500,00 €

- **2ª Resolución con data 21/08/18 .-** “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da segunda relación de Clubes/Entidades Deportivas correspondentes á subvención de Deporte Federado 2018 (tempada 2016/2017), de conformidade coas adxudicacións aprobadas polo Consello Reitor con data 4 de xullo de 2018 con cargo a partida 341-48300 e segundo o seguinte detalle:

<b>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</b>	<b>IMPORTE</b>
Club San Martín C.F.	3.642,66 €
Club Atlético Faxilde C.F.	370,44 €
Club Arosa S.C.	6.420,96 €
Club Xadrez Fontecarmoa	4.599,63 €

Agrupación Atlética Mazí	3.457,44 €
Asoc. Cultural e Deportiva Raspa	771,75 €

#### D.- Outros:

- Non se producen

#### Mes de Setembro:

#### A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación á Asociación Encestarías, para a celebración do IV TORNEO ENCESTARÍAS, a cesión de 10 mesas e montaxe dun graderío nos fondos da pista do no pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo e, supeditado o citado montaxe ao indicado no plan de autoprotección do evento.  
2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:  
. Departamento de Obras, a cesión de 100 cadeiras, 15 valadas e a colaboración do camión para o traslado do material loxístico da organización.  
. Departamento do Auditorio, a cesión de 50 cadeiras para os banquetes.  
. Departamento de Electricidade, a colocación de enchufes de corrente eléctrica en todos os vestiarios do pavillón nº 1 do CDM Fontecarmoa.  
3.- Aprobar a realización dun reforzo do Servizo de Limpeza do citado pavillón, os días 8 e 9 do presente mes, a través da empresa concesionaria Clece, S.A.  
4.- Conceder ao citado club, 5 trofeos da remesa existente da Fundación de Deportes.  
5.- Comunicarlle que deberá presentar toda a documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 06/07/2018, previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas).
- **2ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Remisión a solicitude do Club Xadrez Fontecarmoa, para poder levar a cabo unha actividade de Xadrez para toda a cidadanía, os vindeiros días 7, 14 e 21 do presente mes, na Rúa Castelao (frente o pavillón), en horario de tarde, á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Aprobar a cesión de 5 mesas e 30 cadeiras, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

- **3ª Resolución con data 10/09/18** .- “1.- Remisión da solicitude do Club Olímpic-Vilagarcía, para a celebración dunha Macroexhibición e Talleres de Taekwondo e Zumba, o vindeiro día 29 do presente mes, de autorización da Praza Galicia o citado día, de 09:30-14:00 horas (montaxe, desenvolvemento e desmontaxe) cun espazo de 20 m x 10 m ía de Arousa, , á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Aprobar a realización do transporte do tapiz dende o ximnasio á Praza de Galicia e regreso, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 3 mesas de pupitre, 50 cadeiras, 1 carpa e 50 valadas.

. Departamento da Policía Local, a cesión de 50 valadas de plástico amarelas e azuis.

. Departamento de Auditorio e Electricidade, a cesión dun Equipo de megafonía e 1 cadro eléctrico respectivamente.

. Departamento de Medio Ambiente, a cesión de 2 colectores de lixo.

. Departamento de Comunicación, a súa solicitude de elaboración de 100 carteis publicitarios do devandito evento.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

- **4ª Resolución con data 26/09/18 .-** “1.- Cesión ao Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do VI Torneo de Xadrez Centro Comercial Arousa, o vindeiro día 13 de outubro do presente ano, a cesión de 12 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

2.- Trasladar ao departamentos de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición de cesión de 30 mesas pequenas e 200 cadeiras, para a súa aprobación, se procede.

- **5ª Resolución con data 26/09/18 .-** “1.- Cesión ao Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do Campionato Provincial de Xadrez, os vindeiros días 18, 19 e 20 de xaneiro de 2019, a cesión de 12 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto

xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de 200 cadeiras e 40 mesas pregables brancas.
- Concellería de Cultura, a cesión das dependencias do Auditorio Municipal sinaladas no seu escrito.

- **6ª Resolución con data 26/09/18** .- “1.- Autorización á Comisión de Deportes da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, os xoves, de 21:00-22:30 horas, para poder levar a cabo os adestramentos para participar no XXIV CAMPIÓNATO DE FÚTBOL SALA DE AUTORIDADES PORTUARIAS DE ESPAÑA E PORTOS DO ESTADO. Debendo presentar unha relación nominal das persoas que vaian participar na citada actividade, cos seguintes datos: Nome, Apelidos e número do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

2.- Que tendo en conta que a citada Autoridade Portuaria colabora coas actividades organizadas pola Fundación de Deportes, procede a bonificación coa redución do 100% do prezo público para o uso da devandita instalación.

3.- Que de acordo ao anteriormente sinalado, se inicie as xestións para asinar un convenio de colaboración, para o desenvolvemento das actividades deportivas organizadas pola Fundación de Deportes nos recintos da citada Autoridade Portuaria.”

- **7ª Resolución con data 26/09/18** .- “1.- Autorización en precario aos Srs/as. Lastra, Lorenzo,Gómez, Díaz e, Cascallar o uso dos Pavillóns Municipais, os días e horas que a continuación se indican, a partir do día da semana sinalado por cada un, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado por cada un deles/as do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

<b><u>REPRESENTANTE</u></b>	<b><u>INSTALACIÓN</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
D. MARIO LASTRA GAMARRA	PAVILLÓN FAXILDE	LUNS	22:00-23:00 h.
DNA. ELVIRA LORENZO BERNARDEZ	PAVILLÓN A TORRE	DOMINGOS	09:30-11:30 h.
D. MANUEL CRESPO SOBRAN	PAVILLÓN GUILLÁN	DOMINGOS	10:30-12:30 h.
D. JOSÉ MANUEL GÓMEZ TORRES	PAVILLÓN CARRIL	XOVES	20:30-21:30 h.

2.- Comunicarlles que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (todos aqueles grupos que non a teñan ingresada ou solicitaran a súa devolución en tempadas anteriores), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoseles automaticamente a súa autorización.

- **8ª Resolución con data 26/09/18** .- “1.- Autorización aos Clubes/Entidades Deportivas: Club Natación Vilagarcía, S.D. e Club Deportivo Salvamento Vilagarcía o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, para poder levar a cabo a preparación física dos seus deportistas, no seguinte horario:

<b><u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
Ximnasio de Musculación	Martes e Xoves	19:00-20:00 h.
Estadio de Atletismo	Luns e Mércores	18:15-19:30 h.

Debendo respectar as normas de utilización das instalacións que se autorizan e, sempre en uso compartido cos demais usuarios das citadas instalacións.

2.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal dos seus deportistas e adestradores, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e nº de licenza federativa (tempada 2018/19), así como unha copia de todas as licenzas federativas da citada tempada. Debendo previo ao uso de todas as instalacións,

indicar quen será/n o/a/os/as responsable/s na citada actividade, que deberá/n estar presente/s, nos horarios autorizados.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Adxudicación a D. BORJA GONZÁLEZ GALLEGO o Contrato Menor de Servizos da “XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE BAR DO PAVILLÓN Nº 1 DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL FONTECARMOA”, de conformidade coa súa oferta, no que se mantén o mesmo Canon e Prezos Públicos que estaban establecidos no citado contrato, finalizado o pasado día 31/08/2018 e, mentras se leva a cabo os trámites administrativos para a nova Licitación da adxudicación da xestión e explotación do Servizo de Bar da devandita instalación, conforme a nova Lei 9/2017 de 28 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público. Cunha duración máxima do contrato de 6 meses (contados a partir do 1 de setembro de 2018 ata o 28 de febreiro de 2019, por importe total de 3.738,90 €. (623,15 €/mes, IVE incluído) co seguinte desglose:

Desagregación económica por anualidades(Canon IVE incluído)

Período	Importe (IVE incluído)
Anualidade corrente-2018 (setembro a decembro)	2.492,60 €
Anualidade 2019 (xaneiro-febreiro)	1.246,30 €
Total 6 meses	3.738,90 €

- **2ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Adxudicación á empresa CLECE, S.A. (empresa concesionaria do Contrato de Limpeza das instalacións deportivas), a través dun contrato menor de servizos, a realización da Limpeza extraordinaria de reforzo de limpeza das gradas do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola da celebración do IV TORNEO ENCESTARÍAS, por importe de 93,92 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-227,00.”
- **3ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Concesión á Federación Galega de Vela (Centro de Tecnificación de Vela), 18 trofeos, para a celebración do Campionato de España de Windsuf, a desenvolver do 26 ao 30 de setembro do presente; e 5 trofeos para o Campionato de España de Radiocontrol de Vela



1m, os días do 2 ao 4 de novembro. Adxudicando a adquisición dos citados trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 252,60 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”

- **4ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Adxudicación á empresa IMATIA INNOVACIÓN, S.L., a traves dun contrato menor de servizos, os traballos de programación, servizos e formación indicado no seu orzamento, para a implantación e posta en marcha da Sede Electrónica da Fundación de Deportes, coa modificación da plataforma CIVIDAS e-GOV do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 10.890,00 €. (IVE incluído), con cargo á partida 341-641,00.”
- **5ª Resolución con data 07/09/18** .- “1.- Concesión ao Club San Martin, 9 trofeos, para a celebración do III Torneo de Fútbol Vilaxoán das categorías prebenxamín, benxamín e alevín. Adxudicando a adquisición dos citados trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 152,50 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- **6ª Resolución con data 14/09/18** .- “1.- Adxudicación ás Entidades que a continuación se relacionan, para a celebración do XXVI MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO MORLA DE XADREZ, ano 2018, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 07/06/2018, a traves de contratos Menores de servizos e subministrados, por importe total de 970,00 €, co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
CLUB XADREZ FONTECARMOA	ARBITRAXE	600,00 .-
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	TROFEOS	<u>370,00 .-</u>
Total .....		970,00 €

- **7ª Resolución con data 14/09/18** .- “1.- Autorización a D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación, a realización do Curso Formativo “ESPECIALISTA EN TÉCNICAS DE RELAXACIÓN E RESPIRACIÓN”, que se vai levar a cabo en modalidade On Line. Así como aprobar os gastos de inscrición, por importe de 127,50 €, con cargo á partida 341-162,00. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.”
- **8ª Resolución con data 24/09/18** .- “1.- Adxudicación á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L., o acondicionamento do terreo de xogo coa aireacción do sustrato para favorecer o arraigo do céspede do Campo de Fútbol Municipal de A

Lomba, a través de contratos Menores de servicios, por importe de 2.873,75 €. (I.V.E. incluido), con cargo á partida 341-210.”

- **9ª Resolución con data 26/09/18** .- “1.- Adjudicación á empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), o aluguer de vestuarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, a través dun contrato Menor de Servicios, cunha duración máxima dun ano, por un período do 01/10/2018 ata o 30/09/2019, por importe total de 3.900,00 € (I.V.E. incluido), co desglose que a continuación se relaciona, con cargo á partida 341-203:

<b>EXERCICIO</b>	<b>MESES</b>	<b>IMPORTE</b>
2018	outubro a decembro	975,00 .-
2019	xaneiro a setembro	2.925,00 .-
Total .....		3.900,00 €

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 03/09/18** .- “ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 8/2018 da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.396,99 €.”
- **2ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000016618F correspondente ao contrato de servicios “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestuarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00.”
- **3ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan correspondentes a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a por importe total de 18.944,99 €.”

1.- Recoñecemento da obriga a favor de DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A., pola factura nº151-1-07/54, correspondente á adquisición de augas e bebidas isotónicas, celebración da XV CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/07/2018, por importe de 259,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

2.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18207, correspondente ao contrato de Servicios “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de xullo, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000015218F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xullo, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura nº Emit-519, correspondente á adquisición de camisetas para os participantes na XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/07/2018, por importe de 759,28 €, con cargo á partida 341-226,09.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 1845, correspondente á adquisición dun interacumulador para o Pavillón Municipal da Torre, conforme o informe da empresa adjudicataria do Contrato de Servizos, “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2018, por importe total de 1.875,50 €, con cargo á partida 341-623,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 91, correspondente á adquisición de 33 Trofeos, celebración da Semana da Vela, das clases de optimist, laser 420, vaurien,

windsurf, radios control e fin, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/07/2018, por importe de 337,50 €, con cargo á partida 341-226,9901.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18 92, correspondente á adquisición de trofeos e medallas, pola celebración da XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/07/2018, por importe de 909,40 €, con cargo á partida 341-226,9901.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº FA 5881, correspondente ao contrato menor de subministrados, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 82,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da CLUB DEPORNAUTIC AROUSA, pola factura nº 08/17, correspondente á organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Piragüismo, ano 2018, para un total de 32 alumnos/as, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/07/2018, por importe total de 1.800,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.”

- **4ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación facturas nº 5/2018 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, parte mes de xullo, ano 2018, por importe total de 134,86 €, con cargo á partida 341-221,00.
- **5ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación da devolución a favor de D. Manuel Álvarez Seoane , correspondente ao importe ingresado a maiores da cota do prezo público das solicitudes de inscrición da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Vela, ano 2018, dos seus fillos, por importe total de 18 €, con cargo á partida 343,01.  
2.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Lourdes Conde Varela, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Vela, ano 2018, dos seus fillos, por importe de 27,00 €, con cargo á partida 343,01.  
3.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Marta Benítez Pelayo, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Vela, ano 2018, da súa filla por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

4.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Lorena Paz Martínez, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición do 3º Curso de Pilates, curso 2017/18, por importe de 18,00 €, con cargo á partida 343,01.

5.- Aprobación da devolución a favor de Dna. M<sup>a</sup> Luisa Galbán Del Rio, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición do 3º Curso de Pilates, curso 2017/18, por importe de 18,00 €, con cargo á partida 343,01.

6.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Cristina Castro Salgado, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Remo, ano 2018, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

7.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Pilar Pereiras Pereiras, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Piragüismo, ano 2018, da súa filla, por importe de 9,00 €, con cargo á partida 343,01.

8.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Eva M<sup>a</sup> Resúa Diz, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Remo, ano 2018, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

9.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Aurea Portas Louzán, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Deportiva Municipal Náutica, modalidade de Remo, ano 2018, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

- **6ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., pola factura CI0910280264, correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, no periodo do 08/05/18 ao 07/06/18, por importe de 215,26 €, con cargo á partida 341-222,00.”
- **7ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación da contabilización do ingreso efectuado en devolución, na conta bancaria da Fundación de Deportes, polo erro na conta bancaria do Club Vilagarcía, S.D., correspondente ao pagamento do recoñecemento da obriga da subvención concedida, conforme a convocatoria de subvencións de Fomento do Deporte Federado, ano 2018, por importe de 5.155,29 €, con cargo á partida económica 20501.  
2.- Efectuar o pagamento na conta correcta do devandito Club, por importe de 5.155,29 €, con cargo á partida económica 20501.”

- **8ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de Dna. Silvia Pérez Bugallo, da factura nº 14/2018 e pola diferenza de 81,00 €, correspondente á retención do IRPF, con cargo á partida económica 20001.”
- **9ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, polos gastos de locomoción, polo desprazamento a Baiona, o pasado día 09/06/2018, con motivo da celebración da Presentación da Liga Galega de Traiñeiras na que está incluída a XIV Bandeira de Traiñeiras Concello de Vilagarcía de Arousa e III Bandeira Feminina, por importe total de 44,92 €, con cargo á partida 341-231,20.”
- **10ª Resolución con data 26/09/18** .- “1.- Comunicación á Fundación do Real Club Celta de Vigo, que conforme á Resolución do Sr. presidente con data 18/06/2018, no que quedaba “pendiente de ingresar o 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición”. Deberá ingresar na conta da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (ES16 2080 5067 113040031153), a cota do prezo público, pola celebración do V CAMPUS DE VERANO FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, un importe total de 347,10, correspondente ao 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición (3.471,00 €, conforme listado presentado).”
- **11ª Resolución con data 26/09/18** .- “1.- Requerimento a Dna. Blanca Irma Valencia Heredia que no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá ingresar a cota pendiente do Prezo Público da Solicitud de Inscrición do 3º Curso de Pilates 2017/18, por importe de 18,00 €, na conta bancaria da Fundación de Deportes (ABANCA, ES16 2080 5067 1130 4003 1153). Advírteselle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, non poderá inscribirse a ningunha actividade deportiva organizada por este OOAA.

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 03/09/18** .- “1.- Aprobación á empresa Calefacciones Paulino, S.L. a revisión de prezos do Contrato de Servizos para o **“MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)**, co seguinte desglose:

<u>PERIODO</u>	<u>IPC</u>	<u>RESULTADO</u>	<u>ATRASOS</u>
01/04/2017-31/03/2018	1,4%	1.631,83 €/trimestral	90,12 €

01/04/2018-31/03/2019      1,2%    1.651,41 €/trimestral      19,58 €

2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da citada empresa, dos atrasos do periodo do 01/04/2017 ao 31/03/2018, por importe de 90,12 € e do 01/04/2018 ao 30/06/2018, por importe de 19,58 €.

- **2ª Resolución con data 26/09/18** .- “1.- Prestarlle a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB ATLÉTICO VILAXOÁN, no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes.  
2.- Informar favorablemente á sinatura do Convenio Económico co citado Club así como, remitir a solicitude ao Consello Reitor para a súa aprobación, se procede.  
3.- Comunicaselle que no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar certificacións Orixinais ou Fotocopias Compulsadas, das Administracións correspondentes de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda e Recadación Municipal e, ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes (ABANCA, ES16 2080 5067 1130 4003 1153) a cantidade de 100,00 €, en concepto de fianza-depósito para garantir o correcto uso das instalacións. Advírteselle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude, o que conlevará o arquivo da mesma.
- **3ª Resolución con data 28/09/18** .- “1.- Aprobación da coorganización coa Asociación CON ELES de Vilagarcía de Arousa e Special Olympics Galicia, para a celebración da última etapa das VI MARCHAS CICLISTAS UNIFICADAS SPECIAL OLYMPICS, cun percorrido con saída e chegada á Praza da II República, o vindeiro día 7 de outubro do presente ano, en horario de mañán.  
2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante e a Fundación de Deportes, con dous representantes de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.  
3.- Nomear como representantes do citado Comité a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo e Dna. Paula Rial Dieste, Técnico Deportivo.  
4.- Comunicar á devandita Asociación que deberá, na maior brevidade posible, indicar que representantes formarán parte do citado Comité.
- **4ª Resolución con data 28/09/18** .- “1.- Aprobación da coorganización co Club Kennel Den (Deportes en Espazos Naturais), para a celebración do III TROFEO MUSHING CIDADE DE VILAGARCÍA, o vindeiro día 11 de novembro do presente ano, polos terreos da Comunidade de Montes de Sobrán.

2.- Aprobación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante e a Fundación de Deportes, con dous representantes de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

3.- Nomear como representantes do citado Comité a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo e Dna. Paula Rial Dieste, Técnico Deportivo.

4.- Comunicar ao devandito Club que deberá, na maior brevidade posible, indicar que representantes formarán parte do citado Comité.

Interven a Sra. Suárez para preguntar relativo á Resolución do aluguer dun vestiario para o Campo de Fútbol Mari Paz Vilas, cal é a necesidade e si tense previsto a construción dun novo vestiario na devandita instalación.

O Sr. presidente contéstalle que se estudiará incluílo no vindeiro orzamento de inversións.

O Sr. director Deportivo indica que o motivo, foi a creación dun novo equipo do Club Deportivo Bamio Feminino, polo que non se pode compartir nos partidos oficiais.

Unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor queda sabedor.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ANULACIÓN DA ADXUDICACIÓN DE CONCESIÓNS DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, ANO 2018, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2016/17 OU, EJERCICIO 2017 DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS QUE NON PRESENTARON CORRECTAMENTE A CONTA XUSTIFICATIVA.**

Pola Sra. Secretaria/delegada dáse conta dos informes da Sra. interventora/delegada relativos ás contas xustificativas dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentaron fora de prazo ou presentaron só parte da súa documentación xustificativa, conforme ás BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO , ANO 2018, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2016/17 OU, EJERCICIO 2017 e ao acordo do Consello Reitor en sesión con data 04/07/2018, unha vez finalizado o prazo de subsanación:

**DOCUMENTACIÓN PRESENTADA FORA DE PRAZO:**

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>IMPORTE SUBVENCIÓN</u></b>
CLUB CICLISTA XIABRE	154,35 €

Incumprindo a cláusula 10.3, nos seus dous últimos parágrafos das devanditas bases que dín literalmente o seguinte: “De non cumprirse algún dos requisitos anteriormente mencionados, darase un prazo improrrogable de 10 días hábiles a partir da notificación para



achegar a documentación que se precisa. Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a beneficiario/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención, sen perxuício de poder estar incurso no establecido no artigo 13.”, polo que procede a anulación da subvención concedida ao devandito Club/Entidade Deportiva.

**DOCUMENTACIÓN PRESENTADA DENTRO DO PRAZO:**

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>IMP. SUBV.</u></b>	<b><u>IMP. XUST.</u></b>	<b><u>IMP. SEN XUST.</u></b>
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	1.543,50 €	701,49 €	842,01 €
CLUB DEPORTIVO VLAGARCÍA	1.697,85 €	35,47 €	1.662,38 €
TENIS DE MESA			
CLUB C.P.C. EDUC. ESPECIAL	1.666,98 €	447,72 €	1.219,26 €
ESCOLA DE FÚTBOL SALA SALNÉS	1.389,15 €	1.080,00 €	309,15 €
CLUB BALONCESTO EL DOCE	339,57 €	154,30 €	185,27 €

Conforme á cláusula 10.2, no seu penúltimo parágrafo das devanditas bases que di literalmente o seguinte: “O importe dos gastos xustificados deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención. No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación asinada polos responsables do club onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes (anexo V). O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.”

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Anular ao Club/Entidade Deportiva: CLUB CICLISTA XIABRE, a súa adxudicación da subvención concedida polo Consello Reitor en sesión con data 04/07/2018, por incumprimento do apartado 10.3 das devanditas bases, por importe de 154,35 €, con cargo á partida 341-483,00.

2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentan parte da documentación xustificativa correcta, dentro do prazo de subsanación e polos seguintes importes, con cargo á partida 341-483,00:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	701,49 €
CLUB DEPORTIVO VLAGARCÍA TENIS DE MESA	35,47 €
CLUB C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	447,72 €
ESCOLA DE FÚTBOL SALA SALNÉS	1.080,00 €
CLUB BALONCESTO EL DOCE	154,30 €

3.- Anular parte das adxudicacións das subvencións concedidas aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 04/07/2018, conforme ao apartado 10.2 das devanditas bases e polos seguintes importes, con cargo á partida 341-483,00:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	842,01 €
CLUB DEPORTIVO VLAGARCÍA TENIS DE MESA	1.662,38 €
CLUB C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	1.219,26 €
ESCOLA DE FÚTBOL SALA SALNÉS	309,15 €
CLUB BALONCESTO EL DOCE	185,27 €

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

- Interven a Sra. Suárez para preguntar sobre os premios en metálico aprobados para a

**REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAIÑAS, no que existe un gran diferencia entre os masculinos aos femininos, indicando que debería nas vindeiras edicións aprobar a equiparación dos premios. Asi como pregunta sobre a realización da reparación das humidades e condensacións do Pavillón nº 1 do CDM Fontecarmoa.**

**O Sr. director Deportivo contéstalle que os premios en metálico os fixa a asamblea da Asociación organizadora da Liga de Traíñas.**

O Sr. presidente manifesta que é certo a gran diferencia e, que desde esta Fundación de Deportes, remitirase un escrito á Asociación organizadora da Liga de Traíñas de solicitude da equiparación dos premios Masculinos e Femininos e, no relativo ao acondicionamento do devandito Pavillón, estase estudando, dado que non existe unha solución sencilla.

- O Sr. director Deportivo interven para indicar que os horarios aprobados polo Consello Reitor en sesión con data 13/09/2018, se vai levar a cabo a notificación a todos os Clubes/Entidades Deportivas e, dado que existen pequenas modificacións, por renuncias ou cambios de horarios soliciados por eles, se todos os membros están de acordo enviaranse os horarios definitivos.

Todos os membros presentes manifestan a súa conformidade de remitir os horarios definitivos coas pequenas modificacións feitas.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 17 DE XANEIRO DE 2019**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil dezanove, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 05/11/15, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Julio Torrado Quintela  
D. Ángel Francisco Vilas Fernández  
Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento  
D. Jesús López Rodríguez  
D. Isidoro Canabal Durán

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusan a súa asistencia a Sra. vicepresidenta, Dna. Paola María Mochales e os Sra/sr. vogais, Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias) e D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta do Consello Reitor, da sesión ordinaria do día dezoito de outubro de dous mil dezaite, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO VINTE E NOVE DE SETEMBRO AO VINTE E OITO DE DECEMBRO DE 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do vinte e nove de setembro ao vinte e oito de decembro de dous mil dezoito, relativas a:

**Mes de Outubro:**

**A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 02/10/18** .- “1.- Autorización á Asociación Cultural “San Miguel-A Torre”, o uso do Pavillón Municipal da Torre, para poder levar a cabo actividades con motivo da celebración das Festas de San Miguel, ano 2018, os vindeiros días 5, 6 e 7 do presente mes. Debendo na maior brevidade posible indicar o horario de desenvolvemento das devanditas actividades.  
2.- Aprobar, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.  
3.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.  
4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.  
5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:  
5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil da devandita actividade.  
5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada da Asociación).  
5.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do

cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura (hinchables ou outras), deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade”

- **2ª Resolución con data 11/10/18** .- “1.- Autorización ao CÍRCULO ARTÍSTICO DEPORTIVO “GATO NEGRO” de Carril o uso do Pavillón Municipal de Carril, para o desenvolvemento dunha actividade de fútbol para os nenos/as da súa Asociación, os martes, de 19:30-20:30 horas e mércores, de 19:00-20:00 horas, tempada 2018/19 e, ata o 31 de maio de 2018, no suposto de finalizar a devandita actividade con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que fará uso da instalación ata esa data. Así como deberá indicar quen será/n o/a/os/as responsable/s na citada actividade, que deberá/n estar presente/s, nos horarios autorizados.”
- **3ª Resolución con data 11/10/18** .- “1.- Autorización ao do IES FERMÍN BOUZA BREY, o uso do Pavillón nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para os alumnos de Ensinanzas Deportivas de Baloncesto, a realización das clases prácticas de baloncesto dos bloques específicos, pavillón nº 2 os martes e, o pavillón nº 1 os venres, de 12:00-13:15 horas, dende o 1 de outubro ao 19 de novembro do presente ano e do 8 de xaneiro ao 13 de abril de 2019. Debendo deixar a devandita instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar polos participantes na citada actividade.”

2.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”
- **4ª Resolución con data 11/10/18** .- “1.- Autorización ao IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, o uso do Pavillón Municipal de Guillán, para os alumnos do Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas, os martes, mércores e xoves de 11:45-14:30 horas, dende o mes de outubro do presente ano ao 31 de marzo de 2019. Debendo deixar a devandita instalación nas mesmas condicións en

que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar polos participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **5ª Resolución con data 11/10/18** .- “1.- Autorización á ANPA SAN MARTIÑO DE SOBRAN do CEIP de Vilaxoán, o uso do pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo o desenvolvemento de actividades extraescolares programadas pola devandita ANPA indicadas no seu escrito, para o curso 2018/19, os luns, martes e mércores, de 16:00-17:00 horas e, os xoves, de 16:00-17:30 horas. Debendo previo ao uso, indicar quen será o/s responsable/s nas citadas actividades, que deberá estar presente, no horario autorizado.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.”

- **6ª Resolución con data 17/10/18** .- “1.- Autorización á Fundación Galega contra o Narcotráfico o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, o vindeiro día 26 do presente mes, de 09:30-13:30 horas e, dado o carácter social da actividade, apróbase non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor:

#### **INSTALACIÓN DEPORTIVA**

- Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Estadio de Atletismo
- Pavillón nº 1 coa súa Megafonía

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Conceder 9 trofeos, 4 para os vencedores, e, 5 como agasallos aos centros participantes da remesa existente da Fundación de Deportes

5.- Trasladar ao departamento de Comunicación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición da impresión de 200 exemplares de diplomas para os participantes, para a súa aprobación, se procede.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **7ª Resolución con data 17/10/18** .- “1.- Autorización ao Club Olímpic-Vilagarcía, o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do Campionato Provincial de Técnica “COPA XUNTA DE GALICIA” e Campionato Galego de Exhibición Absoluto de Taekwondo, o vindeiro día 28 do presente mes, de 08:30-20:30 horas e, o día anterior 27/10/2018, unha vez rematen todas as competicións do citado pavillón (montaxe do devandito Campionato). O que xenerará parte do mesmo a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 15,02 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria das devanditas instalacións deportivas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Obras, a súa solicitude de cesión de 300 cadeiras e 3 mesas de palco con patas de diferentes alturas para o podium.

Auditorio, a cesión dun equipo de megafonía.

Departamento da Policía Local, a cesión de 50 valadas de plástico amarelas e azuis.

Comunicación, a súa solicitude de elaboración de 100 carteis publicitarios do devandito evento.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o



compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **8ª Resolución con data 17/10/18** .- “1.- Remisión a solicitude do C.P.R. San Francisco, para a celebración da V CARREIRA SOLIDARIA LADESOL “CORRO POLO TEU SOÑO”, o vindeiro día 24 de marzo de 2019, de autorización do uso do percorrido e os cortes das rúas do mesmo, presentadas na folla adxunta, á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.  
2.- Comunicarlle que parte do percorrido desenvólvese por vías que non son propiedade Municipal, polo que deberá presentar as correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria, para a rúa Rivero de Aguilar, rúa Entrante e, peirao de pasaxeiros de acordo o que establece o Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, no seu artigo 55 “Probas Deportivas, Marchas Ciclistas e outros eventos”.  
3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 03/10/18** .- “1.- Aprobación do gasto de coorganización coa Asociación CON ELES de Vilagarcía de Arousa e Special Olympics Galicia, para a celebración da última etapa das VI MARCHAS CICLISTAS UNIFICADAS SPECIAL OLYMPICS, o vindeiro día 7 de outubro do presente ano, en horario de mañán, da adquisición de 75 medallas, por importe total de 135,00 €.

2.- Adxudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición das 75 medallas, a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 135,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”

- **2ª Resolución con data 05/10/18** .- “1.- Adxudicación a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de Accidentes para os participantes ás Actividades Deportivas de nenos e adultos, incluídas no Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Inverno, tempada 2018/19, aprobado o seu gasto polo Consello Reitor en sesión con data 13/09/2018, a traves dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 6.250,01 € (1.250,00 €/nenos e 5.000,01 €/adultos), con cargo á partida 341-224.”

- **3ª Resolución con data 09/10/18** .- “1.- Adxudicación a D. Manuel Silva Mascato, a traves dun contrato menor de servizos, a realización das clases da actividade de Taichi para adultos, curso 2018/19, 2 grupos, incluído no Proxecto do Programa de Actividades Físico Recreativas de Inverno aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 13/09/2018, por importe total de 6.890,00 € co seguinte desglose, con cargo á partida 341-226,09:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2018</u>	<u>ANO 2019</u>
ACTIVIDADE DE TAI-CHI	6.890,00 €	2.226,00 €	4.664,00 €”

- **4ª Resolución con data 25/10/18** .- “1.- Adxudicación á empresa BAÑOSPRINT, S.L. (empresa concesionaria dos talonarios existentes, polo que teñen a plantilla dos mesmos), a adquisición de 600 Talonarios de cobro do uso das instalacións deportivas municipais, a traves dun contrato menor de subministros, por importe total de 2.766,06 €.(IVE incluído), con cargo á partida 341-220,00.”

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 01/10/18** .- “ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., co desglose anteriormente sinalado, correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, nos periodos do 08/06/2018 ao 07/08/2018, por importe total de 384,51 €, con cargo á partida 341-222,00.”
- **2ª Resolución con data 01/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 9/2018 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 1.321,73 €.”

- **3ª Resolución con data 01/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000016718F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00.”
- **4ª Resolución con data 01/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan correspondentes a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a por importe total de 21.030,89 €.:
  - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000015318F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de agosto, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.
  - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18 108, correspondente á adquisición de 37 Trofeos, celebración da XXXVI Travesía a Nado ao Porto de Vilagarcía, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2018, por importe de 401,80 €, con cargo á partida 341-226,9901.
  - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18 109, correspondente á adquisición de 2 Trofeos, celebración do 50º Trofeo San Roque, Clase Snipe de Vela, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2018, por importe de 72,50 €, con cargo á partida 341-226,9901.
  - 4.- Recoñecemento da obriga a favor de MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura nº Emit-539, correspondente ao control a traves de Chips da LV Travesía a Nado ao Porto de Vilaxoan, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 31/07/2018, así como dáse conta do informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto, por importe de 1.009,87 €, con cargo á partida 341-226,09.
  - 5.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18252, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de agosto, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura nº Emit-541, correspondente á xestión de inscricións e control a traves de Chips da proba absoluta da XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/06/2018, así como dáse conta do informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto, por importe de 1.514,71 €, con cargo á partida 341-226,09.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 1855, correspondente ao subministro da reposición dunha tubería de retorno e reparación das fugas nos vestiarios do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/08/2018, por importe total de 1.149,50 €, con cargo á partida 341-210.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18 114, correspondente á adquisición de Trofeos, celebración do XVI Torne de Tennis de Verán, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/08/2018, por importe de 163,70 €, con cargo á partida 341-226,9901.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18 115, correspondente á adquisición de Trofeos, celebración da LV Travesía a Nado ao Porto de Vilaxoan, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 31/07/2018, por importe de 351,40 €, con cargo á partida 341-226,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, pola factura nº PON-570, correspondente á contratación dos seguros de accidentes coa licenza dun día dos participantes na proba absoluta da XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/07/2018, por importe de 145,60 €, con cargo á partida 341-224.

11.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE REMO VILAXOÁN, pola factura nº 12/2018, correspondente á organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Remo, ano 2018, para un total de 13 alumnos/as, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/07/2018, por importe total de 1.800,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

12.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA, pola factura nº 001/2018, correspondente á organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Salvamento, ano 2018, para un total de 20

alumnos/as, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/07/2018, por importe total de 1.500,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.2

- **5ª Resolución con data 01/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación facturas nº 6/2018 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, parte mes de setembro, ano 2018, por importe total de 329,35 €, con cargo á partida 341-221,00.
- **6ª Resolución con data 04/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 341-483,00:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>PUNTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA FÚTBOL-7	95	2.932,65 .-
VILAROUA GIMNASIA	21	648,27 .-
CLUB DEPORTIVO AROUSA	40	1.234,80 .-
OS INGLESES RUGBY CLUB	81	2.500,47 .-
CLUB ATENAS RUNNING VDA	21	648,27 .-
MODALIDADE DE TRIATLON	16	
MODALIDADE DE CICLISMO	5”	

- **7ª Resolución con data 22/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., pola factura nº CI0912020139, correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, no periodo do 08/08/18 ao 07/09/18, por importe de 188,99 €, con cargo á partida 341-222,00.”
- **8ª Resolución con data 31/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 10/2018 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.414,71 €.”
- **9ª Resolución con data 31/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., polas facturas nº 02148000019518F e 02148000022318F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega, meses de setembro e outubro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017 e, de conformidade coa Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017, por importe total de 4.252,76 € (2.126,38 €/mes), con cargo á partida 341-227,00.”
- **10ª Resolución con data 31/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan correspondentes a

expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a por importe total de 34.821,97€.:  
1.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39785159, da póliza de Seguros nº 51352446, correspondente á contratación do seguro de Accidentes dos participantes na TRAVESÍA A NADO DO PORTE DE VILAXOÁN, incluída no Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 31/07/2018, por importe de 180,48 €, con cargo á partida 341-224.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000020218F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de setembro, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000021018F, correspondente ao Servizo de Limpeza extraordinaria de reforzo da limpeza das gradas do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola da celebración do IV TORNEO ENCESTARÍAS, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/09/2018, por importe de 93,92 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18267, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de setembro, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017, por importe de 3.108,72 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 1852, correspondente ao Contrato de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 3º trimestre (xullo, agosto e setembro, ano 2018) aprobado pola Resolución da Sra. presidenta con data 07/04/2015 e Resolución do Sr. presidente de revisións de prezos con data 03/09/2018, por importe total de 1.651,41 €, con cargo á partida 341-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB XADREZ FONTECARMOA, pola factura nº 4/18, correspondente ao arbitraje do XXVI Memorial Adolfo Pedrido Morla de Xadrez, incluído nas Actividades Deportivas de Verán, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/09/2018, por importe de 600,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de REY SILVA, ALBERTO, pola factura nº 08/2018/001, correspondente ao servizo de Speaker da XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/07/2018, por importe de 181,50 €, con cargo á partida 341-226,09.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39830926, da Póliza de Seguros nº 51352845, correspondente á contratación do seguro de accidentes, para 1.000 persoas inscritas nas Actividades Físico-recreativas de Adultos, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 05/10/2018, por importe de 5.000,01 €, con cargo á partida 341-224.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 39830927 da Póliza de Seguros nº 51352846, correspondente á contratación do seguro de accidentes, para 250 neno/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais de Inverno, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 05/10/2018, por importe de 1.250,00 €, con cargo á partida 341-224.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa JARDINERÍA ARCE, S.L., pola fra. Nº 01 0100884-18, correspondente ao acondicionamento do terreo de xogo coa aireacción do sustrato para favorecer o arraigo do céspede do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/09/2018, por importe de 2.389,75 €, con cargo á partida 341-210.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18-138, correspondente á adquisición de 9 trofeos, para a celebración do III Torneo de Fútbol Vilaxoán das categorías prebenxamín, benxamín e alevín, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 07/09/2018, por importe de 152,50 €, con cargo á partida 341-226,9901.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18-139, correspondente á adquisición de trofeos, para a celebración do XXVI MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO MORLA DE XADREZ, ano 2018, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/09/2018, por importe de 370,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A., pola factura nº FA 7741, correspondente ao contrato menor de subministros, polo aluguer dun colector grande (240 L), con recollida da documentación cada 2 meses, para levar a cabo a destrución de documentación que conteñen datos de carácter persoal, mes de outubro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/10/2017, por importe de 82,50 €, con cargo á partida 341-227,9900.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18-144, correspondente á adquisición de 75 medallas, para a celebración das VI MARCHAS CICLISTAS UNIFICADAS SPECIAL OLYMPICS, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2018, por importe de 135 €, con cargo á partida 341-226,9901.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000021618F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de outubro, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.”

- **11ª Resolución con data 31/10/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da citada relación facturas nº 7/2018 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, parte mes de setembro e outubro, ano 2018, por importe total de 1.006,87 €, con cargo á partida 341-221,00.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 05/10/18** .- “1.- Aprobación a D. Manuel Prado Padín, a realización das prácticas en empresa, na oficina de Administración da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, da titulación do curso do Ciclo Superior de Administración e Finanzas. Sen que iso implique relación funcional, laboral ou contractual algunha co Concello ou coa Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.”

#### **Mes de Novembro:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 12/11/18** .- “1.- Autorización ao Club Deportivo Bamio, o uso do Campo de Fútbol Municipal Mary Paz Vilas, para a celebración do I Torneo Benxamín F-8, o vindeiro día 29 de decembro do presente ano, debendo indicar na maior brevidade posible o horario necesario para o montaxe, desenvolvemento e desmontaxe do citado evento.



2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Ceder a Publicidade da Fundación de Deportes (fly banners e arco hinchable), que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Obras, a súa solicitude de cesión de 10 carpas con laterais, 12 mesas plegables, 20 cadeiras e, 100 valadas.
- Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

5.- Conceder 8 trofeos da remesa existente da Fundación de Deportes

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso, certificado da Federación Galega de Fútbol no que indique que o devandito evento está incluído na Póliza de Responsabilidade Civil suscrita pola citada Federación e valide o seguro de accidentes coas licenzas federativas en vigor de cada participante.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu

caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **2ª Resolución con data 20/11/18** .- “1.- Autorización en precario a D. Manuel Abal Radío, representante dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Carril, os xoves, de 21:30-22:30 hroas, a partir do xoves seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro xoves do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá ingresar previo uso da citada instalación, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 €, para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese

mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoseles automaticamente a súa autorización.”

- **3ª Resolución con data 22/11/18** .- “1.- Aprobación a ZONA ABERTA (Centro Comercial Aberto Vilagarcía), para a celebración da VII MEDIA MARATÓN SOLIDARIA ZONA ABERTA, o vindeiro día 25 de novembro do presente ano, de 10:30-13:30 horas. A cesión do Podium do Estadio de Atletismo, a pistola para a saída, 3 alargadeiras e, o Arco Hinchable da Fundación de Deportes, así como a recollida dos conos, coa furgoneta da Fundació de Deportes no Centro Príncipe Felipe da Deputación Provincial e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colocación e recollida dos conos, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado. Asemade da colaboración de persoal (2 persoas), para a colocación e retirada do material loxístico.
  - 2.- Concederlle 1 trofeo da remesa existente da Fundación de Deportes.
  - 3.- Comunicarlle que conforme ao acordo da Xunta de Goberno Local deberán:
    - 3.1.- Designar unha persoa como director-coordinador responsable da seguridade da proba.
    - 3.2.- Presentar a correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria, para as rúas Rivero de Aguilar, rúa Entrante e, da Xefatura Provincial de Tráfico, para o peche da Estrada Nacional PO 548, de acordo o que establece o Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, no seu artigo 55 “Probas Deportivas, Marchas Ciclistas e outros eventos”.
    - 3.3.- Contar cos medios materiais e humanos necesarios para a sinalización do circuíto e garantir a seguridade da proba.
    - 3.4.- Faíse constar que no devandito acordo autorízase ao uso do percorrido, os corte das rúas (sinaladas no seu escrito), colocación de carteis informativos nas farolas e, ao uso da Praza da II República. Así como da remisión aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, das necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
      - Obras, a súa solicitude de cesión de 15 carpas, 12 mesas de fácil montaxe, 21 cadeiras, valadas para a colocación de publicidade dende a Casa do Mar ata a Meta, unha tarima de 6X6 e conos para seraparación da calzada.
      - Electricidade, a colocación de cadros eléctricos para a zona de Saída/Meta e outro para a praza da Constitución para e actuación musical.
      - Auditorio, a súa petición de cesión dun equipo de megafonía con micrófono inalámbrico, así como a cesión de diverso material e autorización de uso de dependencias do Auditorio Municipal.

- Medio Ambiente, a cesión de 6 colectores de lixo.
- Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil da súa petición de colaboración de persoal (Voluntarios) e dúas ambulancias.

Asemade da presentación da póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade (remitida telematicamente).

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade.”

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 09/11/18** .- “1.- Aprobación do gasto de coorganización co Club Kennel Den (Deportes en Espazos Naturais), para a celebración do III TROFEO MUSHING CIDADE DE VILAGARCÍA, o vindeiro día 11 de novembro do presente ano, por importe total de 268,30 €.  
2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición dos 29 trofeos, a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 268,30 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- **2ª Resolución con data 14/11/18** .- “1.- Aprobación á empresa Troquiña, S.L. a revisión de prezos do Contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, cunha variación do IPC do 2,2 %, resultando un importe mensual de 3.177,11 €, a aplicar a partir do 28/09/2018.
- **3ª Resolución con data 23/11/18** .- “1.- Aprobación da anulación dos sobrantes das aprobacións de gastos e adxudicacións dos expedientes anteriormente sinalados, por importe total de 11.980,91 €, co seguinte desglose:

<u>Nº OPERACIÓN</u>	<u>FASE</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
220179000014	AD	212,00 .-	341-226,09
220180000175	AD	30,25 .-	341-226,09
220180000258	AD	215,68 .-	341-226,9900
220180000678	AD	41,53 .-	341-213
220180000676	D	67,49 .-	341-226,09
220180000675	A		
220180000808	D	24,00 .-	341-226,09
220180000675	A		
220180001030	D	10,28 .-	341-226,09
220180000675	A		
220180001032	D	12,15 .-	341-224

220180000675	A		
220180000293	A	50,00 .-	341-224
		1.396,34 .-	341-226,09
		1.000,00 .-	341-226,9901
220180000326	A	519,00 .-	341-226,09
220180000675	A	392,57 .-	341-224
		1.444,23 .-	341-226,09
		1.869,20 .-	341-226,9901
220180000764	A	64,50 .-	341-483,01
220180000765	A	4.381,70 .-	341-483,00
220180001256	A	249,99 .-	341-224
TOTAL .....		11.980,91 €"	

- **4ª Resolución con data 26/11/18** .- “1.- Adjudicación á empresa MONDO IBÉRICA, S.A., a adquisición de tres marcadores para os Campos de Fútbol Municipais de: C.F.M. de Berdón, C.F. Manuel Jiménez Abalo e Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 12.543,63 €, con cargo á partida 341-623,00.”
- **5ª Resolución con data 26/11/18** .- “1.- Adjudicación á empresa BAYGAR, S.L., a adquisición de 4 deshumificadores: 2 unidades do modelo SUPERDRYER 62 ( por un importe de 1.065,60 €/ unidade) e 2 unidades do modelo FDP-96 ( por un importe de 1.395,20 €/unidade), para o Pavillón Municipal de Castelao e Pavillón nº2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a través dun contrato menor de subministros, por importe total de 5.955,14 € (I.V.E. INCLUIDO), con cargo á partida 341-623,00.”

#### C.- Reconocimientos de obriga:

- **1ª Resolución con data 12/11/18** .-“ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de deportes, polos gastos de locomoción, polo desprazamento a Chaves (Portugal), o pasado día 08/11/2018, con motivo da celebración do Seminario de Intercambio de experiencias deportivas e Reunión do Grupo Temático de Deportes do Eixo Atlántico, por importe total de 98,09 €, con cargo á partida 341-231,20.”
- **2ª Resolución con data 14/11/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa Intersport Expansión, S.L.U., pola factura 00008/00031/2018/F000028, da adquisición de 24 volantes de badminton, para o desenvolvemento da actividade físico-recreativa de adultos de badminton, por importe total de 51,60 €, con cargo á partida 341-221,9901. Así como aprobar o endoso do seu pagamento a D. Juan Miguel Doval Blanco, dado que o seu pago foi adiantado por él.”

- **3ª Resolución con data 19/11/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., pola factura nº CI0912020139, correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, no periodo do 08/09/18 ao 07/10/18, por importe de 189,38, con cargo á partida 341-222,00.”
- **4ª Resolución con data 26/11/18** .- “1.- Aprobación da devolución do ingreso a favor de D. Jorge Alonso Lastra, correspondente á devolución da fianza depósito para garantir o bó uso das instalacións deportivas, pola súa autorización do uso do Pavillón Municipal da Torre, os luns, de 21:00-23:00 horas, na pasada tempada 2017/18, por importe de 100,00 €, con cargo á partida 20080.”
- **5ª Resolución con data 30/11/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados correspondentes á inscrición do citado Curso Formativo, por importe de 127,50 €, con cargo ás partidas 341-162,00.”
- **6ª Resolución con data 30/11/18** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 11/2018 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 7.296,63 €.”
- **7ª Resolución con data 30/11/18** .- “1. Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas que a continuación se relacionan, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 5.074,70 €.:
  - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18-140, correspondente á adquisición de 18 trofeos, para a celebración do Campionato de España de Windsuf, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/09/2018, por importe de 204,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.
  - 2.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 1875, correspondente aos atrasos da revisión de prezos conforme ao IPC do Contrato de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPALES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/09/2018, por importe total de 109,70 €, con cargo á partida 341-227,9902.
  - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 180163, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento

das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de outubro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18-146, correspondente á adquisición de 5 trofeos, para a celebración do Campionato de España de Radiocontrol de Vela 1m, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/09/2018, por importe de 48,60 €, con cargo á partida 341-226,9901.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 18-147, correspondente á adquisición de trofeos, para a celebración do do III TROFEO MUSHING CIDADE DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/11/2018, por importe de 268,30 €, con cargo á partida 341-226,9901.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-18267, correspondente ao contrato de Servicios “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de outubro, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017 e a súa revisión de prezos conforme IPC pola Resolución do Sr. presidente con data 14/11/2018, por importe de 3.177,11 €, con cargo á partida 341-227,9902.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-07/18, correspondente á realización das clases do I Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2018/19, mes de outubro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe de 742,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

8.- Recoñecemento da obriga a favor de ESTRADA FERNÁNDEZ, SANDRA, adestradora do Club/Entidade Deportiva: Club Vilarousa Ximnasia, pola factura nº FAC0019, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica, 1 grupo, mes de outubro, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.”

#### D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 23/11/18** .- “Aprobación do expediente de transferencias de créditos, introducíndose no Estado de Gastos e Ingresos, as seguintes modificacións:

#### **APLICACIÓNS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA**

<b>PARTIDA</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE BAIXA</b>
----------------	---------------------	--------------------------

341-22609	FUNDACIÓN-ACTIVIDADES DEPORTIVAS	15.707,84
<b>TOTAL BAIXAS.....</b>		<b>15.707,84</b>

#### APLICACIONES DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE ALTA
341-1200401	FUNDACIÓN- RETRIBUCIÓN BÁSICAS GRUPO C2	933,02
341-1210001	FUNDACIÓN- CD FUNCIONARIOS INTERINOS	2.544,83
341-1210101	FUNDACIÓN- CE FUNCIONARIOS INTERINOS	2.959,35
341-1210302	FUNDACIÓN- TRABAJO EN DOMINGO	1.000,00
341-1210304	FUNDACIÓN- RPT	421,14
341-13000	FUNDACIÓN- RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL	860,97
341-1510001	FUNDACIÓN-GRATIFICACIÓN FUNCIONARIOS INTERINOS	3.000,00
341-16000	FUNDACIÓN- SEGURIDADE SOCIAL	727,26
341-62300	FUNDACIÓN- INVERS. EN MAQUIN. INST. E UTILLAXE	3.261,27
<b>TOTAL ALTAS.....</b>		<b>15.707,84</b>

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Créditos, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas, con efectos inmediatos.”

**Mes de : Decembro**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 12/12/18 .-** “1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se indican, para a celebración do II EDICIÓN DO TORNEO CIDADE VILAGARCÍA DE FÚTBOL-11, categoría Alevín, co seguinte desglose:

1.1) Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo:

<b>DÍAS</b>	<b>CONCEPTO</b>
-------------	-----------------

31/05/19	Montaxe
----------	---------

1 e 2/06/19	Desenvolvemento
-------------	-----------------

03/06/2019	En horario de mañán, deberá levar a cabo o desmontaxe, tendo que deixar libre o espazo do terreo de xogo, para os equipos que adestran pola tarde.
------------	--

1.2) Campo de herba natural do Estadio de Atletismo, en precario, os días e conceptos anteriormente sinalados, quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes e, no caso de climatoloxía adversa, de non poder



usar a devandita instalación, apróbase autorizar o Campo de Fútbol Municipal da Pelada.

Debendo na maior brevidade posible remitir os horarios de apertura e peche das devanditas instalacións, para o desenvolvemento do citado Torneo, o cal podería xenerar a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, se o mesmo e superior ao horario de apertura establecida das citadas instalacións, que supón un custo de 17,52 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá concretar o proceso de montaxe do devandito Torneo nas devanditas instalacións deportivas, para poder desviar ou anular os adestramentos dos Clubes/Entidades Deportiva que teñen autorizado o citado día de montaxe.

3.- Comunicarlle que deberá deixar as devanditas instalacións, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na citada actividade.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

O Sr. presidente contéstalle que non ten a data actual ningún coñecemento da decisión tomada pola devandita Asociación, nin existiu ningún acercamento ao respecto, dende a reunión na que a citada Asociación comunicaba a súas intencións de non realizar o devandito Evento Deportivo en Vilagarcía de Arousa, dado que tiña unha oferta económica doutro Concello. Entendendo que o Concello non debe entrar nun pulso nin subasta, para manter unha actividade dunha Asociación privada no noso municipio, indicándolles que terían os mesmos medios loxísticos que o ano anterior. Así como sinala que dende a Fundación de Deportes e Concello de Vilagarcía de Arousa, na edición do ano pasado, levouse a cabo un gran esforzo, sendo o ano con maior apoio loxístico na montaxe, desenvolvemento e desmontaxe do citado evento deportivo.

A Sra. Suárez considera que se debería ter convocado ao Consello Reitor de urxencia, para dar unha explicación sobre o feito e as posibilidades que poideran haber, para que este evento deportivo de gran calidade se mantivera no noso municipio. Cré que este organismo autónomo está para tomar decisións relativas a materia deportiva, sobre todo cando publican nos Medios de Comunicación que se marchan por unha falta de respecto.

O Sr. presidente indica que na citada reunión, a Asociación Arousa Fútbol-7 só manifestó que a intención de marcharse era por motivos económicos, dada a oferta económica que o Concello de Sanxenxo lles ofreció. Non existindo polo momento ningunha solicitude para a celebración de ningún evento deportivo.

A Sra. Suárez propón que se leve a cabo un esforzo, para o acercamento e diálogo coa Asociación Arousa Fútbol-7.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e sete minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 4 DE ABRIL DE 2019**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día catro de abril de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Fernando Vicente Davila

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Ramón Santorum Canto

D. Isidoro Canabal Durán

D. Julio Torrado Quintela (incorpórase ás 21:00 horas)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusan a súa asistencia a Sra. vicepresidenta, Dna. Paola María Mochales e os Sra/sr. vogais, Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento, Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (suplente de Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias) e D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta do Consello Reitor, da sesión ordinaria do dezasete de xaneiro de dous mil dezanove, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO VINTE E OITO DE DECEMBRO DE 2018 AO VINTE E OITO DE MARZO DO PRESENTE ANO.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do vinte e oito de decembro de dous mil dezaioito ao vinte e oito de marzo do presente ano, relativas a:

## Mes de Decembro 2018

### B.- Aprobacións de gastos e adjudicacións:

- **1ª Resolución con data 28/12/18** .- “1.- Adjudicación á empresa Naturgy Iberia, S.A., por importe total de 14.235,07 €, correspondente aos gastos de enerxía eléctrica e gas natural (1 factura) dos últimos meses do ano 2018, co desglose que a continuación se relacionan:

FACTURA EN PAPEL	INSTALACIÓN	PERIODO FACT.	IMPORTE	MESES FACTURADOS
FE18321268056412	C.D.M. FONTECARMOA	01/05/18- 31/05/18	2.765,37 €	maio
FE18321283907629	C.F BAMIO	05/09/18- 28/09/18	612,02 €	setembro
FE18321283907630	C.F BAMIO	29/09/18- 29/11/18	1.810,09 €	outubro novembro
FE18321284047912	C.F. A LOMBA	28/09/18- 29/11/18	3.909,49 €	outubro novembro
FE18321283802130	C.F. DE BERDON	26/09/18- 26/11/18	2.294,97 €	outubro novembro
FE18321284908671	C.F. VILAXOAN	01/11/18- 30/11/18	1.117,34 €	novembro
FE18321284047913	PAVILLON CARRIL	01/11/18- 30/11/18	312,16 €	novembro
FE18321284047911	PAVILLON FAXILDE	01/11/18- 30/11/18	325,87 €	novembro
FE18321285047432	PAVILLON GUILLAN	09/10/18- 09/12/18	510,80 €	setembro, outubro e novembro
FE18321285933939	CDM FONTECARMOA- GAS	12/10/18- 13/12/18	576,96	outubro novembro

### Mes de Xaneiro:

#### A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 21/01/19** .- “1.- Autorización ao Basket Base Club, o uso dos Pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do Acto de Presentación dos seu equipos conxuntamente cos equipos da Agrupación Deportiva Cortegada, o vindeiro día 27 de xaneiro de 2019, de 17:30-19:00 horas.  
2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.  
3.- Aprobar a cesión de 2 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.  
4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
  - . Departamento de Obras, a cesión de 4 mesas de palco con patas baixas.
  - . Departamento do Auditorio, a cesión de 2 caixas de Son JBL e 1 mesa con micrófono inhalámbrico
  - . Departamento de Comunicación, a realización dunha lona cos logotipos dos devanditos Clubes/Entidades Deportivas.
- 5.- Comunicarlle que no caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para as persoas e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Así como estar protexido do chan para non danar o pavimento.
- 6.- Comunícaselle que deberá tomar todas as medidas preventivas co fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”
- **2ª Resolución con data 14/01/19** .- “1.- Adxudicación á empresa MOVETE CON NOS, S.L., a realización das clases de aerobio e pilates, con motivo de cubrir as ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE INVERNO, ACTIVIDADE AEROBIC E PILATES, pola baixa laboral dun Técnico Deportivo (Dna. Silvia Fernández Sáinza), dun total de 270 sesións, dende o 8 de xaneiro ata a incorporación da devandita técnico deportiva, ou como máximo ata o 21 de xuño do presente ano (data de finalización das devanditas actividades), a traves dun contrato Menor de servizos, por importe total de 9.801,00 € (36,30 €/sesión, IVE incluído), con cargo á partida 341-226,09.”
- **3ª Resolución con data 21/01/19** .- “1.- Adxudicación á empresa CALEFACCIONES PAULINO, S.L., o subministro dun interacumulador eléctrico de 200 litros para o

Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, de acordó ao informe da empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Mantemento das instalacións térmicas das Instalacións Deportivas Municipais en vigor no que indica que a súa reparación non sería suficiente para garantir a seguridade, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 1.300,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”

- **4ª Resolución con data 21/01/19** .- “1.- Adxudicación á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L. (STIN, S.L.), a adquisición dunha impresora de etiquetas (registro de entrada e saídas), para a posta en marcha da Sede Electrónica, de acordo a Lei de Procedemento 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 831,26 €, con cargo á partida 341-623,00.

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 07/01/19** .- “1.- Aprobación da contabilización do ingreso efectuado na conta bancaria da Fundación de Deportes, polo erro da conta bancaria da empresa NEUS J. SANTORUM, S.L., correspondente ao pagamento do recoñecemento da obriga das facturas nº 032318-664, 032318-980,032318-883, 032318-1134 e 032318-1167, polo subministro de material para reparacións de instalacións deportivas municipais, por importe total de 546,29 €, con cargo á partida económica 20501.  
2.- Efectuar o pagamento na conta correcta da devandita Empresa, por importe de 546,29 €, con cargo á partida económica 20501.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 11/01/19** .- “1.- Aprobación da Memoria do proxecto de LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, cun orzamento total de 12.000,00 €.

2.- Aprobar a solicitude dunha subvención á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, conforme as bases reguladoras da “CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLO 2019-LIÑAS 2 E 3”, publicadas no BOP, o pasado día 18/12/2018, con cargo á “Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes”, para o devandito Proxecto, por importe de 6.000,00 €.”

**2ª Resolución con data 21/01/19** .- “1.- Aprobación os horarios de apertura e peche de todas as intalacións deportivas, co seguinte desglose e, que se coloque un/s cartel/is informativo/s en todas as instalacións deportivas:

a) A Tempada Invernal, dende o 1 de setembro ata o mes de xuño do seguinte ano (data de inicio da Tempada Estival, conforme o que estableza a Xunta de Goberno Local):

**INSTALACIÓN DEPORTIVA**

**DÍAS**

**HORARIO**



- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa	Luns a venres	09:00-13:30 horas
Parte Superior		16:00-23:30 horas
Parte Inferior		16:30-23:30 horas
	Sábados	09:00-21:00 horas
	Domingos	09:00-14:30 horas
		16:00-19:30 horas
- Instalacións Deportivas Municipais Exteriores	Luns a venres	16:00-23:30 horas
Campos de Fútbol Municipais de: A Pelada, Berdón, Vilaxoán, Mari Paz Vilas e A Lomba	Sábados e Domingos, dependerá dos calendarios de competicións oficiais nas que participan os Clubes/Entidades Deportivas do	
Pavillón Municipais de: A Torre, Carril, Guillán Faxilde, Castelao e Recinto Fexdega	Concello que utilizan as citadas instalacións deportivas	

Así como poderanse levar a cabo a súa apertura e peche, de luns a venres, en horario de 09:00-13:30 horas, dende o Servizo de Mantemento, para atender a posible demanda que puidese existir.

b) A Tempada Estival, conforme a Resolución do Sr. presidente con data 08/06/2018, dende a data do mes de xuño de inicio que estableza a xornada laboral de verán, aprobada pola Xunta de Goberno Local ao 31 de agosto de cada ano:

<b><u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORARIO</u></b>
- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa	Luns a venres	09:00-13:30 horas
		17:00-23:30 horas
	Sábado	09:00-14:00 horas
	Domingo	09:00-14:00 horas

Os meses de Xullo e Agosto as Instalacións Deportivas Municipais Exteriores, permanecerán pechadas, salvo casos excepcionais, previa solicitude por escrito do interesado/a e, aprobación pola Resolución do Sr. presidente.

c) Aviso Importante: A finalización de todas as actividades deportivas será ½ hora antes do peche da instalación, tanto na tempada Invernal como a Estival.

d) Os festivos salvo autorización expresa da Fundación de Deportes, as instalacións estarán pechadas.

2 .- O presente horario das instalacións Deportivas Municipais, poderáse abrir excepcionalmente fora do horario anteriormente indicado, para o desenvolvemento dos partidos oficiais (ligas ou similar) que sexan Federadas ou calqueira outra actividade que sexa aprobada pola Resolución do Sr. presidente, preferentemente os sábados e domingos, a apertura levarase a cabo 1 hora antes do inicio da actividade.”

### **Mes de Febreiro:**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 07/02/19** .- “1.- Autorización á Agrupación Atlética Mazí, o uso do Estadio de Atletismo, para a celebración do IV TROFEO ATLETISMO MAZÍ- CIDADE DE VILAGARCÍA, o vindeiro día 9 do presente mes, de 08:00-15:00 horas. O cal xenerará a realización dunha hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,52 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.
- 3.- Aprobar a cesión do Video-Finish e os seus compoñentes, equipamento e material da devandita instalación, así como a cesión de 5 mesas e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
- 4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
- . Obras, a cesión de 5 carpas.
  - . Auditorio, a cesión dun equipo de megafonía.
  - . Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para colaboración do departamento da Policía Local (acotamiento de parking de autobuses e vehículos Autoridades) durante o desenvolvemento do evento.
  - . Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, para a cesión da súa ambulancia co seu persoal necesario, no desenvolvemento da citada proba.
- 5.- Conceder ao citado club, 156 medallas (52 de ouro, 52 de prata e 52 de bronce), solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 265,20 € e 2 trofeos da remesa existente da Fundación de Deportes.
- 6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
- 7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
- 7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
  - 7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no

traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **2ª Resolución con data 13/02/19** .- “1.- Comunicación ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da II Bandeira Cofradía de Pescadores de traíñeiras, o vindeiro día 17 do do presente mes, de 10:30-13:30 horas, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do equipamento solicitado.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita Regata.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de Obras, a cesión e instalación de 2 palcos toldados.
- . Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Megafonía.
- . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de comunicación da devandita proba.”

- **3ª Resolución con data 26/02/19** .- “1.- Autorización ao Club Vilagarcía, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do IV TORNEO BENXAMÍN PAZO DA GOLPELLEIRA, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 09:00-22:00 horas. O que xenerará por tratarse dun día festivo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 223,08 € (17,16 €/h.), con cargo á partida 341-151/13001.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.
- 3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
- 4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
- 4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
- 4.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).
- 4.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.
- 4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas,

neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **4ª Resolución con data 26/02/19** .- “1.- De conformidade coa Resolución do Sr. presidente con data 21/01/2019, de aprobación dos Horarios (apertura-peche) das Instalacións Deportivas Municipais e, no que para a Tempada invernal se establece a seguinte franxa horaria:

“a) A Tempada Invernal, dende o 1 de setembro ata o mes de xuño do seguinte ano (data de inicio da Tempada Estival, conforme o que estableza a Xunta de Goberno Local):

<b><u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORARIO</u></b>
- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa	Luns a venres	09:00-13:30 horas
Parte Superior		16:00-23:30 horas
Parte Inferior		16:30-23:30 horas
- Instalacións Deportivas Municipais Exteriores	Luns a venres	16:00-23:30 horas

Así como poderanse levar a cabo a súa apertura e peche, de luns a venres, en horario de 09:00-13:30 horas, dende o Servizo de Mantemento, para atender a posible demanda que puidese existir.

Aviso Importante: A finalización de todas as actividades deportivas será ½ hora antes do peche da instalación, tanto na tempada Invernal como a Estival.”

E polo que se aproba autorizar ao I.E.S. MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, en precario o uso das instalacións deportivas que a continuación se relacionan, para os alumnos do Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas, quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.:

- 3 pistas de Tenis do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa do do 24 de abril ao 12 de xuño do presente ano, os mércores, de 12:00-13:00 horas.

- Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, do 29 de abril ao 10 de xuño do presente ano, os martes de 12:00-13:00 horas. Así como comunícaselle que o resto dos horarios solicitados para a esta instalación están fora da franxa horaria establecida.

-Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, os días 26 e 28 de febreiro e 12 e 14 de marzo do presente ano, de 12:00-14:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as devanditas instalacións, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse polos participantes na citada actividade.”

- **5ª Resolución con data 26/02/19** .- “1.- Cesión do arco hinchable para a entrada e 10 fly banners, así como a moqueta que poida ter dispoñible este organismo autónomo, para a celebración da actividade MARZO SEN FRONTEIRAS, o vindeiro día 27 de marzo do presente ano, aprobada a súa autorización pola Resolución do Sr. presidente con data 28/12/2018 e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado: Así como deberá na maior brevidade posible indicar o material deportivo que precisa, para poder levar a cabo a súa aprobación.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de 1 Palco de (4x3 de 12 m<sup>2</sup>), 150 cadeiras, 15 mesas grandes, 100 valadas e, 6 carpas pequenas (indicando que para poder instalar as no interior do recinto Fexdega deberán ser inífugas).
- Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de son con conexión de MINIJACK e micrófono inalámbrico.
- Concellería de Cultura, autorización de uso de 6 pallozas da “Noite Meiga”, para decoración no desenvolvemento do evento.
- Concellería de Seguridade Cidadá, Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a colaboración de Protección Civil, coa presenza dunha ambulancia e a instalación do hospital de campaña.

3.- Aprobar a adquisición de 400 botellíns de auga e 350 pulseiras subliminadas coa imaxe do evento, para os participantes no devandito evento, por importe total de 425,43 €.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o

compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 07/02/19** .-“ 1.- Autorización a D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación, a realización do Curso Formativo “INSTRUCCIÓN EN IOGA”, en modalidade On Line. Así como aprobar os gastos de inscrición, por importe de 380,00 €, con cargo á partida 341-162,00. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.”
- **2ª Resolución con data 08/02/19** .- “1.- Adxudicación da adquisición de 156 medallas (52 de ouro, 52 de prata e 52 de bronce), para a entrega de premios do IV TROFEO ATLETISMO MAZÍ- CIDADE DE VILAGARCÍA á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 265,20 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- 3ª Resolución con data 26/02/19** .- “1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, a adquisición do seguinte material para a celebración da

actividade MARZO SEN FRONTEIRAS, a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 425,43 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226,09.”

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
HIPER FROIZ, S.L.	400 botellíns de auga de 50 cl.	68,00 €
SERIGAL, S.L.	350 pulseiras subliminadas	<u>357,43 €</u>
	Total .....	425,43 €

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 07/02/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas nº 1/2019 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 2.063,02 €.”
- **2ª Resolución con data 07/02/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas nº 1/2019 correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, partes dos meses de decembro 2018 e xaneiro 2019, por importe total de 977,85 €, con cargo á partida 341-221,00.”
- **3ª Resolución con data 20/02/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de xaneiro, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, que a continuación se relacionan, por importe total de 7.897,83 €:
  - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 500462064 da Póliza de Seguros nº 11320412, correspondente á contratación da Póliza de seguros Multirriesgo Camións para a plataforma elevadora con remolque da Fundación de Deportes, para o período do 01/01/19 ao 31/12/19, por importe de 100,31 €, con cargo á partida 341-224.
  - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 500462066 da pola póliza de Seguros nº 31074097, correspondente á contratación do seguro de PYME 21da pequena e mediana empresa (edificios destinados a deportes), ano 2019, por importe de 1.892,11 €, con cargo á partida 341-224.
  - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 500462072, da pola póliza de Seguros nº 61103818, correspondente á contratación do seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL da Fundación de Deportes, ano 2019, por importe de 3.176,16 €, con cargo á partida 341-224.
  - 4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L. (STIN, S.L.), pola factura nº 19000145 5, correspondente á adquisición dunha impresora de etiquetas (registro de entrada e



saídas) para outro ordenador da oficina da Fundación de Deportes, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 21/01/2019, por importe de 831,26 €, con cargo á partida 341-623,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 1912, correspondente á adquisición dun interacumulador para o Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, conforme o informe da empresa adxudicataria do Contrato de Servizos, “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)” e informe de corrección de erro pola falta de apliación do IVE, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 21/01/2019, por importe total de 1.573,00 €, con cargo á partida 341-623,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 190013, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de xaneiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.”

- **4ª Resolución con data 26/02/19** .- “1.- Aprobación o recoñecemento da obriga a favor de por D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación de Deportes, relativa aos gastos de locomoción, polos desprazamentos ao Pavillón Municipal de Bamio, para impartir as clases de Ximnasia de Mantemento, os martes e xoves do mes de xaneiro, por importe total de 13,68 €, con cargo á partida 341-231,20.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 08/02/19** .- “1.- Aprobación a coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do XVII CAMPIONATO SEMIRÁPIDAS SANTA RITA, no que se desenvolverá o Campionato Galego de Xadrez Rápido e Xadrez Relámpago, os vindeiros días 11 e 12 de maio do presente ano, no Auditorio Municipal.  
2.- Trasladar á Concellería de Cultura, a cesión do uso do Auditorio Municipal para poder levar a cabo o desenvolvemento do devandito Campionato, os días anteriormente sinalados.  
3.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante e a Fundación de Deportes, con dous representantes

de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

4.- Nomear como representantes do citado Comité a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo e Dna. Paula Rial Dieste, Técnico Deportivo.

5.- Comunicar ao devandita Club que deberá, na maior brevidade posible, indicar que representantes formarán parte do citado Comité.”

- **2ª Resolución con data 25/02/19** .- “1.- Aprobación da coorganización coa Asociación de Cáncer de Mama Metastásico (ACMM), para a celebración dunha Marcha Solidaria, para recadar fondos para a investigación da loita contra o cancro, de senderismo e bicicleta de montaña, o vindeiro día 2 de xuño do presente ano, con saída e chegada á escola unitaria de Castragudín.

2.- Trasladar á Concellería de Muller do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a solicitude de participación na coorganización presentada pola Asociación de Cáncer de Mama Metastásico.

3.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante, a Fundación de Deportes e a Concellería de Muller, e o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

4.- Nomear como representante do citado Comité a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo.

5.- Comunicar á devandita Asociación e Concellería de Muller que deberán, na maior brevidade posible, indicar que representantes formarán parte do citado Comité.”

### **Mes de :Marzo**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 04/03/19** .- “1.- Autorización ao Club Vilarousa de Ximnasia Rítmica, o uso do Pavillón Municipal da Torre no horario que a continuación se indica para poder levar a cabo os adestramentos en horario de mañán, na semana de Entroido:

<b>INSTALACIÓN</b>	<b>DÍAS</b>	<b>HORAS</b>
Pavillón Municipal da Torre	04/03/2019	10:00-13:30 horas
	05/03/2019	10:00-12:30 horas
	06/03/2019	10:00-13:30 horas

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

3.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **2ª Resolución con data 04/03/19** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, sección de Balonmán no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Carril para poder levar a cabo un día a maiores os adestramentos dos seus equipos, os mércores, de 16:00-17:00 horas, tempada 2018/19.

2.- Conforme ao artigo 27.4 do Regulamento de Rexime Interno, que dí lieteralmente o seguinte: “27.4. Os clubs/entidades deportivas que teñan concedido o uso de IDM da Fundación de Deportes, non poderán facer uso das mesmas se non están ao corrente dos pagos fixados. Así como estar en posesión dos preceptivos **Seguros de Accidentes/licenzas federativas e de Responsabilidade civil, para ditas actividades**”. no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar copia da Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil do correspondente Club e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da súa actividade federada ou unha relación nominal dos seus deportistas e adestradores, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e nº de licenza federativa (tempada 2018/19) selada pola Federación correspondente.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

5.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

6.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **3ª Resolución con data 11/03/19** .- “1.- Autorización á Fundación Deportiva Municipal A Illa de Arousa, o uso do Pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do XIII TORNEO NACIONAL DE XIMNASIA RÍTMICA, os vindeiros días 18 e 19 de maio do presente ano, no seguinte horario:

<b>DIA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>HORAS</b>
18/05/2019	Montaxe	16:00-23:00 horas (sempre e cando non exista ningunha competición oficial e, no seu caso, a partir da finalización da mesma).
19/05/2019	Desenvolvemento	09:00-14:30 horas
	Desmontaxe	Dende o remate do evento, ata a súa finalización.

O que xenerará parte da súa franxa horaria ao estar fora de apertura da instalación, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,16 €/h., con cargo á partida 341-151/13001. Asemade acórdase, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **4ª Resolución con data 13/03/19** .- “1.- Autorización ao Os Ingleses Rugby Club, o uso do campo de herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da COPA XUNTA DE GALICIA DE RUGBI 7, modalidade olímpica, categorías sub 14, sub16, sub18 e senior masculina, os vindeiros días 17 e 18 de maio do presente ano, de 08:00-21:30 horas.

O que xenerará parte da súa franxa horaria ao estar fora de apertura da instalación, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,16 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de 12 mesas, arco hinchable, fly banners e publicidade institucional, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 4 mastros de base vermella para as bandeiras protocolarias e 5 carpas.

. Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **5ª Resolución con data 13/03/19.-** “1.- Comunicación ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da XIII BANDEIRA PORTO DE VILAGARCIA DE BATEIS, no peirao de Vilaxoán, o vindeiro día 24 de marzo do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do material solicitado.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita Regata.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión e instalación de 2 palcos toldados (o toldo pode substituírse por carpas do Concello).

. Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Megafonía.

. Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de comunicación da devandita proba.”

- **6ª Resolución con data 13/03/19** .- “1.- Autorización á Fundación Galega contra o Narcotráfico o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, para a celebración do TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol e Baloncesto), no que participaran os I.E.S. que gañaron os seus respectivos torneos locais, o vindeiro día 15 do presente mes, de 09:30-14:00 horas. O que xenerará parte da súa franxa horaria ao estar fora de apertura da instalación, a realización duna hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,16 €/h., con cargo á partida 341-151/13001. Dado o carácter social da actividade, apróbase non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor:

#### **INSTALACIÓN DEPORTIVA**

- Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo

- Estadio de Atletismo

- Pavillón nº 1 coa súa Megafonía

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conceder 4 trofeos e 200 medallas para os vencedores, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 388,60 € e 7 agasallos para o IES participantes da remesa existente da Fundación de Deportes.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non

estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de elementos inflamables, explosivos ou similares no interior da instalación.”

- **7ª Resolución con data 13/03/19** .- “1.- Remisión da solicitude do Club Ciclista Xiabre de autorización do percorrido (folla adxunta) da XXIII MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ, á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede. Indicándolle que parte do percorrido desenvólvese por vías que non son propiedade Municipal, polo que deberá presentar as correspondentes autorizacións da Xefatura Provincial de Tráfico e Xunta de Galicia.

2.- Autorizar ao citado Club, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para que os participantes poidan cambiarse antes do inicio e ducharse ao finalizar a devandita Marcha Ciclista, dende as 08:45 horas (cambiarse antes da proba) e, a partir das 13:00 horas (despois da proba). Así como comunícaselle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de 15 mesas para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Remitir á súa solicitude de autorización para o uso do recinto do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro (patio) á dirección do devandito Centro, para a súa aprobación se procede.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión e instalación dun palco e 6 carpas.

. Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a colaboración dos Departamento da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a súa colaboración de acordo ao seu escrito.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal



de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade

- **8ª Resolución con data 15/03/19** .- “1.- Autorización á Agrupación Deportiva Cortegada o uso das 4 pistas polideportivas do Recinto de Fexdega (1 sen medidas regulamentarias para baloncesto infantil) para o desenvolvemento do XVI TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, co seu equipamento deportivo, do 12 ao 14 de abril do presente ano, no seguinte horario:

Días	Concepto	Horas
12/04/2019	Montaxe	09:00-23:00 horas

13/04/2019	Desenvolvemento	08:15-23:00 horas
14/04/2019	Desenvolvemento	08:00-18:30 horas

O que xenerará parte do mesmo a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,16 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Ceder o material que a continuación se relaciona para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado:

- . 10 mesas.
- . Banquillos para xogadores suplentes de cada pista
- . 4 mopas para limpeza das pistas.

No relativo á utilización da furgoneta da Fundación de Deportes, pódese autorizar a realización do traslado de material necesario para o desenvolvemento do Torneo ao Recinto Fexdega e, sempre conducido por un traballador do Concello. Debendo na maior brevidade posible indicar día/s e hora, sempre na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, cesión de 5 carpas (indicando que para poder instalar as no interior do recinto Fexdega deberán ser inífugas), 400 cadeiras e mesas e bancos necesarios para 50 persoas (zona de cafetería).
- Departamento de Medio Ambiente, cesión de colectores para o lixo.
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha pancarta publicitaria do devandito Memorial na fachada do Recinto Fexdega.
- Departamento do Auditorio, cesión dun Equipo de Son.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, cunha ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios.
- Area de Comunicación, a súa petición da elaboración da cartelería do devandito evento.

5.- Remitir á Fundación Fexdega, a autorización do recinto de Fexdega para o desenvolvemento do devandito Memorial, no relativo aos espazos do citado recinto e material que a continuación se relaciona propiedade da mesma:

. Vestiarios para equipos (mascullinos e femininos) e árbitros.

. Habilitar 4 seminarios (equipaxe dos equipos), 1 dependencia para oficina e unha zoa de asistencia médica.

. Colocación das Bancadas supletorias en cada pista de xogo e a conexión de 3 tomas de corrente (pistas de xogo).

6.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios e aseos públicos do Recinto Multiusos de Fexdega, os días 13 e 14 de abril do presente ano, solicitando presuposto á empresa Clece, S.L., por importe de 62,62 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento). Comunicarlle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

7.- Conceder 300 medallas para os participantes, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 480,00 € I.V.E. incluído.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como a elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento, asinado por un Técnico competente onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación, no seu caso, deberá estar contemplado explicitamente no devandito plan.

8.2) Certificación do cumprimento da lexislación relativa á seguridade alimentaria (segundo indicado no apartado 4), o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s

Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

9.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

10.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **9ª Resolución con data 20/03/19** .- “1.- Cesión ao CPR San Francisco para a celebración da V CARREIRA SOLIDARIA LADESOL “CORRO POR TU SUEÑO”, o vindeiro día 24 do presente mes, o material que a continuación se relaciona e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado:

- . Un Arco Hinchable de Meta, fly banners e pancartas de publicidade

- . 3 Alargadeiras para os arcos hinchables e conos para o delimitar o circuito.

- . 4 bandeiras protocolarias

- . 1 Podium

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Servizo de Obras, a cesión de 11 carpas, 11 mesas, 20 cadeiras, 4 mastros vermellos para as bandeiras protocolarias e 200 valadas.

- . Concellería de Cultura, autorización do uso dos aseos, duchas e vestiarios dos camerinos do Auditorio Municipal.

. Concellería de Seguridade Cidadá, pola colaboración de:

-Protección Civil, con persoal no circuito, así como a presenza de dúas ambulancias e a instalación do hospital de campaña na praza da II República.

-Departamento da Policía Local, para os cortes de rúas e valado nos cruces do circuito, peche da saída de parkings, retirada de vehículos o día anterior, nas rúas sinaladas no seu escrito e colocación de carteis nos garaxes afectados.

-Servizo de Medio Ambiente, da cesión de 10 colectores de lixo (6 na praza da II República, 1 na andaina e 3 no avituallamento).

-Servizo de Electricidade, colocación de puntos de alumado na intersección das rúas Castor Sánchez cao Avda. da Mariña e outro para o arco hinchable de saída na TIR.

-Servizo do Auditorio, Equipo de Megafonía con micrófono con cable para o speaker.

3.- Lémbreselle conforme á Resolución do Sr. presidente con data 17/10/2018 que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da citada actividade-evento. Así como a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).”

- **10ª Resolución con data 20/03/19** .- “1.- Autorización en precario D. Jonathan López García, representante dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal da Torre, os mércores, de 18:00-20:00 horas, tempada 2018/19 , a partir do mércore seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro mercóres do mes de maio do 2019. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá ingresar previo uso da citada instalación, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 €, para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do

Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoseles automaticamente a súa autorización.”

- **11ª Resolución con data 25/03/19** .- “1.- Autorización ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, o uso do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “CLINIC VILAGARCÍA 2019 - O ADESTRAMENTO ACTUAL DO BASKET”, dirixido a adestradores, alumnos e mestres da Xunta de Galicia, os vindeiros días 14 e 15 de xuño do presente ano, no horario que a continuación se indica:

<u>DÍA</u>	<u>HORAS</u>
14/06/19	16:30-21:00 horas
15/06/19	09:30-13:30 horas 16:30-20:30 horas

Así como comunicáselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

3.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbra-se a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente."

- **12ª Resolución con data 25/03/19** .- "1.- Autorización á Federación Galega de Rugby, o uso do campo de herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa,, para a realización dun adestramento das Seleccións Galegas Sub18 e Sub16 femininas de Rugby, preparatorio á participación no Campionato de España de Rugby 7 por autonomías, o vindeiro día 7 de abril do presente ano, de 10:00-14:00 horas.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse polos participantes na citada actividade.
- 3.- Comunicarlle que deberá tomar todas as medidas preventivas co fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:
  - a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).
  - b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes."
- **13ª Resolución con data 27/03/19** .- "1.- Comunicación ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración do CAMPIONATO TERRITORIAL SUR de Bateis, no peirao de Vilaxoán, os vindeiros días 13 e 14 de abril do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do material solicitado.
- 2.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración do devandito Campionato.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión e instalación de 2 palcos toldados (o toldo pode substituírse por carpas do Concello).

. Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Megafonía.

. Área de Comunicación, a súa solicitude de realización de cartelería.

. Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de comunicación da devandita proba.

. Concellería de Cultura, a súa petición de colaboración co actuación do Grupo Nós.”

- **14ª Resolución con data 28/03/19** .- “1.- Autorización ao Club Atlético Arousana, o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da CONCENTRACIÓN DA LIGA PROMESA FEMININA – 25º ANIVERSARIO ATLÉTICO AROUSA, o vindeiro día 31 do presente mes, de 09:00-18:30 horas. O cal xenerará a realización dunha hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,52 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión da publicidade da Fundación de Deportes en plástico, banquetes para os dous campos e 5 mesas e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Obras, a cesión dunha carpa, 50 cadeiras e 50 valadas.

. Auditorio, a cesión dun equipo de Son.

. Área de Comunicación, a súa solicitude de realización da cartelería.

5.- Conceder ao citado club 17 trofeos recordatorios para os equipos participantes , solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 2165,75 €.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal



de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 04/03/19** .-“1.- Aprobación a realización da loxística e o gasto de coorganización coa Asociación CON ELES de Vilagarcía de Arousa e Special Olympics Galicia, para a celebración dos XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS SPECIAL OLYMPICS GALICIA, ano 2019, no Recinto de Fexdega, o vindeiro día 9 de marzo de 2019, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 28/12/2018, seguinte:
  - Adquisición de 360 medallas, por importe total de 576,00 €.
  - Material deportivo da Fundación de Deportes para o desenvolvemento das diferentes probas.-Recollida e devolución das mesas de Tenis de Mesa cedidas polo Concello de Cambados.
- 2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición das 360 medallas, a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 576,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- **2ª Resolución de data 13/03/19.**- “1.- Adxudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 4 trofeos e 200 medallas, para a entrega de premios do TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol e Baloncesto), a traves dun contrato menor de subministro, por importe total de 388,60 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- **3ª Resolución de data 20/03/19.**-“ 1.- Adxudicación á empresa CLECE, S.A., para a celebración do XVI TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios e aseos públicos do Recinto Multiusos de Fexdega, os días 13 e 14 de abril do presente ano, por importe de 62,62 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento), con cargo á partida 341-227,00.
- 2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para a celebración do devandito Torneo, a adquisición de 300 medallas, por importe total de 480,00 € I.V.E. incluído, con cargo á partida 341-226,9901.”
- **4ª Resolución de data 27/03/19.**-“ 1.- Adxudicación á empresa PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U., a través dun contrato Menor de Servizos, a realización do

mantemento preventivo fronte a Lexionelose para as instalacións de auga quente sanitaria (con duchas) das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, periodo do 01/04/2019 ao 31/03/2020, conforme a lexislación vixente, na que as instalacións deportivas que posúen instalacións auga quente sanitaria (con duchas), conforme ao Real Decreto 865/2003 do 4 xullo, polo que establecen os criterios hixiénicos-sanitarios para a prevención e control da lexionelose, posto que remata o contrato en vigor o vindeiro 31/03/2019 e aínda non iniciouse a tramitación dunha nova licitación por un importe total de 7.139,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 341-227,9902.”

### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 01/03/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de febreiro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.013,26 €.”
- **2ª Resolución con data 01/03/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de febreiro, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, que a continuación se relacionan, por importe total de 17.706,98 €.:  
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MOVETE CON NOS, S.L., pola factura nº 1, correspondente á realización das clases de aerobio e pilates, con motivo de cubrir as ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE INVERNO, ACTIVIDADE AEROBIC E PILATES, pola baixa laboral dun Técnico Deportivo, mes de xaneiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/01/2019, por importe de 1.742,40 €, con cargo á partida 341-226,09.  
2.- recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800001419F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de xaneiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800000719F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xaneiro, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-19017, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de xaneiro, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017 e a súa revisión de prezos conforme IPC pola Resolución do Sr. presidente con data 14/11/2018, por importe de 3.177,11 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-01/19, correspondente á realización das clases do II Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2018/19, mes de xaneiro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe de 848,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”

- **3ª Resolución con data 12/03/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas, mes de febreiro, correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e do Gas Natural do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, partes dos meses de decembro 2018 e xaneiro 2019, por importe total de 24.154,48 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02.”
- **4ª Resolución con data 13/03/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados correspondentes á inscrición do Curso Formativo “INSTRUCCIÓN EN IOGA”, realizado en modalidade On Line, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2019, por importe de 380,00 €, con cargo ás partidas 341-162,00.”
- **5ª Resolución con data 20/03/19**.- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de por D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación de Deportes, relativa aos gastos de locomoción, polos desprazamentos ao Pavillón Municipal de Bamio, para impartir as clases de Ximnasia de Mantemento, os martes e xoves do mes de febreiro, por importe total de 18,24 €, con cargo á partida 341-231,20.”

- **6ª Resolución con data 21/03/19.-** “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, polos gastos de locomoción, polo desprazamento a Braga (Portugal), o pasado día 12/03/2019, con motivo da celebración da Reunión do Grupo Temático de Deportes do Eixo Atlántico, por importe total de 97,70 €, con cargo á partida 341-231,20.”

**D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 13/03/19 .-** “1.- Aprobación das Follas de inscrición do 3º Curso das Actividades Física-Recreativas para Adultos (nados en 2.002 e anteriores), curso 2018/19.”
- **2ª Resolución con data 25/03/19 .-** “1.- Aprobación a D. Manuel Rodríguez Durán, a realización das prácticas deportivas en empresa, na Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, da titulación do curso de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.). Sen que iso implique relación funcionarial, laboral ou contractual algunha co Concello ou coa Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.  
2.- Que se asine o convenio específico para o desenvolvemento da Formación en Centros de Traballo co I.E.S. Miguel Ángel González Estévez, para a realización das devanditas prácticas en empresa.”
- **3ª Resolución con data 27/03/19 .-** “1.- Aprobación dado que a Fundación de Deportes, ostenta a condición de responsable civil subsidiario nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 0000587/2015, procede que a representación e defensa dos intereses do OOAA do Concello de Vilagarcía de Arousa, sexa exercida por Letrado.  
2.- Comunicar a presente resolución ao Letrado D. Pedro Palomino Barba, para que comparezca e se presente en nome e representación da Fundación de Deportes no recurso citado. Así como autorízase ao Sr. Palomino para o nomeamento dun procurador.”

**3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 4º TRIMESTRE, ANO 2018.**

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 4º trimestre 2018 (1 de outubro ao 31 de decembro 2018), no que a 31/12/2018 non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprando o prazo de pago de 30 días.

O Consello Reitor queda sabedor.

**4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 4º TRIMESTRE DE 2018, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada do 4º trimestre de 2018 en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL POR IMPORTE TOTAL DE 15.182,71 €, POR TRATARSE DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO XA PECHADOS, ANO 2018.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da Memoria da Presidencia e informe da Sra. interventora/delegada, relativo o recoñecemento extraxudicial a favor das empresas que a continuación se relacionan, por importe total de 15.182,71 €, por tratarse dun gasto do exercicio económico ano 2018, xa pechado:

. Naturgy-Gas Natural Servicios SDG, S.A., pola Relación de Facturas do subministro de enerxía eléctrica, por importe total de 14.567,25 €, correspondentes a varias instalacións municipais, con cargo á partida 341-221,00 e factura do subministro de gas natural, por importe de 576,96 €, con cargo á partida 341-221,02

. Integraldata Security, S.A., pola factura do aluguer dun colector para a destrución documentos con datos persoais, por importe de 38,50 €, con cargo á partida 341-22799,00.

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar o recoñecemento da obriga extraxudicial a favor das devanditas empresas, por importe total de 15.182,71 €, co desglose anteriormente sinalado.

**6.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2018.**

Pola Sra. interventora/delegada da conta da Liquidación do presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa do ano 2018, co seguinte resultado:

**RESULTADO ORZAMENTARIO:**

Obrigas Recoñecidas netas ..... 1.068.072,52 €

Dereitos recoñecidos netos .....	1.089.857,17 €
Resultado orzamentario .....	21.784,65 €
Desviacións positivas de financiamento .....	0,00 €
Desviacións negativas de financiamento .....	0,00 €
Gastos financiados con remanente líquido Tesourería .....	3.077,94 €
Resultado orzamentario axustado .....	21.784,65 €

Así como da conta da Resolución do Sr. presidente no que se aproba a citada Liquidación, cun resultado presupostario axustado que ascende á cantidade de 21.784,65 € e un remanente de Tesourería para gastos xerais positivo por importe de 230.015,08 €.

O Consello Reitor queda sabedor.

**7.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CONFORME AS BASES REGULADORAS DA “CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLO 2019-LIÑAS 2 E 3, CON CARGO Á LIÑA 2. PARA O PROXECTO DE GASTO CORRENTE NOVO: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, POR IMPORTE DE 6.000,00 €.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en sesión con data 15/02/2019 no que se aprobou conceder unha subvención á Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa (Fundación de Deportes), por importe de 6.000,00 €, ao abeiro da “CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLO 2019-LIÑAS 2 E 3”, publicadas no BOP, o pasado día 18/12/2018, con cargo á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, para o Proxecto de Gasto Corrente Novo: Limpeza das Instalacións Deportivas Municipais, cun orzamento de 12.000,00 €, conforme á solicitude feita por este organismo autónomo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 11/01/2019.

O Consello Reitor queda sabedor.

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO ECONÓMICO CO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB ATLÉTICO VILAXOÁN.**

Pola Sra. secretaria/delegada dá conta da Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, que dí literalmente o seguinte: “1.- Prestarlle a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB ATLÉTICO VILAXOÁN, no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes.

2.- Informar favorablemente á sinatura do Convenio Económico co citado Club así como, remitir a solicitude ao Consello Reitor para a súa aprobación, se procede.

3.- Comunícaselle que no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar certificacións Orixinais ou Fotocopias Compulsadas, das Administracións correspondentes de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda e Recadación Municipal e, ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes (ABANCA, ES16 2080 5067 1130 4003 1153) a cantidade de 100,00 €, en concepto de fianza-depósito para garantir o correcto uso das instalacións. Advírteselle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude, o que conlevará o arquivo da mesma.”. Así como indica que foi presentada toda a documentación requerida e o ingreso da fianza-depósito.

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar o Convenio Económico co Club/Entidade Deportiva CLUB ATLÉTICO VILAXOÁN, coa bonificación do 100% do importe do prezo público correspondente e para a realización das Actividades Deportivas nas que estén Federados.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACLARACIÓN/MODIFICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO REITOR EN SESIÓN CON DATA 25/05/2016, RELATIVO AOS CRITERIOS A SEGUIR DAS BONIFICACIÓNS DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ACTIVIDADES NON FEDERADAS (CAMPUS, ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERÁN).**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local en sesión con data 12/11/2018, relativo ao recurso de alzada presentado pola Asociación Cultural e Deportiva Encestarías contra a resolución do Sr. presidente da Fundación de Deportes con data 27 de xullo de 2018 e pola que aproba modificar a bonificación do 50% ao 100% para a organización do seu campus deportivo ao considerar que teñen actividade federada de base e que se someta ao Consello Reitor ao efecto de aclarar/modificar o acordo adoptado en data 25 de maio de 2016. Así como dáse conta do informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

Interven o Sr. director Deportivo que sinala as dúas formas de establecer o criterio da bonificación do 100%, quedando da mesma maneira na que se aprobou ou incluír a esta o seguinte: “mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa”.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar a modificación dos criterios a seguir para as bonificacións dos prezos públicos das devanditas Actividades non Federadas (Campus, Escolas Deportivas de Verán) quedando da seguinte maneira:



a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa.

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

## **10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2018.**

Polo Sr. Director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2018 e, indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2018, desglosadas nos seguintes apartados:

### **1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS**

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade.

1.1.1.- Curso 2017-18

1.1.2.- Curso 2018-19

1.2.- Escola Multideportiva.

1.2.1.- Curso 2017- 18

1.2.2.- Curso 2018- 19

1.3.- Escola Deportiva de Base.

1.3.1.- Curso 2017-18

1.3.2.- Curso 2018-19

1.4.- Escolas Náuticas Municipais

1.4.1.- Escola de Vela

1.4.2.- Escola de Piragüismo

1.4.3.- Escola de Remo

1.4.4.- Escola de Salvamento

### **2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS**

2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2017-18

2.1.1.- Curso de Ximnasia de mantemento

2.1.2.- Curso de Ximnasia acuática

2.1.3.- Curso de Aeróbic

2.1.4.- Curso de Badminton

- 2.1.5.- Curso de Tai Chi
- 2.1.6.- Curso de loga
- 2.1.7.- Curso de Pilates
- 2.1.8.- Curso de Ximansia Funcional
- 2.1.9.- Curso de Circuito Training
- 2.1.10.- Curso de Estiramientos e Relaxación

#### 2.2.- 3º Curso de actividades de adultos 2017-18

- 2.2.1.- Curso de Ximnasia de mantemento
- 2.2.2.- Curso de Ximnasia acuática
- 2.2.3.- Curso de Aeróbic
- 2.2.4.- Curso de Badminton
- 2.2.5.- Curso de Tai Chi
- 2.2.6.- Curso de loga
- 2.2.7.- Curso de Pilates
- 2.2.8.- Curso de Ximansia Funcional
- 2.2.9.- Curso de Circuito Training
- 2.1.10.- Curso de Estiramientos e Relaxación

#### 2.3.- 1º Curso de actividades de adultos 2018-2019.

- 2.3.1.- Curso de Ximnasia de mantemento
- 2.3.2.- Curso de ximnasia acuática
- 2.3.3.- Curso de Aeróbic
- 2.3.4.- Curso de Badminton
- 2.3.5.- Curso de Tai chi
- 2.3.6.- Curso de loga
- 2.3.7.- Curso de Pilates
- 2.3.8.- Curso de Ximnasia Funcional
- 2.3.9.- Curso de Circuito Training
- 2.3.9.- Curso de Estiramientos e relaxación
- 2.1.10.- Curso de Estiramientos e Relaxación

### **3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN**

- 3.1.- Actividades Físico-deportivas
- 3.2.- Escola Multideportiva
- 3.3.- Competicións deportivas:
  - 3.3.1.- XVI Torneo de Tenis de Verán
  - 3.3.2.- II Torneo de Badminton de Verán
  - 3.3.3.- XV Carreira Nocturna
  - 3.3.4.- XXVI Memorial Adolfo Pedrido de Xadrez

3.4.- Vilagarcía a Mares:

3.4.1.- LV Travesía a nado ao Porto de Vilaxoan.

3.4.2.- XIV Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.

#### **4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.**

4.1.- Eventos coorganizados pola Fundación de Deportes.

4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2018 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

#### **11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAÚTICAS, DE PIRAGÜISMO, REMO, SALVAMENTO E, VELA, ANO 2019.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da proposta do Sr. presidente conforme ao Estudio elaborado polo Sr. director Deportivo, das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, de piragüismo, Remo, Salvamento e Vela, así como as súas follas de Solicitudes de Inscripción, dirixido a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2010-2003) e para un total de 130 prazas (30 prazas para piragüismo, remo e salvamento e 40 prazas para a escola de vela). Así como preséntase o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 9.800,00 €, desglosados da seguinte maneira:

<b><u>CONCEPTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>	<b><u>PARTIDA</u></b>
-SEGUROS DEPORTIVOS	1.200,00 .-	341-224
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE PIRAGÜISMO	2.000,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE REMO	2.000,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE SALVAMENTO	2.000,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE VELA	2.600,00 .-	341-227,9901
Total .....	9.800,00 €	

Polo Sr. director Deportivo leva a cabo unha breve explicación do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, de piragüismo, Remo, Salvamento e Vela.

O Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto das Escolas Deportivas Municipais Náuticas, de piragüismo, Remo, Salvamento e Vela, dirixido a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2010-2003) e para un total de 130 prazas (30 prazas para piragüismo, remo e salvamento e 40 prazas para a escola de vela).

2.- Aprobar o orzamento total de gastos para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 9.800,00 €, co desglose anteriormente sinalado.

3.- Aprobar as follas de solicitudes de inscrición das devanditas Escolas, nas que se aplique o prezo público establecido no Acordo Regulador nº 17 en vigor, para as Escolas Deportivas, por importe de 12,00 €.

## **12.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. presidente interven para comunicar que a Festa Local do Deporte, ano 2019, vaise pospoñer debido a que nas datas que se ven celebrando nos anos anteriores estarán en periodo electoral, polo que considera que non procede a súa realización, quedando nun principio prevista para o vindeiro mes de setembro. Así como informa que para a celebración de tres partidos do Campionato Europeo de Fútbol Feminino Sub19, tivo por causa de urxencia asinar o correspondente Convenio Económico coa Real Federación Galega de Fútbol para o uso do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, cunha bonificación do 100% e, que na vindeira reunión do Consello Reitor traeráse para ratificar.

Interven o Sr. Vilas que manifesta no relativo aos expedientes de subvencións que os Clubes/Entidades Deportivas presentaron, conforme ás convocatorias de subvencións, para a realización de actividades deportivas e Fomento do Deporte Federado, a través da administración electrónica, considera que se debe ser indulgente á hora da comprobación da documentación asinada manualmente, dado que moitas Federacións non teñen aínda sinatura dixital.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

**DÍA 13 DE MAIO DE 2019**

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día trece de maio de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera  
Vogaís: D. Ángel Eduardo Fernández Figuerias  
D. José Ramón Santorum Canto  
D. Ángel Francisco Vilas Fernández  
Dna. M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarminento  
Dna. Mónica M<sup>a</sup> Miguéns Iglesias  
Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco  
Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Excusan a súa asistencia a Sra. interventora/delegada, Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro, a Sra. vicepresidenta, Dna. Paola María Mochales e os Sres. vogais, D. Fernando Vicente Davila e D. Gaspar Antonio González Somoza.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta do Consello Reitor, da sesión ordinaria do catro de abril de dous mil dezanove, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO VINTE E NOVE DE MARZO AO DEZ DE MAIO DO PRESENTE ANO.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do vinte e nove de marzo ao dez de maio do presente ano, relativas a:

### **Mes de Marzo:**

### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 29/03/19** .- “Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de marzo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 4.343,97 €.”
- **2ª Resolución con data 29/03/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de marzo, correspondente a expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, que a continuación se relacionan, por importe total de 23.162,77 €:
  - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 190018, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de febreiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.
  - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 21, correspondente á adquisición de 156 medallas (52 de ouro, 52 de prata e 52 de bronce), celebración do IV TROFEO ATLETISMO MAZÍ- CIDADE DE VILAGARCÍA á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/02/2019, por importe de 265,20 €, con cargo á partida 341-226,9901.
  - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800003719F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de febreiro, ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe total de 9.813,09 €, con cargo á partida 341-227,00.
  - 4.- recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800004419F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de febreiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/02/2017, por importe de 2.126,38 €, con cargo á partida 341-

227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-19048, correspondente ao contrato de Servicios “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de febreiro, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017 e a súa revisión de prezos conforme IPC pola Resolución do Sr. presidente con data 14/11/2018, por importe de 3.177,11 €, con cargo á partida 341-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 1922, correspondente ao Contrato de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 1º trimestre (xaneiro, febreiro e marzo, ano 2019) aprobado pola Resolución da Sra. presidenta con data 07/04/2015 e Resolución do Sr. presidente de revisións de prezos con data 03/09/2018, por importe total de 1.651,41 €, con cargo á partida 341-227,9902.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de ESTRADA FERNÁNDEZ, SANDRA, adestradora do Club/Entidade Deportiva: Club Vilarousa Ximnasia, pola factura nº FAC003, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica, 1 grupo, mes de xaneiro, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

8.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-03/19, correspondente á realización das clases do II Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2018/19, mes de febreiro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe de 848,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

9.- Recoñecemento da obriga a favor de ESTRADA FERNÁNDEZ, SANDRA, adestradora do Club/Entidade Deportiva: Club Vilarousa Ximnasia, pola factura nº FAC006, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica, 1 grupo, mes de febreiro, curso 2018/19, aprobado

pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 34, correspondente á adquisición de 360 medallas, celebración dos XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS SPECIAL OLYMPICS GALICIA, ano 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/03/2019, por importe de 576,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 35, correspondente á adquisición de 4 trofeos e 200 medallas, para a entrega de premios do TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol e Baloncesto), aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 13/03/2019, por importe de 388,60 €, con cargo á partida 341-226,9901.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 190028, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de marzo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MOVETE CON NOS, S.L., pola factura nº 3, correspondente á realización das clases de aerobio e pilates, con motivo de cubrir as ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE INVERNO, ACTIVIDADE AEROBIC E PILATES, pola baixa laboral dun Técnico Deportivo, mes de febreiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/01/2019, por importe de 1.742,40 €, con cargo á partida 341-226,09.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MOVETE CON NOS, S.L., pola factura nº 4, correspondente á realización das clases de aerobio e pilates, con motivo de cubrir as ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE INVERNO, ACTIVIDADE AEROBIC E PILATES, pola baixa laboral dun Técnico Deportivo, mes de febreiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/01/2019, por importe de 1.524,60 €, con cargo á partida 341-226,09.”

#### **Mes de Abril:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 01/04/19 .-** “1.- Comunicación ao Club Deportivo Depornautic Arousa, para a celebración da II REGATA DA LIGA GALEGA DE KAYAK DE MAR, categorías cadete, junior, senior e veterán, no peirao de Paisaxeiros do Porto de



Vilagarcía de Arousa, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, deberá ter as correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria e Capitanía.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita Regata.

3.- Aprobar a cesión da publicidade da Fundación de Deportes, e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Concellería de Cultura, para a inclusión no programa das Festas de Santa Rita.
- . Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun Equipo de Son.
- . Área de Comunicación, elaboración e impresión da cartelería, así como a rolda de prensa da presentación da devandita Regata
- . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de 2 embarcacións.”

- **2ª Resolución con data 02/04/19** .- “1.- Autorización á REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL, o uso do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, os vindeiros días 3, 6 e 9 de abril do presente ano, no horario que a continuación se relaciona, para a celebración de tres partidos do CAMPIONATO EUROPEO SUB19 DE FÚTBOL FEMININO 2019:

<b><u>PARTIDO</u></b>	<b><u>DÍA</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
Hungría-Irlanda	03/04/2019	Ás 13:00 horas
Irlanda-Serbia	06/04/2019	Ás 13:00 horas
Serbia-Hungría	09/04/2019	Ás 18:30 horas

E dado o seu carácter social, formativo e deportivo apróbase por urxencia, dado que non existe Consello Reitor antes da celebración do devandito Campionato, a suscripción dun Convenio Económico coa devandita FEDERACION para a utilización do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, cunha redución do 100% nas tarifas, conforme ao Acordo Regulador nº17 do Prezo Público pola utilización das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros servizos, que no seu Art. 17 estipula a posibilidade de realizar Convenios Económicos para a utilización das Instalacións

Deportivas Municipais ao ser declarado de interese social, formativo e deportivo e, que se asine o mesmo con anterioridade á celebración dos partidos.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración:

Departamento de Obras, a cesión de 7 mastros de bandeiras.

Departamento de Protocolo, a cesión de bandeiras oficiais

Concellería de Seguridade Cidadá, Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a colaboración de Protección Civil, coa presenza dunha ambulancia.

Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local, para a reserva de estacionamento para 2 autobuses e 7 vehículos, os días dos partidos, na Avda. de Matosinhos.

3.- Aprobar os gastos que a continuación se relacionan:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
SERVIZO MÉDICO	450,00 €
ADQUISICIÓN DE FROITA E AUGA	247,20 €
ÁGAPE PARA AS AUTORIDADES	209,88 €
LIMPEZA E ADQUISICIÓN DE CELULOSAS	59,29 €
Total .....	966,37 €

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **3ª Resolución con data 08/04/19** .- "1.- Cesión ao Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do Campionato Provincial de Xadrez, os vindeiros días 17, 18 e 19 de xaneiro de 2020, a cesión de 12 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Departamento de Obras, a cesión de 200 cadeiras e 20 mesas pregables brancas.

Concellería de Cultura, a cesión das dependencias do Auditorio Municipal sinaladas no seu escrito.”

- **4ª Resolución con data 08/04/19** .- “1.- Remisión da solicitude do Club Olímpic-Vilagarcía, para a celebración da Macroexhibición de Taekwondo e Zumba SANTA RITA 2018, o vindeiro día 18 de maio do presente ano, da Praza da II República de Vilagarcía de Arousa, de 16:00-21:00 horas (montaxe, desenvolvemento e desmontaxe), á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Aprobar a realización do transporte do tapiz dende o ximnasio á Praza de Galicia e Praza da II República e regreso, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 6 mesas e 300 cadeiras.

. Departamento da Policía Local, a cesión de 50 valadas de plástico amarelas e azuis.

. Departamento de Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

. Departamento de Medio Ambiente, a cesión de 2 colectores de lixo.

. Área de Comunicación, a súa solicitude de elaboración de 100 carteis publicitarios do devandito evento.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.”

- **5ª Resolución con data 09/04/19** .- “1.- Comunicación ao Club Ciclista Lobeira que do 29 de abril ao 27 de maio do presente ano, está previsto a celebración de diversas Feiras no Recinto Fexdega, polo que se ten que desviar toda a actividade da Fundación de Deportes e dos Clubes/Entidades Deportivas que se levan a cabo no devandito Recinto.

2.- Trasladar á Concellería de Promoción Económica, para a súa aprobación, se procede, da viabilidade da autorización da parte exterior do Recinto de Fexdega, para a saída e chegada e, o uso dos vestiarios, para a celebración da XXIV MARCHA CICLOTURISTA CLUB CICLISTA LOBEIRA, o vindeiro día 19 de maio do presente ano pola mañana.

3.-. Requerir ao devandito Club, que no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar o percorrido da citada Marcha, para poder darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe e, posteriormente remitir o seu expediente de autorización do desenvolvemento da citada Marcha Cicloturista á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede.

4.- Comunicarlle que, unha vez teñan todas as autorizacións oportunas, así como o lugar de saída e chegada, procederase á aprobación da cesión dun Equipo de Son e 6 mesas.

5.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita Marcha cicloturista.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade.”

- **6ª Resolución con data 09/04/19** .- “1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso das 4 pistas polideportivas do Recinto de Fexdega (1 sen medidas regulamentarias para baloncetsto infantil), para a celebración da “XXIII EDICIÓN DA VILAGARCÍA

BASKET CUP”, de 08:30-22:00 horas, os días 18, 19 e 20 do presente mes. O que xenerará por tratarse de días festivos, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,16 €/h., con cargo á partida 341-151/13001. Así como o montaxe o vindeiro día 17 do presente mes, debendo indicar na maior brevidade posible, o horario necesario e sempre, na franxa horaria de apertura da citada instalación.

2.- Autorizar o uso do Pavillón Municipal Castelao e o seu equipamento deportivo, os citados días e, debendo na maior brevidade posible indicar o horario de apertura e peche necesarios da citada instalación.

3.- Autorizar o uso dos pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmao e o seu equipamento deportivo, o vindeiro día 18 do presente mes, de 13:00-22:00 horas.

4.- Comunicarlle que deberá deixar todas instalacións autorizadas, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na devandita actividade.

5.- Remitir á Fundación Fexdega, a autorización dos espazos do Recinto Multiusos de Fexdega que a continuación se relacionan, os días e horas sinalados anteriormente.

- . Uso dos 2 vestiarios, gabinete médico, seminario e unha oficina para gardar o material preciso para a competición.
- . Uso do espazo de cafetería.
- . Uso dos tramos de graderíos para colocar en cada pista polideportiva.

No relativo ao servizo de cafetería, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente. Así como lembraselles a prohibición da venda de bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente, cumprimento estrito da lexislación, en concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc... en relación ao tema. Debendo presentar antes do inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a atender a cafetería), durante o desenvolvemento do citado Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Ceder o material, así como a realización dos traballos que a continuación se relacionan, para o desenvolvemento do devandito Torneo no Recinto Fexdega e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:

- . 5 xogos de canastras adaptables a minibasket e 2 xogos de minibasket do Recinto Fexdega; 1 xogo de canastras categoría absoluta e 1 xogo de minibasket do Pavillón Municipal Castelao; e 1 xogo de canastras de minibasket do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
- . 3 marcadores portátiles e 1 marcador de parede da propia instalación (Recinto Fexdega).
- . Repaso da marcaxe dos 4 campos de baloncesto, categoría absoluta do Recinto Fexdega.
- . A colocación dos tramos de graderíos en cada pista polideportiva, supeditada á dispoñibilidade de tempo, debido á celebración dunha Feira, celebrada a primeira quincena do presente mes, que imposibilita a levar a cabo os traballos coa suficiente antelación.

7.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de Cesión de 400 cadeiras, 100 valadas, o montaxe de dous Palcos (escenario) de 80 m<sup>2</sup> (10X8) e outro de 8 m<sup>2</sup> (8x4), mesas e bancos para comer 200 persoas e, 10 carpas (indicando que para poder instalar as no interior do recinto Fexdega deberán ser inífugas).
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha lona xigante co logo de Vilagarcía Basket Cup no exterior do Recinto Fexdega, así como das pancartas do interior.
- Departamento do Auditorio, unha megafonía de calidade para a zona de ocio.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil (ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios).
- Área de Comunicación, a impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.

8.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios e aseos públicos do Recinto Fexdega, os días 18, 19 e 20 do presente mes, solicitando presuposto á empresa Clece, S.L., por importe de 156,56 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento). Así

como comunícaselle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta para o seu uso o luns día 22 do presente mes.

9.- Conceder 6 trofeos para os diferentes gañadores das categorías disputadas, solicitando presuposto á empresa BARRAL NÚÑEZ, MAR, por importe total de 354,00 € I.V.E. incluído.

10.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

11.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

11.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como a elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento, asinado por un Técnico competente onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación, no seu caso, deberá estar contemplado explicitamente no devandito plan.

11.2) Certificación do cumprimento da lexislación relativa á seguridade alimentaria (segundo indicado no apartado 6), o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

12.- Comunicarlle que no caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

13.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **7ª Resolución con data 10/04/19** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, o uso dos pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “II CAMPUS ENCESTARÍAS 2019”, dirixidos a xogadores de 10 a 20 anos, nados entre 2009 e 1999, do 8 ao 13 de xullo do presente ano, de 09:00-13:00 horas e de 16:30-19:30 horas.

2.- Comunicarlle que no caso de aprobarse o horario de 16:30-17:00 horas solicitado dende o día 8 ao 12 (luns a venres) e de 16:30-19:30 horas o día 13 (sábado) de xullo do presente ano, conlevaría un incremento do prezo público conforme Acordo Regulador nº 17, ao atoparse as citadas franxas horarias, fora do horario de apertura e peche da instalación, polo que se incrementará en 0,60 €/hora o uso de cada pavillón e, 10,42 €/hora polo custo do persoal. Debendo na maior brevidade posible sinalar o horario de tarde que vai utilizar.

3.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

4.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 04/04/2019, que dí literalmente o seguinte: “...O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar a modificación dos criterios a seguir para as bonificación dos prezos públicos das devanditas Actividades non Federadas (Campus, Escolas Deportivas de Verán) quedando da seguinte maneira:

a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa.

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.”

Correspondéndolle ao devandito Club unha bonificación do 50% dos prezos públicos, por ser un Club rexistrado na Fundación de Deportes. Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondéndolle a esta actividade un total de 8 becas (de 80 prazas ofertadas), para a inscrición de oito alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso



Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

5.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos (co desglose de tipo de solicitudes de inscrición segundo o seu escrito) do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso dos citados pavillóns, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº 17 que a continuación se indica:

#### **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

##### **TARIFAS:**

Tarifa Mínima	% S/Ingresos
<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores 6,00	10%
<b>Instalacións interiores 9,00</b>	<b>10%</b>

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.”

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade

alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **8ª Resolución con data 11/04/19** .- “1.- Traslado da solicitude da Federación Galega de Vela (a traves do Centro de Técnicación de Vela de Vilagarcía de Arousa), para a celebración do Campionato de España clase 420, do 12 ao 22 do presente mes ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, da cesión de 80 valadas para delimitar as distintas zonas de varada das embarcacións.”
- **9ª Resolución con data 11/04/19** .- “1.- Traslado da solicitude da Asociación Cultural e Deportiva Raspa, para a celebración do Campionato de Pesca Submariña, o vindeiro día 28 do presente mes ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, da cesión de 10 valadas, 2 carpas e 40 cadeiras.  
2.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita proba.”
- **10ª Resolución con data 11/04/19** .- “1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia Rítmica en precario, o uso do Pavillón Municipal da Torre, para o desenvolvemento de adestramentos de vacacións de Semana Santa dos seus deportistas, os vindeiros días 15, 16 e 17 do presente mes, de 10:00-13:30 horas  
2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.  
3.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.  
4.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **11ª Resolución con data 11/04/19** .- “1.- Autorización á Agrupación Deportiva Cortegada, o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento de adestramentos de vacacións de Semana Santa dos seus equipos Junior autonómico e, cadete autonómicos e zonais, os vindeiros días 15 e 16 do presente mes, de 09:00-13:00 horas e o día 17 do presente mes, de 11:00-13:00 horas, dado que na franxa horaria de 09:30-11:00 horas coincide con outra actividade autorizada con anterioridade.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

3.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

4.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **12ª Resolución con data 11/04/19** .- “1.- Autorización ao Club Atlético Arousa, o uso de medio Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento de adestramentos do seu equipo de preparación da Copa Gallaecia, os vindeiros días 12 e 26 do presente mes, de 20:00-21:30 horas

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

3.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de

Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

4.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **13ª Resolución con data 11/04/19** .- “1.- Autorización ao Basket Base Club, o uso do Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento de adestramentos de vacacións de Semana Santa dos seus equipos, os vindeiros días 15, 16 e 17 do presente mes, de 10:00-11:30 horas

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

3.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

4.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **14ª Resolución con data 24/04/19** .- “1.- Autorización á ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL, o uso do pavillón Municipal de da Torre, para poder levar a cabo o desenvolvemento de actividades físico-deportivas coas persoas con unha enfermidade mental grave e duradeira, os mércores, de 10:30-13:30 horas, tempada 2018/19. Debendo previo ao uso, indicar quen será o/s responsable/s nas citadas actividades, que deberá estar presente, no horario autorizado.

2.- Comunicaselles que deberán deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunícaselles que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 03/04/19** .- “1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, a realización do servizo médico e as adquisicións do seguinte material, para a celebración de tres partidos do CAMPIONATO EUROPEO SUB19 DE FÚTBOL FEMININO 2019, por importe total de 966,37 € (I.V.E. incluído):

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
DEPORTMEDI, C.B	SERVIZO MÉDICO	450,00 .-	341-226,09
DISTRIBUCIONES FROIZ S.A	FROITA E AUGA	247,20 .-	341-226,09
AROUSA HERMANOS GONGAL, S.L ÁGAPE		209,88 .-	341-226,09
